

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 52

Sesión plenaria
20 de maio de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Comparecencia

25390 (12/CPP-000049)

Do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre as políticas da Xunta de Galicia en materia de prevención de enfermidades e vacinación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 197f2, do 14.052025

Punto 2. Mocións

2.1 25097 (12/MOC-000062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a postura do Goberno galego verbo da posibilidade de superar o actual sistema de financiamento da comunidade, así como de negociar unha quitación da débeda (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 22890, publicada no BOPG núm. 185f2, do 9 de abril de 2025, e debatida na sesión plenaria do 6 de maio de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 197f1, do 14.052025

2.2 25144 (12/MOC-000063)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna

Sobre o modelo da atención prestada nos centros de menores e os seus recursos (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 22600, publicada no BOPG núm. 185f2, do 9 de abril de 2025, e debatida na sesión plenaria do 6 de maio de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 197f1, do 14.052025

2.3 25280 (12/MOC-000064)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a garantía de participación institucional dos axentes sociais no deseño das políticas de emprego en Galicia e o actual funcionamento do Consello Autonómico de Emprego e dos respectivos consellos provinciais e territoriais (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 22927, publicada no BOPG núm. 185f2, do 9 de abril de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 6 de maio de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 197f1, do 14.052025

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 16140 (12/PNP-001341)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ao abeiro do Plan de normalización da lingua galega á vista dos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística referidos ao número de galegofalantes

Publicación da inicitiva, BOPG nº 139, do 15.01.2025



3.2 20262 (12/PNP-001622)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe impulsar no marco do desenvolvemento dun plan de infraestruturas verdes e de conectividade e restauración ecolóxicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 162f1, do 26.02.2025

3.3 21655 (12/PNP-001728)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de medidas preventivas en materia de dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 175f1, do 19.03.2025

3.4 22056 (12/PNP-001771)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar á Mesa do Congreso dos Deputados co obxectivo de que permita o avance da tramitación da proposición de lei orgánica relativa á transferencia a Galicia da AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 179f1, do 26.03.2025

3.5 22601 (12/PNP-001834)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de adoptar un acordo para fomentar unha alimentación sustentable, de proximidade e de calidade na compra pública alimentaria

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 182f1, do 02.04.2025

3.6 22920 (12/PNP-001861)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa mellora dos servizos ferroviarios en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 185f1, do 09.04.2025

Punto 4. Interpelacións**4.1 23959 (12/INT-000943)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis**

Sobre as estratexias previstas polo Goberno galego para a defensa dos sectores produtivos de Galicia ante a nova política arancelaria de Estados Unidos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 188f3, do 16.04.2025



4.2 24272 (12/INT-000952)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de investigación do medio mariño e a eventual creación dunha comisión que coordine o traballo dos diferentes centros de estudo nesta materia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

4.3 24427 (12/INT-000960)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna**

Sobre o impulso e a elaboración consensuada por parte do Goberno galego dun plan de mellora educativa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**5.1 25219 E C.E. 25408 (12/POPX-000043)****Grupo Parlamentario Mixto****Ojea Bouzo, Armando**

Sobre os compromisos que pensa asumir o Goberno galego cos emprendedores de orixe familiar ourensá residentes en México para impulsar o seu investimento en Galicia, singularmente na provincia de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 197f2, do 14.05.2025

5.2 25382 (12/POPX-000044)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a adopción por parte do Goberno galego das medidas que necesita a atención aos problemas do ámbito da saúde mental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 197f2, do 14.05.2025

Punto 6. Preguntas ao Goberno**6.1 25362 (12/PUP-000110)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma**

Sobre o tempo de presenza do presidente da Xunta de Galicia no Centro de Coordinación Operativa da Estrada (Cecopi) nas xornadas da caída xeral do sistema eléctrico do 28 e 29 de abril

Publicación da iniciativa, BOPG nº 197f2, do 14.05.2025

6.2 16694 (12/POP-002560)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e dous deputados/as máis**

Sobre a disposición da conselleira de Política Social e Igualdade a atender as peticións do alcalde de Foz relativas á xestión da residencia e centro de día desta localidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 144f1, do 24.01.2025



6.3 18945 (12/POP-002925)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón Tomás e dous deputados/as máis**

Sobre as demandas do persoal da residencia de maiores de Caranza, en Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025

6.4 22873 (12/POP-003475)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Sanz Arias, Cristina e oito deputados/as máis**

Sobre os beneficios fiscais acadados polos galegos en 2024 nos gravames que xestiona a Xunta de Galicia en relación coa adquisición de vehículos que tributan ao 3 por cento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 185f2, do 09.04.2025

6.5 24859 (12/PUP-000106)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis**

Sobre o conflito que afecta a cooperativa de vivendas en alugueiro social de Xuxán, na Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 197f2, do 14.05.2025

6.6 25380 (12/PUP-000111)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir que as parcelas do Parque Ofimático da Coruña adxudicadas a Galivivienda sexan realmente vivendas de alugueiro social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 197f2, do 14.05.2025

6.7 16225 (12/POP-002404)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e dous deputados/as máis**

Sobre as estatísticas das cardiopatías na Área Sanitaria da Coruña e Cee e na de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140f1, do 16.01.2025

6.8 24692 (12/POP-003634)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Grueira Fernández, Nicole e nove deputados/as máis**

Sobre as novidades que incorpora o novo Plan estratéxico de xuventude 2025-2027

Publicación da iniciativa, BOPG nº 195f1, do 07.05.2025

6.9 24449 (12/POP-003603)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis**

Sobre as previsións da Consellería do Mar no que atinxe á realización dun estudo do impacto ambiental, económico e social da fábrica de Altri sobre o río Ulla e a ría de Arousa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre as políticas da Xunta de Galicia en materia de prevención de enfermidades e vacinación. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño). (Páx. 11.)

Rolda dos grupos parlamentarios: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 17.), Sra. Espinosa Mangana (S) (Páx. 18), Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 21.) e Sra. Amigo Díaz (P) (Páx. 24).

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño). (Páx. 27.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 31.) Nesta rolda interveñen a señora Espinosa Mangana (S) (Páx. 31.), a señora Prado Cores (BNG) (Páx. 33.), a señora Amigo Díaz (P) (Páx. 35.) e o señor conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño) (Páx. 37.).

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a postura do Goberno galego verbo da posibilidade de superar o actual sistema de financiamento da Comunidade, así como de negociar unha quitación da débeda. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada á moción. (Páx. 39.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 40.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Iglesias Rey (S). (Páx. 43.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 45.), Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 45.).

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 49.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ariadna Fernández González, sobre o modelo da atención prestada nos centros de menores e os seus recursos. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Fernández González (BNG). (Páx. 50.)

Intervención dos grupos parlamentarios: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 53.), Sra. Longueira Castro (S) (Páx. 53.) e Sra. Arias Rodríguez (P) (Páx. 55.).

Nova intervención da señora Fernández González (BNG). (Páx. 58.)



Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a garantía de participación institucional dos axentes sociais no deseño das políticas de emprego en Galicia e o actual funcionamento do Consello Autonómico de Emprego e dos respectivos consellos provinciais e territoriais. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 59.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Pax. 62.), *Sr. Fernández Alfonso (BNG)* (Páx. 62.) e *Sra. Pérez López (P)* (Páx. 64.).

Nova intervención da señora Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 67.)

Votación das mocións

A señora Iglesias Rey (S) e o señor Pazos Couñago (P) piden a votación por separado de diferentes puntos da moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Olalla Presas Bergantiños, que non é aceptada. (Páx. 68.)

Votación da moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a postura do Goberno galego verbo da posibilidade de superar o actual sistema de financiamento da Comunidade, así como de negociar unha quitación da débeda: *rexeitada por 25 votos a favor, 37 en contra e 10 abstencións.* (Páx. 69.)

Votación da moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ariadna Fernández González, sobre o modelo de atención prestada nos centros de menores e os seus recursos: *rexeitada por 35 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 69.)

Votación da moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a garantía de participación institucional dos axentes sociais no deseño das políticas de emprego en Galicia e o actual funcionamento do Consello Autonómico de Emprego e dos respectivos consellos provinciais e territoriais: *rexeitada por 35 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 70.)

Suspéndese a sesión á unha e corenta minutos da tarde e retómase ás catro.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ao abeiro do Plan de normalización da lingua galega á vista dos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística referidos ao número de galegofalantes. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 70.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Pax. 73.), *Sra. Longueira Castro (S)* (Páx. 73.) e *Sr. Ferro Iglesias (P)* (Páx. 75.).

Nova intervención da señora Queixas Zas (BNG). (Páx. 78.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D. Carlos López Font, sobre as accións que a Xunta de Galicia debe impulsar no marco do desenvolvemento dun plan de infraestruturas verdes e de conectividade e restauración ecolóxicas. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica a autoemenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 79.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 80.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 82.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 84.) e *Sr. Trenor López (P)* (Páx. 87.).

Nova intervención da señora Castro Rey (S). (Páx. 89.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, sobre a demanda á Xunta de Galicia de medidas preventivas en materia de dependencia. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 91.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Longueira Castro (S).* (Páx. 92.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 95.) e *Sra. Arias Rodríguez (P)* (Páx. 97.).

A señora Longueira Castro (S) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 99.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar á Mesa do Congreso dos Deputados co obxectivo de que permita o avance da tramitación da proposición de lei orgánica relativa á transferencia a Galicia da AP-9. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 100.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodríguez Martínez (P).* (Páx. 101.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. López Font (S).* (Páx. 103.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 105.), *Sr. Ríos Santomé (BNG)* (Páx. 106.).

O señor Rodríguez Martínez (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 108.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de adoptar un acordo para fomentar unha alimentación sustentable, de proximidade e de calidade na compra pública alimentaria. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 110.)



Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Iglesias Rey (S) (Páx. 113.) e Sra. Sanz Arias (P) (Páx. 116.).

Nova intervención do señor Bará Torres (BNG). (Páx. 118.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa mellora dos servizos ferroviarios en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 120.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Trenor López (P). (Páx. 121.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. López Font (S). (Páx. 123.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 126.), Sr. Ríos Santomé (BNG). (Páx. 126.)

O señor Trenor López (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 128.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ao abeiro do Plan de normalización da lingua galega á vista dos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística referidos ao número de galegofalantes: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 en contra e 1 abstención.* (Páx. 130.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para pedir a votación separada do punto 2 da seguinte proposición non de lei, que é aceptada. (Páx. 131.)

Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D. CarlSos López Font, sobre as accións que a Xunta de Galicia debe impulsar no marco do desenvolvemento dun plan de infraestruturas verdes e de conectividade e restauración ecolóxicas: *rexeitado por 9 votos a favor, 37 en contra e 25 abstencións.* (Páx. 131.)

Votación dos demais puntos da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D. Carlos López Font, sobre as accións que a Xunta de Galicia debe impulsar no marco do desenvolvemento dun plan de infraestruturas verdes e de conectividade e restauración ecolóxicas: *rexeitados por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención..* (Páx. 131.)

Varios señores e señoras deputados discuten sobre as emendas presentadas á seguinte moción polos diferentes grupos e o texto que finalmente se debe votar. (Páx. 132.) *O señor presidente, despois de o consultar cos letrados do Parlamento, solicita a retirada da emenda do Grupo Popular e que se vote o texto transaccionado coa emenda do Grupo do Bloque Nacionalista Galego.* (Páx. 132.) *Finalmente, o*



señor Pazos Couñago (P) intervén para retirar a emenda do seu grupo e sinala que a partir dese momento os acordos lles sexan formulados por escrito. (Páx. 134.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, sobre a demanda á Xunta de Galicia de medidas preventivas en materia de dependencia: *rexeitado por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención. (Páx. 137.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar á Mesa do Congreso dos Deputados co obxectivo de que permita o avance da tramitación da proposición de lei orgánica relativa á transferencia a Galicia da AP-9.: *aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 137.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de adoptar un acordo para fomentar unha alimentación sustentable, de proximidade e de calidade na compra pública alimentaria: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención. (Páx.) 137.*

O señor López Font (S) intervén para solicitar unha votación por puntos para a seguinte proposición non de lei, que non é aceptada. (Páx. 138.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa mellora dos servizos ferroviarios en Galicia: *aprobada por 61 votos a favor, ningún en contra e 8 abstencións. (Páx. 138.)*

Suspéndese a sesión ás oito e corenta e cinco minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias. E, sen máis, entramos na orde do día.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre as políticas da Xunta de Galicia en materia de prevención de enfermidades e vacinación

O señor PRESIDENTE: Para iso, ten a palabra o conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Comparezo hoxe ante esta Cámara para falar dun eido da sanidade que, ás veces, non adquire no debate parlamentario a relevancia que de verdade debería ter e, por suposto, merece. Refírome ás políticas de saúde pública e, máis concretamente, ás políticas en materia de prevención primaria de enfermidades; máis concretamente, de vacinación.

Historicamente, a saúde pública centrouse no control de enfermidades transmisibles e na mellora das condicións sanitarias básicas. Hoxe, o seu enfoque é moito máis amplo e abrangue a prevención primaria e secundaria de enfermidades transmisibles e non transmisibles, a promoción e a protección da saúde, o fomento dos estilos de vida saudables e a seguridade ambiental e alimentaria. A saúde pública é un pilar fundamental do noso sistema sanitario, cun papel determinante no deseño das políticas sanitarias con repercusión directa na saúde dos cidadáns, e é, polo tanto, un factor clave no benestar social.

O enfoque que na Consellería de Sanidade lle damos á saúde pública é multidisciplinar, transversal e intersectorial. Iso fai que sexa e siga sendo a columna vertebral que dá resposta ás diferentes ameazas para a saúde da nosa sociedade. Isto conseguímolos a través de tres grandes áreas de organización: a prevención, a promoción e a protección da saúde pública, vertebradas todas elas pola vixilancia epidemiolóxica.

Porque, señorías, cómpre ter claro que os dispositivos asistenciais por si sós non son o principal factor determinante do noso nivel de saúde. A saúde gáñase ou pérdese tamén noutros terreos: antes do nacemento, na infancia, na adolescencia e na idade adulta. Nun mundo globalizado como no que vivimos, os problemas sanitarios adoitan transcender fronteiras, radicando a importancia desta disciplina na nosa concepción como sociedade. O exemplo desa aprendizaxe foi a pandemia provocada polo covid-19. A situación vivida puxo de ma-



nifesto a relevancia da saúde pública e fixo que a cidadanía galega comprendese definitivamente a importancia das políticas de vacinación, como medida colectiva para atallar unha enfermidade inmunoprevible, e da solidariedade fronte á individualidade.

Estas razóns leváronnos a que Galicia situase as políticas de saúde pública como pilar central do noso sistema sanitario, aumentando os seus recursos e o seu desenvolvemento. O orzamento que dedicamos a esta materia acada os 41 millóns de euros neste ano; unha cifra nada desprezable tendo en conta de onde vimos e un esforzo orzamentario que se incrementou especialmente nos últimos anos. Desde 2022 ata hoxe, en só tres anos, o investimento en políticas de saúde pública da Xunta medrou un 116 por cento.

Señorías, facemos esta aposta sabendo a importancia e os resultados que supón actuar preventivamente para limitar a aparición das enfermidades. A propia Organización Mundial da Saúde sinala que a inmunización é un dos mellores investimentos en saúde que as administracións poden chegar a realizar.

Precisamente por iso, o Programa galego de vacinación constitúe unha das liñas de traballo con máis historia entre as actividades para o fomento da saúde pública na nosa comunidade. Dentro do Programa galego de vacinación —como saben— atópase o calendario de vacinación infantil, posto en marcha en 1971. Na maioría das vacinas recollidas no calendario infantil, as coberturas superan o 99 por cento, destacando a cobertura do 100 por cento que acadamos na primeira dose da vacina hexavalente.

Pero a vacinación é unha medida de protección que non só se aplica na idade infantil, senón que tamén existe na idade adulta. Por este motivo, no 2017, aprobamos o primeiro calendario de vacinación de adultos para Galicia. A posta en marcha deste calendario permitiunos universalizar por primeira vez a vacinación contra trece tipos de pneumococo para todos os maiores de 65 anos na nosa comunidade autónoma. Co paso do tempo e coa experiencia adquirida, consideramos que, para unha abordaxe integral e para acadar un maior éxito na protección da poboación, era máis apropiado unificar a vacinación como un proceso continuo ao longo de todas as etapas da vida. Por ese motivo, no ano 2022 adoptamos a decisión de establecer un calendario vacinal para toda a vida, dando un paso importante para colocar a Galicia na vangarda da abordaxe da vacinación. *(Aplausos.)*

Foi un cambio na política pública de vacinación que pasou a entender esta como unha protección en todas as etapas da vida dunha persoa. Esta aposta da Xunta polas políticas públicas de inmunización permítenos —en palabras dos especialistas en vacinas— que Galicia dispoña do calendario de inmunización máis completo do mundo. Grazas a este novo calendario unificado, podemos estudar mellor as necesidades da poboación e incorporar as vacinas de cuxa eficacia, efectividade e seguridade hai evidencia.

Señorías, desde a aprobación do calendario vacinal para toda a vida, a sanidade pública galega foi incorporando novas vacinas que nos permitiron mellorar a protección dos galegos.

Entre estas vacinas, destaca a da prevención fronte á meninxite, unha enfermidade con consecuencias devastadoras que causa secuelas graves no longo prazo e unha alta taxa de mor-



talidade. Facer fronte a esta enfermidade continúa a ser unha prioridade máxima para a saúde pública galega, polo que nos dotamos cun sólido sistema de vixilancia da meninxite e un avanzado calendario vacinal, aliñado coa Organización Mundial da Saúde, para derrotar a meninxite no ano 2030.

Nestes anos, as melloras introducidas fronte á meninxite incluíron: a vacina tetravalente, aos catro e doce meses e tamén aos doce anos, con taxas de cobertura moi altas, do 96,2 por cento e o 97,4 por cento; a vacinación fronte ao meningococo B, que acadou unha cobertura do 95,6 por cento, e a vacina 20 valente de pneumococo para as persoas de 65 anos e tamén para os neonatos, o que nos situou como unha das primeiras comunidades en incluíla no seu calendario infantil. Tamén, co obxectivo de lograr unha protección directa dos nosos nenos e ademais unha protección indirecta da poboación xeral, no ano 2024, realizouse unha recaptación aos nados dous anos antes.

Continuando cos máis cativos, a incorporación da inmunización fronte ao virus respiratorio sincitial —comunmente coñecido como bronquiolite— supuxo un fito non só para Galicia, senón mundial. A introdución desta terapia de inmunización buscaba frear unha enfermidade que era unha das causas máis frecuentes de hospitalización en lactantes.

Na primeira tempada da súa posta en marcha, na campaña 2023-2024, un total de 13.374 nenos beneficiáronse desta protección, de forma que acadamos unha cobertura do 98,4 por cento nos nenos nados en campaña e do 91,8 por cento no grupo de recaptación. ¿Que supuxo isto? Pois, señorías, nos tres primeiros meses da súa posta en marcha, conseguimos evitar máis de catrocentos ingresos en lactantes de menos de seis meses, o que supón reducir un 90 por cento os ingresos en relación cos esperados. Esta drástica redución dos ingresos é o mellor exemplo da utilidade das vacinas e do impacto real que teñen na poboación. Na última campaña de vacinación repetimos altas coberturas de inmunización fronte ao virus respiratorio sincitial, cuns datos superiores ao 90 por cento nos nenos nados en campaña, e un 89,4 por cento no grupo de recaptación. Isto demostra a boa acollida da medida por parte das familias e a súa enorme eficacia na protección dos máis cativos.

En relación coa incorporación desta inmunización, a Escola Galega de Saúde Pública realizou distintos proxectos de investigación en colaboración con distintos institutos de investigación sanitaria. Un deles, o NIRSE-GAL, permitiu demostrar que esta inmunización amosa unha efectividade fronte ao virus do 82 por cento para evitar a hospitalización por esta infección en nenas e nenos acabados de nacer. Señorías, aínda que a priori isto lles poida aparecer unha pequena cousa, esta experiencia de inmunización situou a sanidade pública galega no mapa mundial en canto á innovación e protección da saúde se refire e xerou un crecente interese académico no campo das enfermidades infecciosas. A boa experiencia desta medida en Galicia fixo que países como Chile ou os Países Baixos seguisen o modelo galego e incorporasen aos seus programas de vacinación unha estratexia similar á nosa.

Tamén, grazas ao Programa galego de vacinación, desde o ano 2008, no caso das nenas, e desde 2022, no caso dos nenos, a Xunta de Galicia ofrece a vacina fronte ao virus do papiloma humano cando se cumpren os doce anos. Actualmente, a porcentaxe de adhesión a esta vacina en nenas, desde que se incluíu no seu calendario vacinal, está preto do cen por cento.



No caso dos nenos, a cohorte de 2010 chega a unha cobertura próxima ao 93 por cento. Inicialmente, esta vacinación só se realizaba para a poboación feminina, para previr o cancro de útero e determinadas patoloxías xenitais, pero a publicación de diferentes estudos científicos demostrou que o virus do papiloma humano tamén afecta patoloxías masculinas: cancro de pene ou cancro orofaríngeo. A subministración desta vacina supuxo un fito fundamental na prevención dos cancros asociados a este virus.

Conscientes da súa efectividade, de novo, quixemos ir máis lonxe. Por iso, en setembro de 2024, anticipándonos en varios meses ás recomendacións da Comisión Nacional de Saúde Pública, levamos a cabo unha ampliación para vacinar fronte ao virus do papiloma humano a todos os nenos de ata dezoito anos, (*Aplausos.*) co obxectivo de inmunizar 27.000 varóns nados entre o 2006 e o 2009. Pasamos tamén de dúas a unha única dose de vacinación, tanto para nenas como para nenos, atendendo ás evidencias científicas.

Sabendo da efectividade da vacina fronte ao virus do papiloma humano tamén en varóns, queremos seguir dando pasos no camiño da inmunización. Por iso, quero avanzarles que desde o vindeiro luns imos ampliar a vacinación fronte ao virus do papiloma humano aos varóns de ata 21 anos. Con esta medida, reforzaremos a estratexia de inmunización fronte a este virus, inmunizando 24.500 mozos varóns nados no 2004 e no 2005. (*Aplausos.*) Así, desde o vindeiro 26 de maio, os propios mozos ou as súas familias poden solicitar directamente cita para vacinarse fronte ao virus no seu centro de saúde. Lanzaremos unha campaña de difusión nos medios de comunicación con carteis como este, (*O señor conselleiro de Sanidade, Gómez Caamaño, amosa un cartel.*) e os propios profesionais da sanidade pública galega informarán estes mozos —poboación diana— da conveniencia de vacinarse.

No ano 2022 tamén, comezamos a administrar a vacina contra o herpes zóster por grupos de idade. Ata esa data, só se administraba a determinados grupos de risco, e, desde hai tres anos, estamos vacinando os maiores que cumplan 65 e 80 anos contra este virus.

Señorías, estas foron as principais incorporacións do novo calendario vacinal para toda a vida desde a súa posta en marcha, pero, se unha campaña de vacinación merece un lugar destacado, esa é a da gripe, que realizamos anualmente.

Cada outono, desde o ano 1991, a Consellería de Sanidade realiza a campaña de vacinación antigripal, e incorporou tamén nos últimos anos a inmunización fronte á covid. Esta campaña obtén unha alta cobertura, que garante tanto a protección individual como a protección colectiva, axudando a romper a cadea de transmisión do virus en Galicia.

Este éxito non sería posible sen a responsabilidade e colaboración dos galegos que, ano tras ano, acoden aos seus centros de saúde a vacinarse contra a gripe, e a quen queremos trasladar o noso agradecemento pola súa implicación e responsabilidade. Esta participación por parte da poboación permite que Galicia obteña das taxas de vacinación e, polo tanto, de protección, máis altas do Estado. A última campaña 2024-2025 demostrou, un ano máis, o compromiso dos galegos cunhas cifras de vacinación globais que alcanzaron as 700.155 persoas protexidas.



No que respecta aos máis cativos, a nosa comunidade foi unha das pioneiras na introdución da vacinación antigripal dos nenos e nenas de 6 a 59 meses como poboación diana para a vacinación antigripal. Esta decisión tomouse debido á alta carga de enfermidade e taxas de hospitalización neste grupo de idade, ao que se engaden as complicacións, como infeccións bacterianas secundarias e consumo de antibióticos asociados. Desde a introdución deste grupo etario, as coberturas dos máis cativos foron incrementándose ano tras ano. Na tempada 2022-2023, tivemos unha cobertura do 54,63 por cento; na tempada seguinte, alcanzamos o 55,68 por cento, e na tempada 2024-2025, acadamos unha cobertura de 65,68 por cento.

Cómpre lembrar que nesta última campaña introducimos a vacina intranasal da gripe para os nenos entre os 24 e 59 meses, co obxectivo de mellorar as taxas de cobertura. E lográmoslo. Esta medida tivo uns resultados que avalan a nosa decisión, cun incremento de dez puntos respecto da campaña anterior. Con datos definitivos deste ano, obtemos un 65,68 por cento da cobertura de inmunización dos máis pequenos fronte á gripe, superando en 5 puntos porcentuais o obxectivo establecido e superando en 17,58 puntos a media estatal.

Señorías, non nos conformamos. Queremos continuar protexendo os máis cativos da nosa comunidade. Por iso, tal e como xa avanzou o presidente da Xunta no marco do Debate sobre o estado da Autonomía, na campaña de vacinación de 2025-2026, ampliaremos a administración da vacina intranasal fronte á gripe ata os once anos, o que nos situará como pioneiros a nivel nacional. *(Aplausos.)* Ata o de agora, a vacinación intranasal fronte á gripe estaba dirixida aos nenos e nenas de entre 6 e 59 meses, polo que esta ampliación supón un paso máis na protección da poboación infantil fronte ao virus da gripe, e terá, sen ningunha dúbida, un enorme impacto.

De feito, na próxima campaña de vacinación, o total de potenciais beneficiarios aumenta en case 150.000 rapaces, acadando os 216.000 beneficiarios. O investimento previsto para esta acción na poboación infantil ascende a aproximadamente 2.350.000 euros, o que representa un incremento de 1,1 millóns de euros a respecto da tempada anterior. Para a súa implementación, poremos en marcha un programa piloto, en colaboración coa Consellería de Educación, para vacinar os nenos e nenas galegos fronte á gripe nos centros escolares. *(Aplausos.)* O noso obxectivo é aumentar a accesibilidade e facilitar a conciliación familiar, así como aumentar a equidade na vacinación. Levaremos este proxecto piloto a aproximadamente 19.200 escolares de educación infantil e primaria no curso 2025-2026. Para iso, as familias deberán autorizar previamente a vacinación e, posteriormente, un equipo de enfermería desprazarase ao centro educativo para realizar a vacinación.

En canto á poboación adulta, a vacinación fronte á gripe está indicada para persoas maiores de 65 anos, así como para os colectivos específicos en función do seu risco. Ano tras ano, Galicia destaca no nivel estatal nas cifras de cobertura que consegue na vacinación da gripe das persoas maiores, acadando nesta campaña os 511.350 maiores vacinados e unha cobertura do 71 por cento.

Por grupos etarios, a cobertura sofre variacións, e vemos como nas persoas de maior idade, a vacinación acada unha alta porcentaxe da poboación. Nos maiores de 85 anos, un 78,60



por cento da poboación está vacinada; entre 80 e 84 anos, están un 83,66 por cento, e entre 70 e 79 anos, a cobertura é do 70,89 por cento. Estes datos supoñen que teñamos a maior porcentaxe de maiores protexidos fronte ao virus da gripe de todo o Estado, superando en doce puntos a media das comunidades autónomas.

Señorías, o Goberno da Xunta sempre apostou polo reforzo na protección dos máis vulnerables. Por iso, desde o ano 2022, introducimos a vacina reforzada de alta carga, e, por iso, levamos a cabo un ensaio clínico, o Galflu, para testar a efectividade para a redución de hospitalizacións da vacina de alta carga fronte á vacina estándar da gripe. Este ensaio clínico, no que participaron máis de 134.000 persoas nas dúas tempadas nas que o levamos a cabo, foinos moi útil para tomar decisións clínicas, de saúde pública e de xestión. Permittiunos pór en marcha unha estratexia de xestión baseada na investigación internacional, de maneira que os resultados que se obteñan dos estudos de investigación nos sirvan para definir as estratexias de inmunización e avaliar as xa implantadas.

Avánzolles que, para seguir incrementando a protección dos nosos maiores, na vindeira campaña de vacinación ampliaremos a vacinación fronte á gripe coa vacina de alta carga a partir dos 70 anos de idade. Destinaremos 1,1 millóns máis do que investimos na campaña da gripe do ano anterior na inmunización dos maiores. A poboación inmunizada coa vacina de alta carga incrementarase en 220.000 persoas, acadando as 540.000 persoas.

Na Consellería de Sanidade estamos tamén a impulsar un novo modelo de xestión na adquisición de vacinas de alta carga da gripe, a través do modelo de acordo de risco compartido, baseado nos resultados en saúde e que nunca antes se levara a cabo no ámbito das terapias de inmunización. (*Aplausos.*) Con este acordo, pioneiro mundialmente, o que buscamos é impulsar un sistema de adquisición de vacinas que teña en conta os resultados na saúde da poboación e a efectividade real na vida dos pacientes. O investimento en vacinas non só debe depender das unidades adquiridas, senón tamén da efectividade real das vacinas ou do seu valor e impacto na saúde.

De maneira xeral, os altos índices de participación nas diferentes campañas de vacinación ao longo dos anos reflicten o comprometida que está a sociedade galega coa prevención de enfermidades. Estes datos permítennos situarnos nas primeiras posicións entre as comunidades autónomas que acadan as maiores coberturas. Isto débese ao inmenso esforzo de todos os profesionais sanitarios e non sanitarios que participan nas campañas, e á coidada e completa loxística posta a disposición desta actividade: iniciativas innovadoras como a citación activa a través de SMS, campañas de vacinación na fin de semana, emprego de códigos QR para axilizar a vacinación, listaxes de traballo identificando pacientes sen vacinar, habilitación de recintos de gran capacidade que permiten acadar un maior número de persoas vacinadas en menos tempo, e transparencia, publicando os datos de cobertura e a evolución da gripe. Boas prácticas e recursos que se replican noutras comunidades autónomas e tamén noutros lugares fóra do territorio nacional.

Estes recursos e a disposición favorable da poboación galega de cara á inmunización permitíronnos deseñar os dispositivos de vacinación de maneira distinta. Por exemplo, permittiunos simultanear os dispositivos de vacinación fronte á gripe e a covid, o cal posibilitou á



poboación diana recibir as dúas doses no mesmo momento e lugar. Esa decisión tivo un beneficio claro para a poboación, tanto para a accesibilidade como para a adhesión das persoas ás distintas campañas de vacinación. Galicia continúa a liderar no nivel nacional os datos de cobertura de vacinación fronte á covid. A nosa cobertura fronte a este virus é superior en vinte puntos porcentuais á media nacional en todas as franxas de idade nesta última tempada.

Insisto, señorías, que se de verdade hai algo que explique o éxito destas campañas é o elevado compromiso e confianza da cidadanía galega nos programas de vacinación.

Non podía rematar a miña intervención sen referirme ao conxunto de actividades destinadas a recoller, analizar, interpretar e difundir información relacionada co estado de saúde da poboación e cos factores que a condicionan. Todo o labor de prevención primaria, exemplificada na vacinación, vai da man da vixilancia epidemiolóxica, sen a cal moitas das medidas postas en marcha carecerían de sentido.

Nesta campaña da gripe, a nosa comunidade foi pioneira na posta en marcha das farmacias sentinela, unha rede pioneira de setenta farmacias que nos permitiu anticiparnos á evolución da gripe, a partir da venda de test de antíxenos e dos cinco antigripais máis consumidos, xunto cos datos de asistencia sanitaria en atención primaria e nas urxencias hospitalarias que recollíamos en directo. Esta rede de farmacias estivo despregada nas catro provincias e permitiu anticiparnos con quince días á evolución da gripe e das infeccións respiratorias agudas. É unha medida que, sen a colaboración dos colexios farmacéuticos como aliados estratéxicos do Plan sanitario de inverno, non sería posible.

Señorías, este exemplo demostra o compromiso que toda a sociedade galega ten coa saúde pública. Desde os profesionais sanitarios ata a poboación en xeral, todos están comprometidos coas políticas de prevención. Temos que seguir sendo quen de mellorar os niveis de participación nos programas de vacinación e, por conseguinte, na mellora da saúde de todos os galegos. Este é un traballo complexo que require da participación e o compromiso de múltiples actores, entre eles os que aquí hoxe nos atopamos. A colaboración, a promoción e a visibilización das políticas de saúde pública non entende ou non debería de entender de cores políticas; só entende de saúde e responsabilidade, que é a que lles pido tamén aos grupos da oposición.

Remato lembrando que en Galicia temos o privilexio de contar co calendario de vacinación máis completo do mundo.

Grazas pola súa atención. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios. Grupo Parlamentario Mixto. *(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)* Grazas.

Polo grupo Parlamentario socialista, a señora Espinosa.



A señora ESPINOSA MANGANA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e todas.

Bos día, señor conselleiro.

Grazas pola súa comparecencia e grazas pola información que nos transmitiu. Moita desa información coñecíamola a través dos medios de comunicación, outra pola páxina web da consellería e seguro que, en moitos casos, tamén como usuarios do Sergas, pero é información e son datos actualizados que nunca sobran. E quizais o debate de hoxe sexa un debate un pouco máis sosegado que noutras ocasións, ou iso esperamos. E, dado que non dispoño do mesmo tempo que vostede, vou tentar trasladar algún tema xeral, algunha preocupación e algunha pregunta.

Todos sabemos que as políticas de prevención de enfermidades non son novas. Desde hai tempo, traballouse para poñer en marcha medidas para previr enfermidades, pero quizais identificábanse exclusivamente coas campañas de vacinación, e era un pouco máis alleo á prevención o que eran a promoción de hábitos saudables ou os programas de detección temperá. Ou o medio ambiente, o que nos leva a falar hoxe tamén dun concepto moito máis amplo de saúde pública.

E do mesmo xeito que outros campos sufriron a súa propia evolución, a prevención ten estratexias e enfoques adaptándose aos avances científicos e ás necesidades da poboación, pero sempre mantendo o seu obxectivo de protexer a saúde da poboación, reducir a incidencia de enfermidades e diminuír a carga sobre sistemas sanitarios. Esa frase tan coñecida de «máis vale previr que curar», que moitas veces aplicamos incluso fóra do ámbito sanitario, creo que no ámbito sanitario si que é perfecta. Porque unha boa política de prevención lévanos no longo prazo a unha sociedade máis saudable, con menos enfermidades crónicas e menos gastos en tratamentos médicos, ademais de mellorar a calidade de vida das persoas e de construír comunidades máis seguras e resilientes.

Moitas veces, a Xunta de Galicia e o Partido Popular acúsanos ao Grupo Socialista de ser catastrofistas, de ser alarmistas. Pero, mire, señor conselleiro, somos unha oposición seria e responsable e, como dixo o noso secretario xeral —o señor Besteiro— no debate de investidura, seremos unha oposición útil e realista, e cando as cousas se fan ben ou relativamente ben non imos deixar de recoñecelo. E no noso grupo valoramos os esforzos que realizou a Xunta en materia de prevención de enfermidades, pero tamén queremos pór sobre a mesa as necesidades de ampliar ou mellorar estas políticas, como os anuncios que vostede fixo aquí —e que lle agradecemos—, pero tamén nalgún ámbito que ao mellor pasou un pouco máis por riba.

Pedímoslle investir en campañas de sensibilización e na promoción de estilos de vida saudables que acompañen esa detención precoz de enfermidades e que acompañen tamén a vacinación. Porque o Partido Popular dixo «non» a algunhas propostas que fixo o noso grupo e que puxo sobre a mesa neste sentido. Voulle dar soamente un dato moi concreto, que foi unha proposta debatida en comisión —que, como dicía, contou co voto en contra do Partido



Popular— en que pediamos campañas informativas sobre algún tipo de dieta, como as depurativas, que hoxe están en auxe e que tantos problemas están causando á saúde pública. Entón, eu preguntolle: ¿significa isto, señor conselleiro, que renuncian a este tipo de accións ou que o Partido Popular se habituou a dicir «non» a calquera proposta que fagamos os socialistas?

Tamén consideramos imprescindible fortalecer a colaboración entre profesionais da saúde, entre institucións educativas e organizacións sociais para promover hábitos saudables dende a infancia en toda a poboación galega. Porque, para os socialistas, a educación en saúde é tamén unha prioridade.

Unha das ferramentas ou das estratexias máis efectivas que temos para previr enfermidades e protexer a saúde pública é a vacinación, que foi clave na erradicación, control e redución de múltiples patoloxías ao longo da historia dende a súa introdución, alá polo século XVIII.

Pero tamén o sistema de vacinación se enfronta a novos retos, señor conselleiro: a desinformación, a reticencia á vacinación e o acceso desigual. E vou dar un paso dende o local ao global. Para lograr a erradicación —como a que se conseguiu das vexigas— foi imprescindible a acción a escala global, e a Organización Mundial da Saúde foi imprescindible apoiando campañas nos países en vías de desenvolvemento. Pero hoxe encontrámonos co negacionismo das vacinas promovido por figuras políticas como Donald Trump, ou incluso os socios do Partido Popular, como é Vox en varios gobernos, que poden ser realmente unha ameaza para a saúde pública.

Pero non só en vacinas —como antes dicía—. Tamén, pola importancia da Organización Mundial de Saúde. Estados Unidos tamén decidiu saír desa organización, bloquear as axudas ao desenvolvemento e paralizar o diñeiro de proxectos científicos. A min gustárame hoxe —ao noso grupo gustáranos hoxe— coñecer cal é a súa opinión sobre ese impacto global que poden ter no local, en materia de saúde pública, determinados acontecementos internacionais que están sucedendo.

E falando tamén de vacinas, señor conselleiro, a desinformación e a propaganda antivacinas socava a confianza e pode levar tamén a unha diminución da cobertura de vacinación, o cal aumenta o risco de brotes de enfermidades. E eu preguntolle tamén: ¿como pensa a Xunta de Galicia afrontar eses retos de desinformación e esa reticencia á vacinación en todos os recunchos de Galicia? Porque empezan a aparecer brotes que realmente nos preocupan.

Eu, señor conselleiro, tamén lle recordo que non quedan tan lonxe aqueles anos onde familias galegas viaxaban a Portugal con neveiras para comprar e traer vacinas para os seus fillos. Era o Partido Popular e era o mesmo Partido Popular de Rueda, polo que ten que entender que pensamos que, aínda que hoxe Galicia ten un bo sistema de vacinación, sempre nos queda esa desconfianza de que poidamos retroceder, e non queremos neste caso dar ningún paso atrás.

Pero tamén hoxe eu quero recoñecerlles a moitos papás e mamás e a algúns destacados profesionais a loita que mantiveron ata conseguir introducir no calendario vacinal, por exemplo,



a vacina da meninxite B, alá no ano 2016, ou máis recentemente, a vacina fronte ao virus do papiloma humano nos nenos. O noso agradecemento a eses pais, a esas nais, a eses profesionais que foron valentes e se adiantaron ás políticas de vacinación da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Finalizo xa, señor conselleiro, e formúlolle dúas preguntas:

¿Por que non está en marcha o Centro Galego de Control e Prevención de Enfermidades? Foi anunciado moitas veces. En primeiro lugar, no ano 2022 polo seu antecesor, que hoxe nos acompaña aquí, e, máis recentemente, en xaneiro do ano 2024, polo presidente da Xunta de Galicia, que dixo ademais que ía entrar en vigor no primeiro semestre do ano 2024.

Incluso quero recordarlle que neste caso sempre nos terá ao seu lado se se fan ben as cousas, pero tamén vostedes votaron en contra da creación dunha axencia galega da saúde pública, que nós propuxemos hai anos e que ía no sentido de reforzar o que hoxe trouxo vostede aquí.

Por iso, insisto nesa oposición útil e construtiva que queremos facer e moitas veces non nos deixan. Espero que poida responderme estas preguntas. Xa lle digo, recoñezo que o sistema non está mal. Vostedes hoxe viñeron falar aquí de enfermidades e de prevención de enfermidades e vacinación; dúas áreas onde, efectivamente, non somos un desastre, polo que seguramente lle resulta cómodo. Pero si saímos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non se ría, que eu lle dixen que recoñeciamos o seu labor, e quero que entenda o contexto no que llo vou dicir. Se saímos á rúa e preguntamos aos cidadáns, ninguén nos vai responder que temos un problema de saúde pública; están preocupados porque non teñen cita nun centro de saúde. Onte mesmo aparecía unha nota de prensa en que se dicía que nos centros de saúde en Vigo tardan un mes en conseguir unha cita para unha analítica. Hoxe espertamos coa noticia de que enfermos que están nunha lista de espera en Ourense terán que ser trasladados a unha clínica privada en Vigo para poder operarse.

A súa responsabilidade é enfrontarse a estes problemas, porque esta comparecencia que vostede fixo hoxe nos gustaría que se puidese repetir noutras ocasións e que a fixese no menor tempo posible, pero para falar da atención primaria, para falar de listas de espera, para falar de saúde mental, para falar de sobrecarga nos servizos...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Espinosa.

A señora ESPONSA MANGANA: ...—remato, señora presidenta— para falar de falta de recursos, de persoal, de financiamento e de sustentabilidade. Porque está moi ben falar do que falamos hoxe aquí —insisto, agradézollo e felicito o labor— pero, se non falamos dos outros temas, é que está desorientado respecto de cal é o problema real que ten a sanidade galega.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Prado Cores.



A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Moi bo día.

Bo día, conselleiro.

Eu, sinceramente, entendería a súa comparecencia de hoxe aquí falando de vacinas se estivesemos nunha situación normal da sanidade pública en Galiza, pero vostede sabe que non é así e que os problemas dunha punta a outra de Galiza non fan máis que aumentar, que agravarse, e isto fai que haxa cada día máis mobilizacións. E vostede, neste contexto, non vén falar de ningún dos graves problemas que ten a sanidade pública, e vén facer unha comparecencia botafumeiro; ¡botamos así un pouquiño de incenso...! E, claro, vostede vén sacar peito da prevención de enfermidades, fundamentalmente no sistema de vacinación, e di que a saúde pública é un pilar fundamental. Di que se lle adican 44 millóns de euros, o cal é unha gran fazaña, ¿non? Primeiro lémbrolle que non é nin o 0,80 por cento do orzamento de sanidade. É un pilar fundamental ao que non lle adican nin o 1 por cento do orzamento. ¡Nin o 1 por cento, conselleiro! Nin o 1 por cento. *(Aplausos.)*

O que se esqueceu de dicir é que o partido que sustenta o seu Goberno primeiro reduciu o orzamento en saúde pública ata deixalo tiritando ata o ano 2015. E agora non chega nin ao 1 por cento. Bueno, como para quitar peito non parece que sexa. Para quitar peito non parece que sexa sendo un pilar fundamental.

Eu non lle vou negar que hai un sistema de vacinación aceptable. Aceptable, si, si. Pero é que é pouco máis que ir aplicando a evidencia científica, señor conselleiro. Vostedes, que presumen tanto de innovación, o que están é aplicando a evidencia científica de que as vacinas intranasais teñen a mesma eficiencia cas intramusculares, e, polo tanto, non hai por que facer sufrir aos nenos. Ou outra serie de cuestións, está ben. Pero tampouco é algo que vostedes inventen. É dicir, as vacinas están aí e aplícanas, moi ben. Pero, claro, vostede dixo aquí unha cousa que a min me parece do máis relevante que dixo, e é que, coa aplicación da vacina nos nenos, evitáronse catrocentos ingresos, por problemas respiratorios e demais. E, claro, a miña pregunta é: ¿cantos ingresos de nenos e nenas se poderían evitar se todos os nenos do noso país tivesen pediatra en tempo e forma? ¿Cantos se poderían evitar, señor conselleiro? ¿Cantos se poderían evitar se, ademais de vacinar os nenos, logo tivesen un seguimento polos profesionais axeitados, que son os pediatras? ¿Cantos se poderían evitar se no noso país deixase de haber douscentos concellos que non teñen pediatra? *(Aplausos.)* Case un vinte por cento dos nenos e nenas non son atendidos por pediatras. A Asociación de Pediatras está poñendo o grito no ceo por que cada vez hai máis nenos e nenas que non son atendidos por médicos especialistas en pediatría. E iso pon en risco a súa saúde e, efectivamente, fai que ingresen máis e que estean menos sans.

Entón, paréceme moi ben que vostede falase dunha parte da pata da prevención de enfermidades, pero é que a outra parte da pata é ter un sistema público de saúde robusto, ben dotado e cos profesionais suficientes. E iso é o que non ten o noso sistema de saúde, señor conselleiro.



Vostede vén aquí colgarse a medalla da vacinación, moi ben. Cólgolle a medalla, medalla concedida. Claro, o que vostede tería que vir aquí explicar, xa que vén por vontade propia e non quixo o Partido Popular aceptar a comparecencia que nós solicitamos... Nós solicitamos unha comparecencia súa para que viñese dar conta de todos os problemas que ten o país neste momento no nivel sanitario, e o Partido Popular opúxose. Curioso, ¿verdade? Ven a falar do sistema vacinal. Moi ben, entón a pregunta é: ¿por que o Partido Popular non quere que vostede veña aquí falar da situación da atención primaria? Porque un elemento fundamental para a prevención da enfermidade, señor conselleiro, é ter unha atención primaria resolutiva e ter unha atención primaria que non soamente estea atendendo os casos graves, que é practicamente no que está resumida hoxe en día a atención primaria, na urxencia.

Vostedes dinamitaron o que é a flexibilidade; dinamitaron a continuidade; dinamitaron que a poboación teña os mesmos profesionais nos que confía, os cales coñecen a poboación; dinamitaron a capacidade de prevención, de anticipación, de educación; porque os profesionais non teñen tempo. Nin sequera hai profesionais suficientes porque hai miles de galegos e galegas que nin sequera teñen un médico asignado. E, para prevención de enfermidades, anticiparse é fundamental. ¿E por que non vén dar conta, señor conselleiro, do que ten previsto facer para que a atención primaria cada ano non estea peor?

Estamos ás portas do verán, señor conselleiro. ¿Cal é a planificación para este verán? ¿Vostede cre que, acostumándonos a que o caos se instale cada ano, solucionan os problemas dos galegos e das galegas? Non, non se van acostumar, non se van acostumar a que chegue o verán e haxa centros de saúde que quedan reducidos á mínima expresión. A única medida que de momento lle coñecemos é que aos MIR —que non acabaron a súa formación— lles van facer contratos para que asuman unha responsabilidade para a que aínda non teñen a titulación. Esa é a única medida que lle coñecemos. Pois sería bo que vostede viñese aquí comparecer e explicarnos cal é a planificación para que este verán non volva ser un caos e a poboación —os galegos e as galegas— non estea desatendida, porque iso é o que pasa, verán tras verán. (*Aplausos.*)

Gustaríanos, señor conselleiro, que vostede viñese hoxe aquí dar conta dos últimos informes do Consello de Contas: o Informe de fiscalización da Conta xeral do Sergas, que, entre outras cousas, di que cada novo informe é unha nova fotografía de que a política sanitaria do Partido Popular está instalada na mentira permanente; cada informe do Consello de Contas ratifica esa situación. ¿E que di o Informe de fiscalización da Conta do Sergas? Pois que o Partido Popular fai uns orzamentos que logo non se compadecen co que executa. ¿E que di? Que a atención primaria, xa no nivel do que poñen no orzamento, ten unhas cantidades asignadas insuficientes, e que logo vostedes o que fan son modificacións de crédito que lle quitan, no ano 2023 —que foi o que fiscalizou o Consello de Contas—, 170 millóns de euros da atención primaria para a hospitalaria. Esa é a política sanitaria do Partido Popular: dicir que é un pilar fundamental a atención primaria e logo deixala sen recursos, o que ten como resultado que a atención primaria estea nunha situación calamitosa, calamitosa.

E que xa hai profesionais, señor conselleiro, que xa se están atrevendo a dicir alto e claro que están chegando tarde aos diagnósticos e, polo tanto, tarde a resolver os problemas de saúde da poboación, e que quedan no camiño. Hai profesionais que están dicindo iso, non o di soamente o BNG. E vostede, ante iso, ¿que está facendo, señor conselleiro?



¿Por que non vén aquí comparecer e dar conta do informe do Consello de Contas sobre a saúde mental? Di que o Partido Popular mente descaradamente e que prometeu, por activa e por pasiva, un plan de saúde mental poscovid 2020-2024 con 83 millóns de euros do que non executou nin a metade; non pasou dos 34 millóns de euros. *(Aplausos.)* ¿Por que non vén aquí explicar iso, señor conselleiro? Esas son as auténticas preocupacións. ¿Sabe por que? Porque os miles de persoas que teñen un problema de saúde mental —que son miles de galegos e de galegas— precisan solucións e respostas, e vostedes o único que fan é propaganda e mentira, e non dan respostas.

¿Por que non ven aquí, señor conselleiro, falar de listas de espera hospitalarias? Das 360.000 persoas «oficiais» que están en lista de espera no noso país.

¿Por que non vén aquí falar da situación do hospital do Barco de Valdeorras? De catro médicos de medicina interna non ten ningún; practicamente falta un de cada tres especialistas neste hospital, ¡que nin sequera ten servizo de pneumoloxía cando son o epicentro da enfermidade de silicose, non soamente en Galiza, senón no Estado! E diante desta situación, nin sequera un especialista en pneumoloxía no Barco de Valdeorras. ¿Cal é a súa resposta para esta situación, señor conselleiro?

¿Cal é a súa resposta para a situación do Hospital da Mariña, onde só hai un de cada tres especialistas? Están desprazando continuamente os doentes a Lugo para que se fagan cousas tan básicas como unha panorámica dental. Teñen que facer cento cincuenta quilómetros para alá, outros de volta; practicamente un día para facerse unha panorámica. Unha situación onde hai análises de anatomía patolóxica esperando, alí almacenadas, co cal non hai resultados, ¡co cal chegase tarde aos diagnósticos, e a xente queda polo camiño! *(Aplausos.)*

¿Por que non vén falar destas cuestións? ¿Por que ten no abandono absoluto os hospitais comarcais? Fálolle da Mariña, fálolle do Barco; podo falarlle do de Verín, do do Salnés, do da Barbanza, do de Cee. ¿Por que non vén explicar que vostedes dixeron que non ía supoñer ningún problema eliminar as áreas sanitarias, e o que están estes hospitais é esmorecendo e cada día con menos profesionais e menos especialistas? Debería vostede vir a dar conta desta situación, porque, por moito que vostede e o Partido Popular diga, a atención sanitaria dos galegos e galegas non está garantida, señor conselleiro, non está garantida.

¿E por que non vén falar aquí, señor conselleiro, de por que lle permiten á empresa Allianz, concesionaria do servizo de helicópteros do 061, que estea 38 días o de Santiago sen prestar servizo, 38 días que significan centos de persoas que non tiveron oportunidade...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...de ter unha asistencia sanitaria en tempo e forma. ¿E por que lle permiten agora non estar prestando o servizo do orto ao ocaso, cando hai practicamente catro horas de diferenza en Santiago e en Ourense, e están permitindo que só estea prestando doce horas. ¿Por que non vén falar de todas estas cuestións que poñen en risco a vida e a saúde dos galegos e das galegas, señor conselleiro?



Polo tanto...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...moi ben, señor conselleiro. Ten o titular: aumentan a vacina do papiloma ata os 21 anos, parabéns. Póñase a medalla das vacinas. ¿Pero o resto de problemas que están poñendo en risco a saúde dos galegos e das galegas, que, señor conselleiro?

Moita grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

En primeiro lugar, quero agradecerlle ao señor conselleiro de Sanidade que compareza no Parlamento de Galicia por petición propia para dar conta dos avances en saúde pública que se fixeron nos últimos anos na nosa comunidade. Porque, señorías, non está de máis recordar que sen saúde pública non hai sanidade posible. Sen prevención non hai futuro. A saúde pública é a primeira liña de defensa dun sistema sanitario moderno, xusto e sostible, e é por iso que os gobernos responsables invisten en saúde pública, en prevención e en promoción da saúde, porque cada enfermidade freada é un sufrimento evitado, unha cama hospitalaria libre e unha vida mellorada.

Galicia, señorías, leva anos facendo os deberes nese camiño. A pesar de que nin o Bloque Nacionalista Galego nin o Partido Socialista —en menor medida a señora Espinosa, pero fundamentalmente o Bloque Nacionalista Galego— parecen querer recoñecer este esforzo, a realidade é que Galicia é hoxe un referente neste ámbito. Non hai que lembrar algunhas palabras que non lle dan importancia á saúde pública. Pero agradecer tamén é responsabilidade política, e recoñecer os avances non debería de depender dos carnés dos partidos.

Galicia é pioneira nun calendario de vacinación para toda a vida avalado internacionalmente como o máis completo do mundo, e grazas a el —como dixo o señor conselleiro—, evitamos xa máis de catrocentos ingresos por bronquiolite en lactantes nos primeiros meses de vida. Galicia foi a primeira comunidade do mundo en facelo. Escoitámoslle falar da loita contra a meninxite, na que tamén estamos en vangarda; da loita contra o pneumococo, e da recente incorporación da vacina 20 valente, que ofrece protección directa aos máis vulnerables e protección indirecta ao conxunto da sociedade.

Temos as coberturas vacinais máis altas de toda España, grazas a esa xestión innovadora que vostede nos di: sistemas de cita dixital, códigos QR, maior accesibilidade, horarios flexibles... E non o di só o Partido Popular. Como tamén lle escoitamos, países como Chile ou Países baixos xa adoptaron a estratexia galega. E mentres uns critican sen propoñer nada,



Galicia segue avanzando, e faino cun investimento que se duplicou desde o ano 2020 e que xa supera eses corenta millóns de euros.

Iso é compromiso coa saúde pública; iso son feitos, non palabras. Esas novidades que vostede nos contou na vacinación, coa ampliación das vacinas do papiloma humano tamén nos varóns, a da gripe intranasal ata os once anos, a vacinación nos centros escolares ou a ampliación da vacina de alta carga nos nosos maiores. Iso é xestionar.

Señora Prado, xa vexo que ao BNG non lle interesan para nada as medidas de saúde pública. Vímolo nesta comparecencia, que ten por obxecto transmitir as fortalezas da saúde pública. Vostedes veñen aquí falar do seu catecismo: a pediatría. Xa vemos o que fixeron vostedes pola pediatría e pola atención primaria. Xa vimos como votaron en contra desa lei que permitiu a cobertura de moitas prazas de pediatría e de moitas prazas de atención primaria de difícil cobertura. Esa é a gran aportación do BNG: votar en contra. E vén aquí transmitir os seus bulos, as súas mentiras. E, señora Prado, tampouco lle fai falta desgañitarse aquí. Non por máis berrar lle imos dar a razón nin o pobo galego lles vai dar a razón. *(Aplausos.)*

Miren, non temos ningún inconveniente en abordar este debate cheo de bulos pola súa parte. Porque mire, a saúde mental é unha preocupación tamén para o Sergas, e a ninguén se lle escapa o que se puxo en evidencia na pandemia: a saúde pública e a saúde mental. E a Xunta de Galicia respondeu con feitos, non con palabras. Puxo en marcha ese Plan de saúde mental; puxéronse en marcha unidades de hospitalización infanto-xuvenil no CHUS, ademais doutras medidas como Código Agarimo ou como o protocolo de prevención de suicidio. Mire, dicir que non se fixo nada, señorías, é negar unha realidade avalada por datos e por resultados.

E, señora Prado, hai que saber ler e hai que saber interpretar. Insisto en que presten atención cando len antes de dicir o que din, para evitar facer o ridículo. Porque o que vostedes din que di non é exactamente o que recolle o informe do Consello de Contas sobre o Plan de saúde mental 2020-2024; nada parecido ás súas informacións. Este informe destaca o rigor orzamentario da Xunta na execución da planificación recollida no Plan de saúde mental. O informe do Consello de Contas unicamente analiza os anos 2021, 2022 e 2023, deixou fóra o ano 2020 e o ano 2024, durante os que tamén duraba o plan.

O informe do Consello de Contas só analiza a execución do capítulo II, do capítulo IV e do capítulo VI, que se corresponden con gastos correntes, transferencias correntes e investimentos, deixando fóra o capítulo de persoal, que, como poderán deducir, é unha parte moi importante do orzamento. E pese a que o informe do Consello de Contas só se refire a uns anos concretos de execución do Plan de saúde mental e só a tres capítulos orzamentarios concretos, este informe destaca o rigor orzamentario na execución do plan e sinala que unicamente houbo unha variación do 0,7 por cento con respecto ao investimento orzamentario.

¿Que parte disto, señora Prado, que lle acabo de explicar se lle escapou a vostede? Eu comprendo que é moi fácil facer demagogia, é moi fácil coller un par de datos por riba do informe e tratar de terxiversar e enganar. Pero mire, reléano vostedes, porque as afirmacións que



están a facer non se sustentan na realidade, non teñen fundamento ningún e non responden en ningún caso ao contido do informe do Consello de Contas. *(Aplausos.)*

O que si reconece o Consello de Contas no seu informe, señorías, é o esforzo da Xunta por fornecer a sanidade pública galega de psicólogos e de psiquiatras, sinalando que a contratación foi moi superior á prevista. Pero, claro, isto a vostedes non lles interesa, iso non o din, jeh!; vostedes prefiren ocultalo.

E mire, señoría, falta de pediatras. Mire, temos máis pediatras que tiñamos hai quince anos, cando vostedes gobernaban; garantimos a atención pediátrica en toda a comunidade, prestada por especialistas en pediatría no 90 por cento dos casos. E o déficit de pediatras —vostedes sábeno perfectamente— é un problema común en todo o país, en toda España. É un problema que ten que resolver o Ministerio de Sanidade do Goberno de España, *(Aplausos.)* ese ministerio polo que pasaron xa seis ministros e que ningún deles lle deu importancia a isto.

E claro, tampouco poden faltar —son moi previsibles, señorías— as listas de espera. Hoxe vimos aquí falar de saúde pública, pero vostedes sempre teñen que meter a súa pulla, e unha vez máis demostran que son os partidos do «non», da negación da realidade. Critican a xestión das listas de espera en Galicia, cando os datos oficiais do Ministerio de Sanidade, gobernado polo Partido Socialista, din todo o contrario. Hoxe somos a cuarta comunidade autónoma con menos listas de agarda; con vostedes eramos a cuarta pero pola cola.

Mal que lles pese, a realidade é clara, señorías. A 31 de decembro do ano 2024, Galicia era a cuarta comunidade con menor tempo de espera para cirurxía, 67 días fronte aos 126 da media estatal; e a terceira con menos demora para as consultas; ademais, só o 3,9 dos galegos esperaron máis de seis meses para operarse, fronte ao 22,9 do resto do Estado.

Rexistramos unha cifra histórica de máis de 200.000 operacións, cun incremento notable nas intervencións máis prioritarias, e tempos inferiores aos vinte días. E os hospitais comarcais, que vostedes adoitan esquecer, teñen datos aínda mellores: Monforte, 36 días; O Barbanza, 29; e A Mariña, 46.

E eses hospitais, señora Prado, que vostedes dicían que ían pechar, hoxe están funcionando mellor que nunca, e hoxe os especialistas trasládanse a eses hospitais comarcais. O único problema que temos aquí, e que vostedes non nos axudan a solucionar, é esa falta de especialistas, que nós lle pedimos ao Goberno central que faga os deberes e a vostedes que nos apoiem en todo o que lle pedimos.

Dicía antes que, mal que lles pese, a realidade é clara: Galicia mellora, Galicia avanza e Galicia cumpre. O que non se pode é tapar con datos, con propaganda nin faltar á verdade de forma tan descarada, como fan vostedes.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Réplica, señora conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

En primeiro lugar, moitas grazas polo ton. Concordo incluso con algunhas cousas que dixo. Está claro que a campaña de información é fundamental cando se fala de saúde pública, é a mellor maneira de fomentar hábitos de vida saudables. Desde a Consellería de Sanidade, e especificamente no departamento de saúde pública, hai unha páxina web, que inclúe a Escola Galega de Saúde Pública, e na cal hai moita información sobre eses temas, tanto para a xente maior como para a xente xove, ¿de acordo?

Por outro lado, tamén concordo en que ten que haber unha colaboración de toda a sociedade (as administracións, a poboacións, os profesionais sanitarios) á hora de conseguir que na cultura da saúde pública, da que falou vostede, non soamente humana senón tamén ambiental e tamén animal, pois a xente teña sensibilización nese aspecto.

En relación con acabar co negacionismo, tamén o comparto. Desde a Consellería de Sanidade sempre facemos unha política de información e de comunicación, fomentando o que é a colaboración da xente, e creo que iso é unha aposta clara e non que non hai ningunha dúbida.

En temas de xeopolítica, non me vou meter, porque creo que non é o momento nin é a miña misión. Se quere, falámolo despois.

En relación co Centro de Control de Enfermidades, está na estrutura da consellería, ten unha directora, ten persoal e está traballando, ¿de acordo?

O que teño que lamentar é a intervención da señora Prado, porque andan vostedes totalmente cegados polo seu afán partidista. Teñen medo a recoñecer publicamente, cústalles moitísimo, non sei por que, os logros da sanidade pública galega.

Pois aí vai un *top ten* de grandes éxitos da sanidade pública galega. Cribado neonatal máis amplo de España; calendario de vacinación máis completo do mundo; taxas de vacinación en gripe e en covid das máis altas do Estado; vangarda en tratamentos oncolóxicos e terapias personalizadas; referentes na abordaxe de moitas patoloxías; primeira comunidade autónoma que vai tratar pacientes na sanidade pública con protonterapia; récord de transplante e doazón e órganos, acadando o pasado ano un récord histórico, tamén exemplo de doazón de sangue; por certo, hai un autobús aí fóra, dígoos porque fai falta sangue. (*Aplausos.*)

O pasado ano batemos o récord de operacións realizadas, superando as 200.000 operacións cirúrxicas; no 2024 incrementamos a actividade en cirurxías, probas diagnósticas e consultas, reducindo ademais os tempos de espera media.

¿Como que non falei aquí de listas de espera? Moitas veces, o que pasa é que vostede non escoita. (*Murmurios.*) Non, vostede non escoita, non escoita. Vólvelle repetir. Os datos da lista de espera



publicados polo ministerio, decembro de 2024: Galicia sitúase como a cuarta comunidade con mellores tempos de espera en cirurxía; acábanllo de dicir, acábanllo de dicir. Decembro de 2024, en Galicia a espera cirúrxica era de 67 días fronte aos 126 de España; os galegos agardan 59 días menos para operarse que a media española. ¿Parécenlle estes malos datos?

Doulle máis. A porcentaxe de pacientes que esperaban máis de seis meses por unha cirurxía situábase en Galicia nun 3,9 por cento, fronte á media nacional, que era do 22,9 por cento, un 19 por cento menos en Galicia. Para unha primeira consulta, o tempo medio de Espera en Galicia foi de 61 días. ¿Sabe canto esperan de media o resto de España? 105 días. Isto supón que en Galicia accedemos ao especialistas 44 días antes que a media española. Somos a terceira comunidade con mellores tempos de espera, escalando posicións; pasamos da quinta á terceira posición en canto ás primeiras consultas. Ademais, a porcentaxe de pacientes que esperan máis de 60 días para a primeira consulta é inferior en máis de 26 puntos porcentuais respecto da media nacional, un 36 por cento en Galicia, fronte á media nacional, dun 62,3 por cento; Galicia mellora a súa posición, pasando do quinto ao segundo posto.

Despois dirame que mentimos, e que as listas non sei que estruturais ou non estruturais; vale. Cumprimos escrupulosamente co deber de facilitar información sobre as listas de espera, segundo o establecido na normativa básica estatal e na propia normativa autonómica.

Vostedes falaron de todo menos de saúde pública e de vacinas. Non me refiro a vostede, señora Espinosa, refírome a... (*Murmurios.*) claro, que era no que se centraba a miña comparecencia de hoxe. Con todo, non podo quedar calado fronte a algunhas afirmacións que hoxe temos escoitado aquí.

Pretenden, cos seus infundios, enganar os galegos, e iso é algo que non podemos permitir. Xa levan falado do plan do verán; o mesmo que o ano pasado, que tanto lles molestou, porque lles rebentou o seu turismo sanitario de centro de saúde en centro de saúde. O plan de verán do ano pasado foi un éxito. Pois imos facer exactamente o mesmo. (*Aplausos.*)

Informe do Consello de Contas de saúde mental. Acábanllelo de dicir, non o leron. ¿Non viron a táboa de desglose dos investimentos e dos anos aos que se refire?

Insisten en falar de 50 millóns que non se executaron do Plan de saúde mental. ¿De onde sacan iso?, ¿de onde? O informe do Consello de Contas, ao que vostedes aluden, destaca o rigor orzamentario da execución do Plan de saúde mental da Xunta. Sinala unicamente unha variación do 0,7 por cento con respecto ao investimento orzado. Pero o que non están tendo vostedes en conta é que ese informe do Consello de Contas só analiza uns anos e uns capítulos de gastos concretos. Tamén llelo explicaron aquí hai un rato. Só analiza os anos 2021, 2022 e 2023 e quedan fóra desa avaliación os anos 2020 e 2024. E teño aquí esta táboa (*O señor conselleiro de Sanidade mostra un gráfico.*), e o que pon é: desviación sobre crédito definitivo, 0,7 por cento. Voulla deixar aquí, para que a poida ver despois.

Ese informe do Consello de Contas, ademais, recoñece o esforzo da Xunta por dotar a sanidade pública galega de psicólogos e psiquiatras, sinalando que a contratación foi superior á prevista.



O Plan de saúde mental da Xunta está dotado cun investimento de 83 millóns. Ese plan permitiunos, entre outras cousas, crear unha unidade de especialización de agudos infantoxuvenil en Vigo, que complementa a de Santiago, e os hospitais de día de saúde mental infantoxuvenil das sete áreas. Creación de 244 prazas de especialistas en saúde mental, mellora de *ratios* de psicólogos clínicos, que pasou de 3,4 a 5,2 por cada 100.000 habitantes, e de psiquiatras, que chegou a 8,6.

Para vostedes todo está mal, todo é unha catástrofe, todo é unha involución absoluta. ¿Como se pretende defender a sanidade pública desde o menoscabo e a crítica constante?

Se de verdade queren contribuír á sanidade pública, o primeiro que teñen que facer é saír desa actitude destrutiva que os caracteriza e comezar por recoñecer as cousas boas da sanidade pública galega.

Vostedes din que non hai médicos, que non hai pediatras neste concello, naqueloutro concello, pero critican, en lugar de ser máis críticos co Goberno central e situarse do lado dos galegos, para reivindicar ante o Goberno de España que dote de médicos que as comunidades poidamos contratar. Porque esa é unha responsabilidade do Goberno de España.

Lamentablemente, xa nada nos sorprende cando vostedes votaron en contra nesta Cámara dunha medida da Xunta que trataba de dar solución á ocupación de prazas de difícil cobertura. Votan en contra, pero logo teñen a cara de criticar situacións como a que está a vivir por exemplo o Hospital da Mariña.

Desde a Xunta, desde a Consellería de Sanidade, adoptamos medidas para facer máis atractivas as prazas de difícil cobertura, como son as dos hospitais comarcais, esas medidas ás que vostedes dixeron «non» neste Parlamento. Na Mariña estamos a traballar para reforzar a asistencia no hospital con máis profesionais. Desde o ano 2010, incrementamos o cadro de persoal en 154 profesionais, o 30 por cento máis; e agora mesmo temos distintos procesos en marcha para cubrir 17 prazas de especialistas do hospital.

Fronte á covardía que demostran algúns para apoiar iniciativas da Xunta —que saben que son válidas e efectivas— e fronte a aqueles que só teñen arroxos para poñerse detrás da pancarta, no Goberno galego non nos escondemos nin quedamos quietos. Falamos cos afectados e poñemos enriba da mesa solucións, como fixemos na Mariña, reuníndonos cos xefes de servizo e coa Xunta de Persoal, con ánimo construtivo, para mellorar a situación. E por iso, mentres non consigamos captar máis profesionais para o Hospital da Mariña, estamos a reforzar os distintos servizos hospitalarios, tanto de gardas como en consultas, con profesionais traídos do Hospital Universitario Lucus Augusti, do Hospital de Monforte e do Hospital da Coruña.

Polo tanto, inacción da Xunta, ningunha. Poñemos enriba da mesa planificación, reforzos e solucións para paliar as situacións complicadas por unha falta de profesionais.

Falaba de atención primaria e da porcentaxe. A porcentaxe que se adica nos investimentos do Sergas é do 31,44 por cento —repito: 31,44 por cento—. É máis, o último informe do Con-



sello de Contas sobre a Conta xeral do Sergas no ano 2023 sinala que o gasto sanitario en atención primaria está na media estatal en termos absolutos; ademais, Galicia é a terceira comunidade que máis porcentaxe de orzamento destina á sanidade.

Volvendo ao tema da comparecencia, señora Prado, vemos que unha vez máis —dá igual o que aquí se anuncie ou se trate— vostedes están centrados no seu catastrofismo, no que todo vai mal, no que a todo lle din «non». ¿É que non hai nada, absolutamente nada, na sanidade pública galega que lles pareza ben? É algo certamente abraiante, porque son os únicos que non o ven.

Señorías, os especialistas e técnicos na materia sinalan que Galicia dispón do calendario de inmunización máis completo do mundo. Isto non é unha casualidade, é o froito da política dun Goberno da Xunta que apostou pola saúde pública en maiúsculas, pola prevención, pola inmunización, pola protección da saúde dos galegos.

O calendario galego de inmunización ao longo de toda a vida inclúe trece vacinas: gripe, papiloma humano, herpes zóster, pneumococo, meningococo, virus respiratorio sincitial, rotavirus, *haemophilus influenzae* tipo B, poliomielite, hepatite B, varíola, difteria, tétanos, tose ferina, sarampelo, rubéola e parotidites. A esas trece vacinas do calendario hai que engadir a campaña especial que todos os anos realizamos fronte á covid.

Con todo —insisto—, non nos conformamos, seguimos avanzando na ampliación das vacinas a novos grupos de idade e con novos reforzos, tratando de protexer a poboación máis vulnerable, que son os nosos nenos, os nosos mozos e os nosos maiores.

Máis aló da medalla, ¿non lle merece comentario ningún que anunciemos o investimento de 1,1 millóns de euros para a ampliación da vacina de alta carga a partir dos 70 anos de idade? ¿Non lle parece unha boa nova aumentar a protección fronte á gripe intranasal ata os 11 anos, protexendo 150.000 cativos máis? ¿Non lle parece unha boa idea que fagamos un proxecto piloto nos colexios no vindeiro curso para ver se logramos aumentar aínda máis as coberturas? ¿Non teñen nada que dicir da ampliación da vacina fronte ao virus do papiloma humano para os varóns de ata 21 anos? ¿Por que esa indiferenza polas políticas de vacinación que leva a cabo a Xunta de Galicia? ¿Descoñecemento do significado real da saúde pública, da política de prevención e das vacinas, ou simplemente estratexia de confrontación constante?

Creo que o persoal da Consellería de Sanidade, pero sobre todo os profesionais sanitarios que traballan cada día no eido da saúde pública, non son merecedores deste desprezo, sobre todo despois de todos os recoñecementos que a nosa Comunidade está a recibir no eido das políticas de saúde pública, que nos sitúan á vangarda mundial.

Afortunadamente, os galegos si que recoñecen o traballo realizado e colaboran; grazas á súa implicación, responsabilidade e xenerosidade, temos as taxas de vacinación máis altas do Estado. De aquí que, a pesar de ter o calendario de vacinación para toda a vida máis completo do mundo, imos seguir reforzando e ampliando neste ano. En primeiro lugar, coa ampliación ata os 21 anos da vacina contra o virus do papiloma humano nos varóns; en segundo lugar,



ampliando a aplicación da vacina de alta carga, que xa se está a administrar aos maiores de 80 anos, aos que teñen entre 70 e 79 anos; en terceiro lugar, ampliando ata os 11 anos a aplicación da vacina intranasal contra a gripe a todos os nenos entre 2 e 11 anos; en cuarto lugar —ademais, de xeito pioneiro en España, para previr as enfermidades de transmisión sexual—, imos inmunizar os menores de 65 anos de alto risco coa vacina fronte ao gonococo; en quinto lugar, tamén neste ano o programa galego de vacinación incorporará a utilización da vacina fronte ao dengue no programa de viaxeiros en determinadas situacións de risco e segundo diversos condicionantes.

Señorías, no Goberno galego facemos unha aposta decidida pola prevención, que estamos a reforzar ano a ano. Pódolles asegurar que as políticas e a nosa aposta pola saúde pública e pola protección aos galegos fronte ás posibles enfermidades é absoluta.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Agora imos saudar os alumnos de 3º da ESO do Centro Illa de San Simón, en Redondela. Benvidos ao Parlamento, e tamén o seu profesor que hoxe os acompaña.

E continuamos co debate. Agora é a rolda de apertura especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Señor conselleiro, permítame que antes me dirixa á señora Amigo. Señora Amigo, di un compañeiro seu do Partido Popular, da mesma provincia que vostede, primeiro o A e despois xa o E; o A é de atender e o E é de entender. *(Aplausos.)* Vostede non atende e logo non entende, e dígollo porque non é a primeira vez que pon na súa boca palabras que eu non dixen nesta tribuna. Polo tanto, pídolle que atenda ao que eu digo.

E, señor conselleiro, a ver, a min si que me gusta cinguirme ao que é o obxecto desta comparecencia, pero non vou ser capaz, porque todos acabaron derivando, co cal non vou quedar eu aquí en ridículo, pero si lle vou dicir algunha cousa en concreto.

Vostede dicía —dicíao vostede nunha entrevista— que se necesitaba moita máis sensibilización, moita máis implicación e moito máis compromiso. Polo tanto, eu, cando falaba desa necesidade, voulla transmitir con datos concretos. Por exemplo, cando falamos de inmunización da gripe, estamos practicamente no 100 por cento, podemos dicir que estamos practicamente no 100 por cento, pero, se falamos de pneumococo, estamos no 35 por cento; e, se falamos do herpes zóster, estamos no 30 por cento. Polo tanto, é aí onde pido eu incidir.

O mesmo que, por exemplo, me preocupa moito a vacina contra o virus do papiloma humano. Non vale con este carteliño que hoxe vostede sacou aquí. ¿Por que? Porque hai que incidir, hai que explicar o que significa, hai que baixar á realidade, para que despois xa poidamos realmente ter uns resultados positivos.



E cando eu falaba dese contexto internacional e falaba dos negacionistas que temos aquí no noso país, cando falaba de Vox, cando falaba de Trump, dígoos porque, se vostede ve os datos do sarampelo do ano pasado, resulta que en España multiplicamos por nove os do ano anterior. Polo tanto, estamos empezando a sufrir en España consecuencias que non tiñamos con anterioridade. Así que é importante iso que eu digo. E preocúpame porque, ademais, uns dos maiores negacionistas son compañeiros seus en moitos gobernos de comunidades autónomas e incluso de concellos.

E finalizo xa co tema da comparecencia, porque, sinceramente, eu non vin por ningún lado o Centro Galego de Control e Prevención de Enfermidades; non existe no organigrama da consellería, salvo que lle cambiasen de nome, e ademais fun en concreto á Dirección Xeral de Saúde Pública. Pero, ben, teremos tempo de que mo explique ao mellor na réplica.

Quero rematar. Xa digo: non me gusta entrar no que non é obxecto da comparecencia, pero dende logo hai unha cousa clara: se vostede fala de listas de espera, eu voulle dicir de novo que son falsas, que non son certas, e creremos as listas de espera cando vostedes publiquen as listas non estruturais; (*Aplausos.*) a partir de aí, creremos o que vostedes están dicindo. E soamente lle digo iso. Non nos vai convencer, porque non necesito saír á rúa, calquera dos que estamos aquí do noso grupo está vivindo situacións que non aparecen en ningunha lista de espera, e levan meses despois xa dunha consulta dun especialista esperando probas. Polo tanto, é unha realidade que vivimos. ¿Como lle vou dicir o contrario? Póñanse as pilas, afrónten a realidade e teñan a valentía de publicar as listas ou dicirnos o que está pasando en cada unha desas situacións.

E hai outro tema, tamén saíu o tema do verán. E aproveito ademais para mandarlle un recado, e mandarlle o recado con tempo suficiente para que logo non nos diga que o que non avisa é traidor, ou que o que avisa é traidor. Todos os anos vivimos na provincia de Pontevedra un caso que é tremendo. Resulta que vostedes sacan unha ambulancia que temos en Vilagarcía para levala para Sanxenxo, porque hai máis turistas, e deixamos unha ampla zona da provincia de Pontevedra sen cobertura. Dígollo hoxe para que planifiquen, para que o fagan ben e para que toda esa comarca, que no verán sofre aglomeración de turismo, non se vexa comprometida.

E quero ademais rematar hoxe tamén cun tema que nos tería dado posibilidades de falar moito máis. Porque falar de políticas de prevención nun sentido máis amplo —non no que vostede falou hoxe aquí, que é vacinación— é falar tamén de promoción da saúde a partir da vacinación, de detección precoz, de saúde mental, de control de enfermidades transmisibles, de educación sanitaria, de colaboración interinstitucional, de investigación e datos, etc., etc., e sábeo mellor ca min.

Polo tanto, nós si que recoñecemos ese traballo que fai a Xunta de Galicia en vacinación, pero tamén ten que entender que recoñezamos e digamos todas as veces que sexan necesarias o que non fan, o que fan mal ou o que non dá resposta ás necesidades que teñen os galegos e as galegas. Tenos que entender, e díxenlle que eramos unha oposición útil e construtiva; e cando o fan ben, terannos ao seu lado, e, cando o fan mal, terannos reivindicando o que os galegos e as galegas nos demanden. E espero que algún día veña, como veu



hoxe, dar explicacións do que tamén fan mal e non soamente do que fan ben, como foi o día de hoxe.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Ben, menos mal que ao Partido Popular o que si lle preocupaba era a saúde pública, por iso practicamente non falou de saúde pública; pero, ben, dime do que presumes e direiche do que careces.

Tamén un consello, señor conselleiro: non se veña arriba, non suba o ton, que logo vén a señora Amigo e bérralle. Porque aquí vimos para... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, berroume a min, a vostede non se vai atrever. Pero, claro, digo que, seguindo a súa liña, logo diralle a vostede algo.

E vou facer un par de referencias a cuestións que dixeron aquí un e outro.

Esas medidas que vostedes anunciaron a bombo e prato, de regalar prazas en vez de ser por oposición e tal, se eran tan boas, tan boas, tan boas, ¿por que a situación cada día está peor? ¿Por que os profesionais dos hospitais comarcais marchan despavoridos? Fáltanlles pés para saír correndo, porque non soportan as condicións laborais nas que están atendendo, porque non soportan ver como non atenden a poboación como teñen que atendela.

Como ven agora, por exemplo, no Hospital da Mariña, señor conselleiro, que diante da presión, porque levan mes e medio mobilizándose profesionais, máis de 26 días laborables, despois diso, ¿que fan vostedes? Traer profesionais de todos os lados a pasar consulta en sábado e domingo, a maioría delas telefónica, chamando en sábado e domingo á casa para dicirlle: mira, as análises que fixeches hai dous anos resulta que están ben. ¿Vostede cre que iso é unha mínima atención sanitaria? Iso é unha burla aos profesionais que prestan servizo todos os días no Hospital da Mariña. É simplemente intentar facer un mal parche a custa de pagarlles moito máis aos que veñen de fóra que aos que están alí traballando. *(Aplausos.)* Iso é o que están facendo vostedes; si, iso é o que fan vostedes.

As mentiras teñen as patas moi curtas. Eu de formación son profesora. E o que é unha aprendizaxe significativa e unha lectura comprensiva é moi importante. Entón, se queren, facemos unha sesión de lectura comunitaria do informe do Consello de Contas. E xa está ben de que veñan aquí mentir, xa está ben de que veñan aquí mentir. ¿Que di o informe do Consello de Contas? Que vostedes só fixeron unha previsión, a respecto de saúde mental, de 29 millóns de euros, non de 83, como prometeran, e que deses 29 só comprometeron 24,5. O que di o Consello de Contas é que a previsión para persoal no plan é de 9 millóns; entón, 24,5 máis 9 son 33,5, moi lonxe dos 83. Iso é o que di o informe do Con-



sello de Contas. ¿E que di? É que menten, menten coma se non houbera un mañá, señora Amigo.

Máis profesionais. Di que contrataron 4 psiquiatras máis e 2 psicólogos máis, pero 12 enfermeiros menos, 12 auxiliares menos, 3 terapeutas menos e 1 traballador social menos. Pero ¡por favor!, ¡por favor! (*Aplausos.*)

É que veñen aquí ler a primeira palabra dun parágrafo e queren dalo como verdade. É que causa pavor ver como vostedes tratan este Parlamento.

E podía seguir dicindo. Pediatría. Pero ¿como é posible? Se hai 84 profesionais de pediatría menos no ano 2023 que no ano 2005; 84 menos. E vén aquí e di que hai máis. E queda tan ancha, e queda tan ancha. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, pois presenten os datos. Os meus datos son do IGE, un organismo oficial dependente da Xunta de Galicia, e o IGE di que hai 84 pediatras menos no 2023 que no ano 2005. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, pois díganlle ao IGE que faga ben o seu traballo. E, se non, traian os datos reais, traian os seus datos para contrastalos cos do IGE.

E desmintan que hai 200 concellos sen pediatras, desmintan que a Asociación de Pediatría di que hai sobre un 20 por cento de nenos e nenas que non están atendidos por pediatra. Pois díganlle que están mentindo. É que vostedes teñen máis cara que espalda. Dan aquí datos sen facer referencia a de onde os quitan, e eu estoulle dicindo de onde os quito. Pois teñan a valentía de dicilo.

Polo tanto, señores e señoras do Partido Popular, señor conselleiro, díxenlle que lle poñía a medalla do sistema de vacinación; sen ningún problema. Pero na prevención de enfermidades un elemento fundamental é un sistema sanitario robusto, ben dotado, con profesionais suficientes e sen lista de espera; que a xente sexa atendida cando o precisa, que poida atender á planificación, que poida atender á prevención, que poida ter tempo para escoitar e para educar a poboación.

E a realidade é que o sistema sanitario público do noso país tocou fondo como nunca o tocara ata o de agora. E iso é consecuencia das políticas sanitarias do Partido Popular. Están nun abandono absoluto. Na saúde mental prometeron 83 millóns e non chegaron aos 34; a atención primaria, reducida á mínima expresión; do que poñen no orzamento aínda quitan millóns de euros para a atención hospitalaria; miles de persoas en lista de espera, 360.000 persoas en lista de espera.

Podo darlle os datos reais, por exemplo, en lista de espera para a saúde mental, señor conselleiro: un ano, doce meses, oito meses... Datos dos propios profesionais que están nas consultas, non as súas listas maqueadas; datos dos propios profesionais que están alí no día a día e saben cal é a lista de espera.

Os hospitais comarcais, no abandono absoluto, e, por exemplo, o da Mariña, coa metade dos especialistas; o de Valdeorras, con 1 de cada 3 profesionais especialistas que tiña que haber; A Barbanza, O Salnés, Cee ou Verín.



Os helicópteros, fundamentais para prestar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...unha atención en tempo e forma, 38 días sen asistencia en Santiago e agora 4 horas ao día menos.

Esta é a realidade da sanidade pública da que o Partido Popular non quere falar; unha realidade que sofren todos os días os galegos e as galegas, e que non cren as súas estatísticas nin a súa autocompracencia, senón que ven como, para ter unha asistencia sanitaria minimamente digna, cada vez teñen que acudir máis á sanidade privada, a esa sanidade privada que os informes do Consello de Contas din que o Partido Popular cada ano destina máis recursos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: No ano 2023, 242 millóns; neste orzamento de 2025...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...245 millóns.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Canta máis sanidade privada que vostedes apoian...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...menos sanidade pública e máis problemas para os galegos e galegas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

A señora PRADO CORES: Esa é a realidade que vostedes pretenden ocultar...,

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

A señora PRADO CORES: ...pero non o conseguen.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidente.



Bos días de novo.

Señor conselleiro, non teñen nada que dicir da saúde pública, parece. E despois vén aquí a señora Prado e di que vén falar doutras cousas. O señor conselleiro contestoulle ao que lle preguntou. A que empezou falando doutras cousas foi vostede. Semella que teñen as orellas pechadas e as entendedeiras taponadas; é que precisan un sacacorchos. (*Aplausos.*) Claro, claro.

Miren, non recoñecen nada, son vostedes os do «non». —Volvo sacar o cartel (*A señora Amigo Díaz mostra un cartel*)—. Claro, non esperen, nin esperamos, ningún recoñecemento por parte do BNG. É imposible. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Miren, vostedes non recoñecen que sen saúde pública non hai sanidade posible, non recoñecen que sen prevención non hai futuro, non recoñecen que cada enfermidade freada é un sufrimento evitado, é unha cama hospitalaria libre, é unha vida mellorada. Non van recoñecer nunca que Galicia leva anos nesta senda.

E, señora Espinosa, mire, eu trato de atender e trato de entender. E recórdolle que repase vostede un debate que tivemos na Comisión 5ª e que vexa vostede a importancia que se lle daba nese debate á saúde pública.

E mire, mentres que a oposición se adica a criticar, a sanidade pública galega segue avanzando, con feitos, fronte aos mantras e ás consignas que trata de dicir a oposición. Galicia lidera hoxe a prevención e a detección temperá grazas a unha estratexia clara, a unha estratexia rigorosa e comprometida coa saúde da cidadanía. Galicia coida a saúde das persoas, pero tampouco se olvida da saúde dos animais e do medio ambiente, porque todo está conectado. E desde a saúde pública en Galicia avánzase cara a ese sistema dunha soa saúde, que é o que recomenda a Organización Mundial da Saúde para loitar por exemplo contra as resistencias aos antibióticos ou as infeccións transmitidas por insectos, por mosquitos ou por garrapatas.

E, fronte á pancarta, a Xunta de Galicia pon feitos. Temos o calendario vacinal máis completo do mundo —xa se explicou—. Temos o programa neonatal máis amplo de España: 37 enfermidades, moitas delas raras, fronte a 20 do programa básico nacional. Isto significa, señorías, diagnósticos máis rápidos, tratamentos temperáns e vidas salvadas.

E no ámbito oncolóxico somos tamén vangarda. Reforzáronse os programas de cribado de mama e colorrectal; e o cribado de cervix xa está implantado en toda a Comunidade Autónoma galega; e hai máis de 1.900 lesións precancerosas detectadas.

Estanse probando medidas innovadoras, como o envío directo deses kits de cribado colorrectal, que mellorou a participación, e tamén se están dixitalizando as invitacións, para aumentar a eficacia.

E, ademais, na nosa comunidade autónoma estanse a pilotar cribados en cancro de pulmón e de próstata, adiantándonos ao que pronto será unha norma en Europa. E, así mesmo, es-



tanse avaliando sistemas de intelixencia artificial no cribado de cancro de mama, buscando máis precisión, menos falsos positivos e máis eficiencia. E seguirase avanzando, porque para o ano 2026 está previsto ampliar o cribado de cancro de cervix ás mulleres desde os 30 anos, antes do prazo fixado polo noso país.

Esta é a aposta do Goberno Rueda: anticipar, innovar e protexer. Porque a saúde pública, señorías, non se defende con titulares nin con pancartas, tampouco con berros e con imprudencias transmitidas desde esta tribuna; deféndese con políticas responsables e con resultados medibles.

E Galicia avanza, mal que lle pese á oposición. E, mentres nós presentamos feitos, a oposición segue atrapada nese «non» permanente. Non recoñecen avances e retorcen os datos, pero a realidade desmente os seus discursos.

E mire, non vou entrar xa no trapo da señora Prado da saúde mental, da pediatría, porque mire, por exemplo, na pediatría é que hai datos que dá que realmente ofenden. Mire, na pediatría en Galicia, nesta comunidade, máis do 90 por cento dos nenos —xa llo dixen antes— están tratados por pediatras. E mire, a *ratio* en Galicia de menores por pediatra é de 918, fronte aos 980 do Estado.

As listas de espera. Galicia é a cuarta comunidade con menor espera cirúrxica.

Fronte á oposición do ruído, desde logo, este Goberno do presidente Rueda responde con feitos. Aquí non hai slogans baleiros, aquí hai realidade. Galicia é, e seguirá sendo, un referente en saúde pública, grazas aos nosos profesionais e ao compromiso firme coa prevención e coa calidade.

E remato xa, agradecéndolle ao señor conselleiro que hoxe viñera aquí transmitir datos, transmitir verdades e transmitir realidades, e agradecendo a todo o persoal implicado por facer posible unha sanidade pública galega mellor cada día.

Como dicía antes, os feitos, as realidades e as certezaas é o que conta.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peché da comparecencia, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señorías.

Señora Prado, ¿é consciente do que acaba de dicir aquí? Prazas regaladas. Non sei que pensarán diso os seus compañeiros da CIG. Prazas regaladas, as prazas de difícil cobertura. Díxoo aquí, está gravado. Acábo de dicir aquí.



A vostede, que é profesora, agradézolle que queira ensinarme a interpretar un informe. Eu son médico e voulle recomendar menos cortisol, menos adrenalina, máis serotonina e máis dopamina.

Imos ao tema. (*Aplausos.*)

Sen dúbida, a vacinación é un gran logro que temos conseguido para a sanidade pública galega, grazas á implicación da cidadanía; un logro do que debemos sentirnos moi orgullosos. Temos o calendario de vacinación para toda a vida máis completo do mundo, con trece vacinas incorporadas, ao que se engade a campaña especial fronte á covid. Temos as taxas de inmunización máis altas do Estado fronte á gripe e fronte á covid, o que significa maior protección. Temos a maior porcentaxe de maiores vacinados fronte á gripe de todo o Estado, superando en doce puntos a media das comunidades, e lideramos a cobertura de vacinación fronte á covid, superando en vinte puntos porcentuais a media nacional en todas as franxas de idade na última campaña. Pero, insisto: non nos conformamos. Queremos seguir mellorando a protección dos grupos de poboación máis vulnerables: os cativos, os mozos e os nosos maiores. Por iso, neste ano continuaremos reforzando o calendario vacinal para toda a vida.

Por resumir, ampliaremos a vacina da gripe de alta carga, que xa demostrou a súa eficacia nos maiores de 80 anos, agora tamén para os que teñen entre 70 e 79 anos e aplicarámosla xa na campaña de vacinación da gripe 2025-2026. Tamén fomentaremos a inmunización contra a gripe dos máis pequenos, ampliando ata os 11 anos a vacina intranasal, que evita o pinchazo. Non só iso, senón que poñeremos en marcha nos centros educativos un proxecto piloto de vacinación da gripe para os nenos de ata 11 anos que iniciaremos xa no vindeiro curso en colaboración coa Consellería de Educación. A ampliación da vacina da gripe ata os 11 anos beneficiará 150.000 rapaces máis, polo que acadaremos os case 217.000 nenos, fronte aos preto de 67.000, que eran a poboación diana ata agora. Ademais, reforzaremos a inmunización da mocidade contra o virus do papiloma humano, ampliando outra vez, agora ata os 21 anos, a vacina que xa desde o ano pasado estabamos a aplicar aos rapaces de ata 18 anos. O vindeiro luns, 26 de maio, comezaremos a administrar esta vacina aos mozos de ata 21 anos co obxectivo de inmunizar 24.500 varóns.

Señorías, estamos ante unha nova medida pioneira que nos sitúa no camiño para aspirar á erradicación desta patoloxía en Galicia, xa que deste xeito quedan incluídos na vacinación fronte ao virus do papiloma humano, con pauta dunha dose, todos os varóns nados desde 2004 en diante. Ademais, de xeito pioneiro en España, neste ano en Galicia introduciremos a vacina para a inmunización fronte ao gonococo en menores de 65 anos de alto risco, co obxectivo de previr enfermidades de transmisión sexual. E tamén neste ano, o Programa galego de vacinación incorporará no programa de viaxeiros a utilización da vacina fronte ao dengue en determinadas situacións de risco e segundo factores como o destino de viaxe, as actividades que se realicen, a duración, o percorrido ou as condicións particulares de cada viaxeiro. Seguiremos reforzando o sistema de vacinación galego, baseándonos na evidencia científica e avaliando novas posibles incorporacións no calendario de vacinación para toda a vida. O obxectivo é seguir na vangarda e manter a nosa posición de liderado en canto ao calendario de inmunización máis completo do mundo.



Señorías, asegúrolles que as actuacións que vimos aplicando no ámbito da saúde pública nos últimos anos son responsables en boa parte do noso actual Estado do benestar. Pero a sociedade cambia e as súas necesidades tamén. Por iso, máis ca nunca, é necesario a implantación da saúde en todas as políticas, xunto co traballo conxunto e a coordinación entre todos os organismos para lograr unha saúde óptima para todos. Este é un campo no que a nosa comunidade avanzou e avanza de xeito decidido e que cremos que debe ser tamén obxecto de explicación, de análise e de debate neste Parlamento. Por iso, quixemos traelo hoxe aquí.

Non nos podemos centrar unicamente na enfermidade, tal como di a OMS. Temos que ser quen de traballar na prevención para evitar que esta se orixine. Por iso, un elemento das políticas sanitarias é a saúde pública, evitando que a poboación enferme co obxectivo último de manter unha sociedade sa. Podo asegurarlles que por parte do Goberno galego as nosas accións van continuar nesta liña, co obxectivo último de garantir e protexer a saúde das galegas e galegos.

Señora Espinosa, moitas grazas por poñer en valor os beneficios das políticas de prevención. Esa é unha boa contribución pola súa parte á sanidade pública. Señora Prado, descoñezo se a vostede lle gusta o fútbol, pero non sei se coñece un individuo denominado Louis van Gaal, un entrenador de fútbol que traballou no Barça nos anos noventa. (*Murmurios.*) Foi un bo entrenador, como di o presidente, creo eu. E eu son do Madrid, pero foi un bo entrenador, creo que gañou dúas ligas ou unha cousa así. Era un personaxe un pouco agre, un pouco áspero, e sobre todo pasou á historia polos cristos que tiña cos medios de comunicación. O máis famoso deles, polo que pasou á historia do fútbol español, foi cando dixo un día: «Sempre negativo, sempre negativo, nunca positivo». Vostedes están en modo van Gaal desde hai moito tempo, e están transformando o Bloque Nacionalista Galego no Bloque Nacionalista «van Gaalego».

Moitas grazas pola vosa atención. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos ao punto segundo: mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a postura do Goberno galego verbo da posibilidade de superar o actual sistema de financiamento da Comunidade, así como de negociar unha quitación da débeda.

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Iglesias Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*)

Emenda de modificación.

Débese modificar os puntos 2 e 3 da moción, que quedarán redactados da seguinte maneira:



«2. A calendarización das entregas a conta pendentes para Galicia, asunto sobre o que o goberno de Galicia comprométese a apoiar publicamente a norma que transfira os anticipos a conta por parte do Goberno central, e reclamará o apoio dos grupos parlamentarios con representación galega no Congreso dos Deputados.

3. Avanzar na capacidade fiscal de Galicia xusta e redistributiva, formulando para elo unha proposta concreta no Parlamento de Galicia que aumente as capacidades singulares de ingresos e gastos propios, dentro do réxime común no sistema de financiación e o tributario no conxunto de España.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Nun momento do filme sobre o curioso caso de Benjamin Button, o personaxe principal, o propio Button, di que as oportunidades definen a nosa vida, incluso as que se nos van.

Coa quitación da débeda e co sistema de financiamento acontece un pouco o mesmo. O que pase ou deixe de pasar con esta oportunidade —unha oportunidade, por certo, hai que insistir, que é inédita, que é histórica, que foi demandada unánimemente por esta Cámara e que hoxe é unha realidade grazas precisamente ao papel do BNG en Madrid— vai definir a nosa vida. Vai definir a nosa vida o que pase ou deixe de pasar coa quitación da débeda e co sistema de financiamento. Porque, especialmente pola actualidade, a quitación da débeda vai definir algo tan importante como ter máis ou menos capacidade económica por parte da Xunta e, polo tanto, vai definir parte da vida dos galegos e galegas porque vai afectar directamente o orzamento e, polo tanto, cuestións que o Goberno podería mellorar con máis capacidade económica.

Porque, insistimos, cada euro que se aforre no pagamento da débeda é un euro que se pode destinar a mellorar os servizos públicos deste país. Por exemplo, a mellorar todos aqueles aspectos de sanidade nos que o señor conselleiro non quixo entrar nesta mañá, máis alá dos chistes malos que nos regalou. A compensar, por exemplo, a intervención e axudar en ámbitos como unha sanidade pública —insistimos— maltratada, que hoxe ten máis de cento noventa e seis mil persoas agardando por unha primeira consulta hospitalaria; máis ca antes da pandemia. Unha sanidade pública que ten moito que ver tamén coa xestión económica. Acábanos de dicir o Consello de Contas que o Goberno galego incrementou un 18 por cento os concertos coa sanidade privada desde o ano 2019, ou recentemente, hai apenas un par de semanas, que só executou 33,5 dos 80 millóns de euros comprometidos no Plan galego de saúde mental.

Está claro que para acabar cunha sanidade pública maltratada hai que mellorar moito a propia xestión dos recursos económicos que xa temos e decidir con outro sentido onde se destinar, máis tamén non é menos certo que ter máis capacidade económica, ter máis recursos que poder destinar, evidentemente, podería axudar a mellorar este aspecto da nosa vida pública ou calquera outro. En definitiva, podería mellorar os dereitos sociais e darlle a volta ás



consecuencias dunha débeda que precisamente se incrementou cando os gobernos, singularmente os centrais, decidiron dar prioridade ao pagamento da débeda e á crise financeira fronte aos dereitos sociais.

Hoxe Galiza, froito precisamente desa xestión, ten unha megahipoteca. Ten unha megahipoteca este país de case doce mil millóns de euros; unha débeda que o Partido Popular triplicou desde que goberna e que supón case un orzamento dun ano enteiro. Unha quitación da débeda, polo tanto, é evidente que axudaría a paliar un dos maiores problemas económicos que ten este país. E non podemos deixar que esa oportunidade —insisto, sen precedentes— se vaia mentres outros aproveitan. Polo tanto, estamos xa en tempo de desconto. O Goberno ten que decidir, ten que decidir se deixa pasar a oportunidade da quitación por facer seguidismo das ordes de Génova ou se vai por unha vez na súa vida defender este país.

Estamos —insisto— nunha conta atrás que comezou no pleno do 26 de febreiro do Consello de Política Fiscal e Financeira. Ese mesmo pleno que tanto demandou unha e outra vez cunha actitude lacónica o Partido Popular e do que despois, cando chegou, se levantou cunha escenificación absolutamente ridícula e patética, encabezada polo señor Corgos. Alí acordáronse unha serie de criterios de forma multilateral —precisamente o foro que demandaba o propio Partido Popular— e despois houbo, xa saben as súas señorías, outra reunión, no pasado 21 de abril, á cal a Xunta foi; a Xunta quedou sentada, pero durante apenas tres minutos, facendo a estratexia da avestruz. Empregou tres minutos en repenicar o seu argumentario de Génova en lugar de negociar por este país; algo absolutamente indecente. E así vai pasando o tempo, vai pasando o tempo desta conta atrás. Hai máis de dous meses que teñen unha proposta concreta por parte do Goberno do Estado enriba da mesa que abre a vía a unha condonación de máis de catro mil millóns de euros. Iso equivale —quero recordar unha vez máis— ao que gasta a Consellería de Ensino en pagar soldos de profesorado e outros membros da comunidade educativa durante dous anos. Como mínimo, polo tanto, terán que recoñecer que, como punto de partida, non está mal que se inclúan todas as comunidades, que se abra unha posibilidade de negociación e que, ademais, se inclúa a Galiza, porque se inclúan todas as comunidades, independentemente de que adherisen ou non ou de cando fixesen o mecanismo do FLA. Por certo, un mecanismo —si— centralista e perverso, pero que deseñou en exclusiva o Partido Popular.

Polo tanto, poden retorcer a realidade, pero a realidade é que está enriba da mesa o que demandou este Parlamento galego no ano 2023. E, da mesma maneira que co sistema de financiamento ou que con calquera outra repartición dun recurso económico, hai unha serie de criterios obxectivos que podemos debater, se non nos gustan, e podemos propoñer uns diferentes ou parecidos, pero, en todo caso, o Ministerio cumpriu a súa palabra e acaba mesmo de sacar a consulta pública previa á condonación da débeda.

Polo tanto, hai un borrador, e agora a Xunta ten incluso a oportunidade de ir á repesca: de facer antes do 30 de maio aquilo que non fixo durante os dous últimos meses, de poñerse a traballar e de rectificar. Pero parece que diso non vai a cousa, parece que toda esta *performance* que nos está regalando o Partido Popular vai doutra cousa. Parece que vai do Partido Popular máis submisos ás ordes de Génova da historia, do Partido Popular máis contrario aos intereses de Galiza da historia e que máis na dirección contraria do que precisa este país



traballou, e xa dun Partido Popular que incluso está crendo as súas propias mentiras sobre a quitación da débeda. Polo tanto, neste pleno queremos insistir unha vez máis, como fixemos hai quince días co conselleiro Corgos, en que teñen vostedes que rectificar antes de que sexa tarde.

Eu quero recordar unha cuestión máis nesta Cámara. Esta norma, á diferenza do que pasou coas normas de 2012 en diante ou á diferenza do que pasou recentemente co marco de déficit, vaise basear na voluntariedade; é dicir, que vai ter que ser a Xunta de Galiza quen pida adherirse a esta oportunidade. E, polo tanto, a pregunta é se van permitir que, polo seu sectarismo político e por non dar o brazo a torcer e recoñecer que estaban equivocados, Galiza perda esta oportunidade. Esa é a pregunta que nos temos que facer unha vez máis nesta Cámara, e nós insistimos en que Galiza non pode deixar pasar esta oportunidade.

Insistimos tamén en que isto non significa en absoluto renunciar ou deixar de lado outras cuestións que teñen que ver co noso autogoberno económico e financeiro e que son fundamentais e temos que seguir a demandar. Unha delas —e incluímos as tres na nosa proposta de moción— ten que ver coas entregas á conta. Nós compartimos que hai que exixir ao Goberno central as entregas á conta e a compensación dos sobrecustos nos que incorra Galiza de forma inmediata. Evidentemente, insistimos tamén en que se Galiza tivese outro sistema económico non tería este problema, como non o ten hoxe, por exemplo, o País Vasco, que tan recentemente visitou o presidente da Xunta.

En segundo lugar, tamén insistimos en abordar todo o que ten que ver con mellorar o autogoberno económico e financeiro nas negociacións que hai abertas sobre o sistema de financiamento. Insistimos, foi o BNG o que trouxo este debate unha e outra vez a esta Cámara, pese a que nós si temos unha proposta concreta. Polo tanto, desbloqueen esta cuestión para que haxa un debate concreto sobre isto no Parlamento galego. Nós temos claro que a Galicia lle iría mellor coa chave dos seus cartos. En todo caso, debatámolo e que saia algunha proposta deste Parlamento. E, por último, insistimos tamén na nosa moción en que hai que abordar a concreción da quitación da débeda para paliar o que é un dos problemas máis importantes que ten este país, que é ese hipotecazo millonario que nos deixou o Partido Popular durante os seus anos de goberno, triplicando a débeda, a cal deixa xa en case doce mil millóns de euros, e, polo tanto, cada euro que se aforre no pagamento da mesma será un euro máis para reinvestir nos servizos públicos. Tres propostas —e con isto remato— que son lóxicas e necesarias e que se entenden desde o que debería ser o mandato deste Parlamento galego, que é pensar por, para e desde Galiza. Polo tanto —insistimos—, as oportunidades definen a nosa vida, incluso as que se nos van. Non deixemos que a Galiza se lle vaia esta oportunidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra a señora Iglesias.



A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Volvemos falar da quitación da débeda pública que ofrece o Goberno de España, presidido por un socialista, de 4.000 millóns de euros para Galicia; iniciativa que trouxemos o Grupo socialista de Galicia a este Pleno en marzo de 2025, neste período de sesións. E seguimos sen saber que vai facer o mandadiño do señor Rueda, que prefire ir a Madrid a esa preparación do cónclave do Congreso Nacional do Partido Popular que presidir o Consello da Xunta neste luns pasado. Xa que, logo do Debate do estado da Autonomía, oteouse no horizonte unha posibilidade —atentos ao que fixo o Partido Popular— de se o Goberno de España poñía enriba da mesa 4.000 millóns de euros. Demagoxia en estado puro e toda unha burla, nun debate que exige rigorosidade sobre un asunto que beneficia si ou si os galegos e as galegas.

Señoría, debemos estar —e dígoo moitas veces neste hemiciclo— á altura da nosa representación institucional. Para Galicia, a proposta do Goberno de España de quitación da débeda de 4.000 millóns de euros é boa, sen paliativos. E, sobre todo, esta é unha proposta que inclúe todas as comunidades autónomas en réxime común e, curiosamente, entre as máis beneficiadas por isto non figura Cataluña —aínda que pensaban e dirán que si—, senón que as máis beneficiadas pola quitación da débeda que ofrece o Goberno de España son comunidades autónomas gobernadas polo Partido Popular. Curioso, ¿verdade? Curioso. Aveciño unha marexada, dobre marexada nesas comunidades autónomas, nese conclave do PP que teñen en xuño, á altura da elección dun papado, onde realmente vai ser moi complicado conciliar intereses contrapostos en comunidades autónomas gobernadas polo PP cando esta cuestión da débeda pública se poña enriba da mesa. Tempo ao tempo, tempo ao tempo.

E no Grupo socialista de Galicia estamos convencidos de que realmente o señor Rueda finalmente aceptará esa quitación, porque si que ten que ser solicitada formalmente pola Comunidade Autónoma galega por unha razón simple e de sentido común que todos podemos entender: que é boa para Galicia. E, sobre todo, ¿por que? Porque beneficia o noso país, radicalmente si. Ninguén entendería que nos toque a lotería e que non vaíamos recoller o premio, ¿non, señor Pazos? Non sei. Se é do sentidiño do que tanto presume o PP, neste caso máis ben é un sen sentido. Feijóo manda, Rueda obedece e Galicia perde. Seguidismo sen pensar en Galicia.

Pero fagamos un pouquiño de memoria. Alá polo 2010, cando gobernaba no Goberno de España Zapatero, dicía o PP o mesmo: o novo modelo de financiamento responde ás necesidades persoais do presidente do Goberno e tamén é porque quere satisfacer os seus socios de Cataluña. ¿Sóalle esa música? A mesmiña que agora. Eu preguntome: se tan perverso era o sistema de financiamento autonómico aprobado polo Goberno de Zapatero, ¿que fixo M. Rajoy para cambialo? Nada de nada. E tempo tivo desde decembro de 2011 a xuño de 2018 cando presidía.

Pero a verdade era outra, señorías. A verdade é que naquel intre, igualiño que agora, a única vontade é a de destruír e confrontar; especialmente, todo o que sexan propostas do Grupo socialista, que é presidido por Pedro Sánchez, un socialista. É así de sinxelo. É boicotear por



razóns partidistas, nun PP que agora está presidido por un galego un pouquiño desnortado en Madrid que dá estas ordes aos seus deputados e deputadas en Galicia: votar «non» á subida do salario mínimo interprofesional, que beneficia os traballadores e traballadoras; «non» ao ingreso mínimo vital; «non» á reforma laboral, que tamén beneficia o noso mercado laboral; «non» ao incremento das pensións; «non» á excepción ibérica; «non» á axenda de estabilidade orzamentaria; «non» aos anticipos á conta, ás entregas á conta, votados en contra polo Partido Popular no 28 de xaneiro de 2025. Iso é o que digo eu. ¿Como se explica? Pois non sei, señorías, eu creo que ao mellor se explica porque Feijóo segue sen aceptar que non foi presidente porque non quixo. Esa é a única razón. (*Aplausos.*) E a historia repítese: mesmo *modus operandi*, confrontación sen unha soa aportación no sistema de financiamento autonómico, sen unha soa aportación para a negociación da quitación da débeda que se ofrece de 4.000 millóns de euros. E o peor de todo: aquí, en Galicia, o seguidismo do presidente da Xunta de Galicia, o señor Rueda.

Argumentos para aceptar a quitación? Moitos, sinxelos e de sentido común; financeiros tamén.

Temos unha débeda acumulada de 14.000 millóns de euros; triplicouse dende o ano 2009, cando tiñamos 4.900 millóns. Ese mantra de bos xestores cae como un castelo de naipes e, sobre todo, tamén cae esa imaxe de moderado do señor Feijóo, cando é o artífice dos pactos coa extrema dereita neste país.

Galicia paga agora 1.700 millóns de euros de xuros pola débeda: a terceira consellería, polo incremento de gastos; é dicir, un dez por cento do total da Xunta de Galicia.

Terceira razón: a quitación proposta representa un 33 por cento da débeda total de Galicia: un de cada tres euros xa non será débeda galega.

Cuarta razón: se se acepta a quitación da débeda, deixa de ser débeda galega, mutualizarase coa débeda estatal, o cal permitirá, señor Pazos, ter maior capacidade de gasto. ¿Por que? Polo aforro en xuros, que agora, evidentemente, está pagando Galicia por esa débeda, que son uns 100 millóns de euros anuais.

Quinta: o plan de condonación da débeda é para todas as comunidades autónomas. É un pacto, unha proposta de Estado en termos de equidade e solidariedade territorial, e supera todas as previsións que tiña en canto a contías. ¿Por que? Porque se vai co criterio de po-boación axustada, que fai que se paguen máis cara..., os beneficios..., os servizos públicos na nosa comunidade autónoma.

Ademais, saben ben, señorías do PP —se non, dígollelo eu—, que non é un modelo feito para Cataluña. ¿Por que? Primeiro, porque Cataluña terá unha condonación do 20 por cento; Galicia, do 33 por cento. Se é bo para Cataluña, mellor para Galicia. E dous, a comunidade autónoma á que máis débeda se lle condonará será a Andalucía: máis de dezaioito mil millóns de euros. As comunidades autónomas que máis débeda terán per cápita serán: Andalucía, PP; Comunidade Valenciana, PP, e Murcia, PP. Marexada, dobre marexada, aveciño eu. Non sei como vai saír ese cónclave, porque ao mellor Feijóo entra Papa e sae cura de parroquia. Cura de parroquia, señor Pazos.



Por outra banda, tamén sabe que para falar do sistema de financiamento autonómico, hai que tamén falar do ilusionismo fiscal irresponsable que practica o Goberno galego. Galicia non aproveita ao máximo o seu autogoberno en política fiscal, en materia de tributos propios, en materia de tributos cedidos e, sobre todo, ten un modelo fiscal que favorece os poucos e prexudica a maioría. Incoherencia absoluta. Queremos unha xustiza redistributiva e social no noso país que non deixe ninguén atrás.

Presentamos unha emenda á moción do BNG en dous puntos. No primeiro, no tema de que o Goberno galego realmente se comprometa a apoiar publicamente a norma pola que se transfiren os anticipos á conta de 700 millóns de euros comprometidos nesta anualidade, da cal o PP votou en contra no 28 de xaneiro de 2025. E dous, queremos unha corresponsabilidade fiscal pero no réxime común, e esta proposta está feita en termos —como dicía— de equidade e solidariedade territorial, a cal cremos que non defende o BNG ao defender o sistema de concerto económico, que os socialistas de Galicia pensamos incluso que non beneficia a Galicia en termos financeiros. Porque —se nos comparamos con outras comunidades autónomas— somos unha comunidade autónoma, en termos de PIB e de envellecemento da nosa poboación, que non é rica. Por tanto, o concerto económico non vai beneficiar a Galicia.

En definitiva, Galicia ten enriba da mesa unha proposta enormemente ambiciosa de condonación da débeda por máis de 4.000 millóns de euros que ten que pedir o señor Rueda —a ver que vai facer—, e que supón o primeiro gran paso para avanzar nun sistema de financiamento autonómico que nós, os socialistas de Galicia, tamén queremos. Pero vostedes gobernan. Acepten a quitación, e logo negocien...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora IGLESIAS REY: ...o sistema de mediación autonómica poñendo a Galicia na cabeza e no corazón.

Saben que negarse a aceptar a condonación responde en exclusiva aos intereses partidistas dunha oposición destrutiva, que é o señor Feijóo, que é o que verdadeiramente parece que manda aquí en Galicia.

Queiran máis a Galicia, teñan máis personalidade, máis principios e máis conviccións.

Moitas grazas. Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, que renuncia á súa intervención.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, Señor Pazos.

O señor PAZOS COUNAGO: Moitas grazas, presidenta.

Señorías.



A verdade é que criticar as viaxes e os desprazamentos do señor Rueda mentres o párroco da súa parroquia un día máis está ausente incumprindo as súas obrigas parlamentarias, señora Iglesias, é curioso. (*Aplausos.*)

Mire, eu vou empezar agradecendo que o BNG plantexe, por unha vez, unha proposta sensata na súa proposición non de lei, aínda que sexa copiando unha demanda da Xunta do Partido Popular, para exixir ao Estado o pagamento das entregas á conta pendentes e a asunción dos sobrecustos causados a Galicia pola negligencia do Estado. Unha actuación dolosa —e incluso atreveríame a dicir que revanchista— por parte do Goberno do señor Sánchez, que supón que Galicia deixe de ingresar 127 millóns de euros ao mes, aos que habería que engadir uns 14 millóns de euros en xuros ao final do ano.

E, todo isto, claro, ¿por que votamos que non? Porque o mesturaron vostedes nun decreto ómnibus. Eu creo que calquera galego entendería que se mañá na comunidade de veciños o presidente nos propuxese nunha mesma votación que aprobásemos unha rampla para persoas con discapacidade e que montásemos un pub no portal, como estamos en contra do pub, votásemos que non, e vostedes dirían que estamos en contra da discapacidade. (*Aplausos.*) ¡É brillantísimo o seu plantexamento, señorías, brillantísimo!

Pero bueno, do mesmo que agradezo unha cousa, debo lamentar que aquí remate a sensatez do BNG, que insiste en antepoñer unha vez máis os intereses ideolóxicos aos intereses lóxicos do pobo galego, voltando a defender unha quitación da débeda ruinosa para Galicia, pero —iso si— coherente coas vellas consignas da UPG. O profesor Alonso Montero —fillo adoptivo de Lugo, recentemente nomeado, por certo, co voto en contra do BNG— no outro día nos regalaba no seu discurso na RAG, co gallo do Día das Letras Galegas, unha das cancións favoritas de Castelao, que fai referencia á delicadeza coa que debe ser tratada unha namorada: «O amor que a min me leve, ha de ter a man lixeira, ha de coller unha rosa sen abalar a roseira». E eu estou seguro de que as señorías do BNG queren Galicia tanto como calquera das señorías do Partido Popular. O problema é que vostedes para alcanzar esa rosa do independentismo están dispostos a talar a roseira completa, e iso non o podemos aceptar. (*Aplausos.*)

Mire, resulta sorprendente a súa teima en reclamar que aceptemos unha proposta de quitación da débeda que rexeitaría calquera párvulo con coñecementos básicos de matemáticas e un mínimo sentido común, pero o fanatismo nacionalista impídelles mudar de opinión, ao tempo que lles impide tamén mudar de tema; e por iso insisten teimosamente na mesma cuestión, namentres —iso si— van acumulando rectificación tras rectificación dos seus propios e puerís argumentos.

Hoxe e no outro día ridiculizaban iso que dicíamos de que pedimos 4.000 millóns de euros como unha condición inescusable para aceptar esa proposta de débeda. Vostedes ridiculizaron esta cuestión esquecendo —iso si— que foron vostedes os que afirmaron que disporíamos deses cartos se aceptábam os a débeda. E nós reclamamos eses 4.000 millóns, os mesmos aos que aludía o señor don Xulián Besteiro, así denominado agora polo seu propio grupo —supoño que polas ausencias xa non recordan nin o nome—. O secretario xeral do PSdeG —cito— subliñou que «os 4.000 millóns de euros poderían liberarse para facer moi-



tísimas cousas boas en Galicia, como a construción de 40.000 vivendas públicas, a eliminación de peaxes ou o financiamento do salario do persoal sanitario educativo durante anos». Moito gasto me parece só para os intereses. Efectivamente, vostedes defendían que iamos ter 4.000 millóns máis. O mesmo que defendía a señora Pontón. Cito: «¿De verdade que a submisión e o servilismo do señor Rueda poden chegar ao extremo de que queira que Galicia perda 4.000 millóns de euros que poderíamos destinar á sanidade, á educación, á dependencia e á vivenda?». E agora búrlanse porque reclamamos os 4.000 millóns que vostedes lles prometeron aos galegos —hai que dicir, iso si— enganándoos flagrantemente unha vez máis.

Miren, señorías, nin os cartos medran nas árbores nin as débedas desaparecen por arte de maxia. A operación que se nos ofrece é unha mutualización da débeda deseñada para contentar, efectivamente, os socios parlamentarios do señor Sánchez a cambio de prolongar a súa estadía en Moncloa uns meses máis, sen ter en conta en ningún momento nin as necesidades, nin os intereses, nin a opinión de Galicia. Porque, señora Presas, o que se aprobou no Consello de Política Fiscal e Financeira foi exactamente a proposta do Goberno, que, por certo, ten maioría absoluta nese consello, e, polo tanto, está na súa potestade de facelo e non modificou nin unha coma.

Pero, xa que insisten en argumentos infantís, vanme permitir que me poña un momento á súa altura, e faga unha demostración do que está acontecendo. Mire, neste cadriño explicámolo claramente. (*O señor Pazos Couñago amosa unha infografía.*) Isto é a rebaixa que suporía a quitación da débeda na débeda que ten cada galego respecto da Xunta. Efectivamente, baixaría 1.477 euros. Pero o problema é que os galegos tamén temos unha débeda, da que nos facemos cargo, co Estado, e esa débeda ascendería 1.698 euros. Sumando e restando, que non é moi complicado, a diferenza é que cada galego debería 221 euros máis do que debe hoxe. Eu creo que é algo bastante sinxelo de explicar. E esta, autenticamente, é a realidade do atraco fiscal que se pretende perpetrar ao bolsillo dos galegos. E vostedes, en vez de avisar a policía ou de acudir no auxilio do atracado, o que están é na acera, mirando a escena, facendo apostas sobre se o atracado finalmente vai entregar ou non vai entregar a carteira ¡Que gran servizo lle prestan vostedes a Galicia, señorías, que gran servizo! (*Aplausos.*) ¡Deben de estar moi orgullosos!

Mire, Galicia non ten un problema de débeda, senón de financiamento, e, namentres perdemos o tempo debatendo unha quitación que só beneficia os que peor xestionaron as súas contas públicas, o señor Sánchez négase unha e outra vez a abordar o problema real dun financiamento xusto para os que si fixemos os deberes, e que —si— xa abordou o señor Rajoy, que impulsou e completou os traballos técnicos que realizaron os técnicos. Por certo, os de Galicia nomeámoslos vostedes e nós conxuntamente, e levan metidos nun caixón desde o 2018, en que chegou o señor Sánchez ao Goberno. Un pouquiño de memoria, un pouquiño, señoría.

Acúsannos de triplicar a débeda, pero —iso si— ocultan que pasamos de ser a cuarta comunidade máis endebedada a ser a cuarta con menor débeda, e que estes de aquí, que somos nós, (*O señor Pazos Couñago amosa unha gráfica.*) e que din vostedes que triplicamos a débeda, agora temos que facernos cargo dunha parte dos que a cuaduplicaron, quintuplicaron e sex-



tuplicaron. É vostedes din que isto é o gran negocio de Galicia; comprenderán que nós non podemos compartilo.

Mire, Galicia non tivo que ser intervida, non tivo que ser rescatada, mantivo o seu goberno intacto, e, home, eu pediría un pouco de respecto para o Goberno que sacou adiante a peor crise da nosa historia, cuns resultados que hoxe nos fan... (*Murmurios.*) Pero señorías, eu volvo repetir... É que fan así, fan o xestiño das tesoiras. Recórdolles que fixeron vostedes o maior recorte social da historia da nosa democracia e que aínda andan paseando por aí o presidente que firmou iso que si que era unha sentenza de morte para moitos, moitos españois que se viron privados de recursos que vostedes lles quitaron despois de prometerlles que ían ingresar na *Champions League* da economía europea. (*Aplausos.*) ¡Un pouquiño de memoria, señorías!

Como colofón a todo este disparate, o BNG insiste en reclamar un concerto económico que significaría o afundimento total da economía galega: entre dous mil e tres mil millóns de euros menos de ingresos por ano, segundo o Foro Económico de Galicia. Un concerto defendido por un único autor, que, por certo, se sentiu ofendido porque eu dixen que non me constaba a súa formación académica naquel momento. Hoxe si me consta e non teño ningún inconveniente en recoñecer publicamente a licenciatura en económicas do señor Díaz. Pero tamén lle digo que ese licenciado é o único sustento da proposta de concerto do BNG, fronte aos dous conselleiros de Facenda, un catedrático en Economía, tres doutores en Economía e os tres profesores de Economía Aplicada que compareceron na Comisión de Financiamento, ademais de todos os que forman parte do xa mencionado Foro Económico de Galicia. Igual é que ten algo máis de peso a militancia na UPG do licenciado que a súa propia licenciatura. ¡Non sei se será iso...! (*Aplausos.*)

En todo caso, unha vez máis, o ideolóxico antes que o lóxico; unha vez máis, os intereses da UPG antes que os intereses de Galicia. Está moi ben que vostedes defendan que hai que ter as chaves da caixa, pero eu creo que á maioría dos galegos o que lles gustaría saber é, á custa de ter esas chaves, canto de baleira están dispostos vostedes a deixar esa caixa. Eu creo que aos galegos lles importa moito máis ter os recursos á súa man, á súa disposición, para que se lles preste servizos públicos de calidade, que satisfacer as ansias independentistas do Bloque Nacionalista Galego.

E, como non teño máis que dicir, si me despido aportando un dato, para desmentir un máis dos bulos recorrentes que se verten aquí, comprobado hai cinco minutos no IGE na súa propia páxina: pediatras en 2008, 322; pediatras en 2023, 325. Pasa coa débeda: unha cousa son as ensoñacións... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, tres pediatras máis e 30.000 nenos menos; iso é o que pasa cando non se fan as contas axeitadamente.

Máis nada, señorías. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, a señora Presas.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Mire, señor Pazos. Para amor tóxico, o seu con Génova. Non lles deixan ter opinión propia, non poden ir negociar a Madrid porque tampouco lles deixan saír da casa. É que é *red flag* tras *red flag*; maltrato de libro, maltrato a Galiza. (*Aplausos.*)

Dígolle unha cousa, sinceramente. Oxalá houbese algo en materia de demandas económicas e financeiras do Goberno da Xunta que poder copiarlles, ¡oxalá! Pero a verdade é que lamentablemente non é así, á diferenza de cando vostedes acertaban cando copiaban propostas do BNG. Como cando decidiron levar o Estado ao tribunal para reivindicar o IVE de 2017. Trouxémolo a esta Cámara e ata dúas veces votaron en contra, dicían que non; logo por fin foron e recuperamos esa contía. Oxalá houbese cousas que copiar do Partido Popular, pero lamentablemente a historia demostra que acertou Galiza cando vostedes nos copiaron a nós. Entón, seguiremos insistindo.

E no BNG non empregamos argumentos infantís, porque non nos fai falta, porque nos sobran os argumentos, os obxectivos e os políticos, señor Pazos. Sóbrannos absolutamente, e temos respecto a este país e por iso os usamos.

Claro que hai un problema de débeda neste país. ¿Como se pode dicir que non hai un problema de débeda neste país, se a triplicaron desde que entraron no goberno? ¡Se chega case aos doce mil millóns de euros, que é case o volume dun ano enteiro de orzamento! (*O señor Pazos Couñago amosa unha gráfica desde o seu escano.*) ¡Dálle a risa! (*A señora Presas Bergantiños amosa un documento.*) ¿Dálle a risa vendo esta gráfica? Esta é a evolución da gráfica do orzamento da Xunta, ¡as súas propias gráficas! Non a fixo Pepe Díaz, que a faría moito mellor; é do seu orzamento. Peso por habitante, peso tamén dos xuros no propio orzamento da Xunta. É un problemón, porque vostedes destinan máis en cada orzamento ao pagamento da débeda, señor Pazos, que a toda a Consellería de Política Social. ¿E logo veñen aquí dicir que o problema para tratar o avellentamento neste país son as propostas políticas do BNG? Pero, ¿que é iso, un chiste de mal gusto? Ese non é un argumento infantil; é un argumento ridículo, que un neno de primaria non empregaría nesta Cámara. (*Aplausos.*) (*O señor Pazos Couñago amosa unha gráfica desde o seu escano.*)

En todo caso, nós insistimos desde o minuto 1: ¿é suficiente a quitación da débeda para acabar con todos os problemas económicos e financeiros e de insuficiencia de recursos que ten este país? Por suposto que non, fomos os primeiros en dicilo. Por iso somos a única forza política que, desde 2014, mentres uns e outros calaban ante os seus xefes en Madrid, estivo reivindicando que este Parlamento tiña que dar un debate sobre esta cuestión e levar unha proposta de país.

E oían, nós temos unha proposta, claro que a temos. E o problema deste país non é a proposta do Bloque Nacionalista Galego; o problema deste país é o que deixan os demais de facer. Porque Galiza non é un país pobre, señor Pazos —nin señora Iglesias—; Galiza é un país empobrecido. Empobrecido por un centralismo que enche as súas sacas dos recursos dos galegos e galegas. (*Aplausos.*)

Nós, efectivamente, temos unha proposta de máximos, que é cambiar de modelo, que é ter máis soberanía económica, sen ningún tipo de complexo, confiando no noso país e en que



temos que recadar nós mesmos e mesmas os nosos recursos e negociar despois co Estado que parte lle devolvemos. Efectivamente, esa é a nosa proposta de máximos, e nunca invalidou a nosa capacidade desde o propio ano 2013, en que se constituíu unha comisión específica neste Parlamento, para facer propostas concretas sobre o modelo.

Mais a cuestión que hai que preguntarse é: ¿cal é a proposta do centralismo? ¿Que lle ofrece o centralismo a este país? Seguir botando balóns fóra uns aos outros para que sigamos outros dez anos sen un novo sistema de financiamento, e, ao mesmo tempo, perdendo a oportunidade histórica de negociar unha quitación da débeda, simplemente porque non lles deixa o seu xefe en Madrid e simplemente porque lles proe que realmente se hai ese debate aberto enriba da mesa é porque hai un Goberno do Estado en minoría. Porque efectivamente o Partido Socialista hai que obrigalo a actuar, e o BNG está facendo iso: defendendo os intereses de Galiza e facendo que co seu peso en Madrid se negocie a favor deste país e haxa avances concretos.

Hoxe Galiza pode optar a ter unha quitación da débeda á que hai dous anos non estaba claro que puidese acollerse. Iso é un éxito para este país...

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e vostedes deben aceptar esa proposta ou intentar melloralala. Deben facer de goberno de Galiza no lugar de servir os seus intereses partidistas.

Non, non aceptamos a emenda.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ariadna Fernández González, sobre o modelo da atención prestada nos centros de menores e os seus recursos

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra a señora Fernández González.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

Para min, para o Bloque Nacionalista Galego, isto debería ser a vida dun neno ou dunha nena: (A señora Fernández González amosa uns folios en branco.) unha páxina en branco, un libro onde poder escribir e no que poder traballar e apoiarse. A pregunta é: ¿que son para vostedes os nenos, as nenas e os adolescentes do sistema de protección de Galiza? ¿Que significan para vostedes? Sabendo sobre todo que son a súa responsabilidade, a responsabilidade de todas e todos nós, e que debemos cumprir con eles. E aí o problema é que xa se



perden os lapis, xa se perden os bolis, xa se perden as páxinas en branco e entran en xogo outro tipo de cousas.

Esa historia xa está escrita. É unha historia escrita a ordenador, en branco e negro, *Times New Roman*, tamaño 12, sen nomes, amontoada despois doutros centos delas e antes doutros miles delas. Nun caixón, sen que o Goberno poña nada máis, absolutamente nada máis, que a tinta e a impresora. Sen que importe que te chames Lidia, que te chame Sara, que te chames Daniel ou que te chames María. Porque para o Goberno galego o nome aquí, no sistema de protección, non importa demasiado. Casos. Punto. Ca-sos. É a realidade de todos aqueles que malviven agora mesmo co seu sistema de protección. Nada de escribir a man, nada de carne e óso, nada de persoas. Nada de nenos, nada de nenas, nada de adolescentes. Expendientes, casos e números.

E, se son inmigrantes, aínda máis. Se son inmigrantes pois xa entra en xogo a política da pillería, da pillería dos votos. Aí repiten mantras, cos medios de comunicación manipulados por vostedes mesmos, e dan por feito que os galegos e as galegas ou non vemos, ou non oímos —somos xordos, somos cegas— ou simplemente somos unhas desinformadas. Aí xa empeza a xogar a partida o racismo e o clasismo, co que se poñían moi nerviosos nas últimas intervencións, especialmente a súa conselleira.

Se falan coma racistas, actúan coma racistas e teñen discursos racistas entendo que son racistas. (*Aplausos.*) Así que, se queren que deixemos de repetilo, o único que teñen que facer é deixar este tipo de discursos. ¿Parécelle que non, señor Lorenzo? Hai que lle preguntar ao Foro Galego da Inmigración por que pide a dimisión da súa conselleira por declaracións racistas, entón. (*Aplausos.*) ¡Non todo o mundo pensa coma vostede!

Somos a viva imaxe da emigración, e o único que teñen que facer para respectar a inmigración —xa que somos un pobo de emigrantes— é non baixar aquí dicir que teñen un tío ou un sobriño, unha avoa ou unha nai que emigrou, senón coller, baixar aquí, respectar os emigrantes e teñen o papel solucionado. É o que teñen que facer.

E, dentro das súas virtudes como Goberno, non se destaca a empatía en ningún ámbito; jen ningún! Poñerse no lugar das traballadoras sociais agora mesmo non é a súa opción; poñerse no lugar das educadoras non é a súa opción; poñerse no lugar das familias biolóxicas e das acolledoras non é a súa opción; e, por suposto, menos aínda é poñerse no lugar dos nenos, nenas e adolescentes do seu sistema de protección. Aínda que agora, segundo as declaracións de todos os que viven e traballan nel, poderíamos chamarlle «sistema de desprotección».

Porque protexer significa amparar, favorecer e defender. ¿A quen van amparar vostedes, señorías do Partido Popular, desde o seu Goberno, cando teñen o sistema sobrepasado e recoñecen que está ao 108 por cento da súa capacidade? ¿A quen van amparar, cando non invisten todos os cartos que teñen na Consellaría de Política Social e deixan parte dos orzamentos sen executar, podendo mellorar este sistema de protección? ¿A quen van favorecer vostedes —¿ja quen!?— cando non se sabe nin sequera cantos nenos e cantas nenas hai agardando a ser protexidos? ¿Cantos nenos están agora mesmo sendo vítimas de abuso, sendo vítimas de maltrato? ¿Cantos nenos e nenas viven nunha situación de pobreza severa? ¿Cantos nenos



e nenas viven así? Cando interveñan poden aclararnos as cifras, aínda que vostedes non son moito de dar cifras. ¿E a quen van defender vostedes, cando son vostedes precisamente, señorías, os que atacan os inmigrantes e din que van rebentar o seu sistema? É máis, non sei se o saben, señorías do Bloque Nacionalista Galego, pero o problema do galego agora son os inmigrantes. ¡La ridiculez personificada! (Aplausos.)

Non houbo ninguén, absolutamente ninguén, nin unha soa familia biolóxica, nin unha soa familia de acollida, nin unha soa traballadora ou traballador social, ninguén que contactase comigo ou con quen eu contactase —¡xa sería mala sorte que contactase con todos os negativos!— que me falase de xeito positivo do seu sistema de protección. ¡Ninguén!

Pero é que é complicado que alguén fale positivamente deste sistema. Eu non sei se se reuniron vostedes con elas ou con eles. É complicado facelo cando externalizan o oitenta por cento do sistema de protección; están en mans de empresas privadas os nenos, as nenas, os adolescentes. É complicado cando precarizan laboralmente todos e todas as traballadoras do sistema —todos e todas—. É complicado reunirse cando non aportan nin medios económicos nin persoais abondos con esa xente. ¿Quen de vostedes sería capaz de reunirse coa familia dunha crianza á que levan acollendo desde hai catro anos e que, por falta de traballo coa súa familia biolóxica, por falta de tempo investido nesa crianza, volve, despois de catro anos en acollida, a un centro residencial de menores con menos de seis anos, sen ter contacto coa súa familia de acollida desde ese momento. ¿Quen vai reunirse con esa nena e explicarlle o que pasou cando teña 18 anos? ¿Quen de vostedes se vai reunir cunha rapaza que leva varios anos integrada, igual que a súa irmá, nunha familia de acollida, á que ninguén axuda cando ela pide axuda porque necesita axuda psicosocial? ¿Quen vai reunirse con ela despois de ingresala nun centro residencial para cumprir medidas xudiciais derivadas do abandono do seu caso? ¿Quen lle vai dicir a esa familia por que a rapaza que acolleu acabou aí? ¿Por que a rapaza pediu axuda e ninguén lla prestou? ¿Quen lle vai dicir á súa familia por que non lle deixaron axudala, por que non lle deixaron levala a terapia? ¿Por que? ¿Quen se vai reunir con esa nena cando teña a maioría de idade? ¿Quen se vai reunir cun bebé ao que a Audiencia Provincial de Pontevedra reintegrou na súa familia biolóxica despois de encontrar signos de desprotección no centro no que vivía por sobreocupación? ¿Quen lle vai a explicar que estivo na UCI pediátrica, que ten varios procesos de saúde graves e que ten unha malformación do cranio por pasar horas deitado na mesma posición sen que ninguén o cambiase? ¿Quen vai explicarlles todo isto?

A min non me gustaría ser vostedes. Primeiro, por conciencia —ese é o primeiro motivo— e, logo, porque non sería capaz de reunirme e mirar á cara todas aquelas e todos aqueles aos que desprotexín. (*O señor Lorenzo Gómez pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿«Senverganza», estame chamando o señor Lorenzo? ¿Non? ¡Ah! Pensei. Non me gustaría ser vostede... (*O señor Lorenzo Gómez: eu non dixen nada.*) ¡Ah! ¡Imaxineino! (Aplausos.)

Dicía a señora García o outro día que estaban axudando os menores para que todos e todas cheguen tan lonxe como se propoñan. Lonxe si que deberían estar todos vostedes; ¡lonxe do sistema de protección, lonxe destes nenos e, sobre todo, lonxe do Goberno deste país!

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto. Señor Ojea. *(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)* Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Bo día.

Cando nos toca falar da nenez, desa idade, diso ao que lle chaman «a patria do home», que é a infancia, adoitamos ter ás veces un sentido épico, outros lánguido e outros unha reminiscencia. Pero realmente o que tiñamos que ter é responsabilidade sobre o que acaece, porque —como dicía un pedagogo polaco de nome impronunciable, Korczak— ao final os nenos non son o futuro, os nenos son o agora. Entón, estamos precisamente no agora, que en Galicia —a cuarta comunidade que máis menores ten de seis anos que viven en centros de acollida— ten unhas cifras que realmente teñen que chamar a atención, porque hai máis de dous mil nenos que están tutelados pola Xunta de Galicia. Repartidos ou ben en centros de menores ou ben en familias de acollida; diferentes cifras por diferentes provincias e entidades poboacionais. Pero que é unha cifra que nos está falando dunha inflexión no sistema e, posiblemente, dunha mala percepción do que ten que ser coidar o futuro, porque —como dicía este pedagogo— o futuro é agora para estas crianzas.

Por iso nos parece acaída esta iniciativa, no senso non só de que estamos a falar dun problema que atinxe unha porcentaxe alta da infancia en Galicia, senón porque hai, ademais, outra infancia, que son os menores non acompañados —que ademais está enriba da mesa— e que veñen ser tamén parte desa poboación que nos está facendo a todos un gran favor, que é sustentar a emerxencia demográfica do noso país. Temos que darlle unha resposta, pero mala resposta podemos dar cando temos os centros de menores despersonalizados e sen esa inflexión que dicía a deputada do Bloque de falar de casos e non falar de números; aínda que o importante aquí é o número de menores que están nos centros e en situación de acollida, e que están despersonalizados destes casos que moitas das veces nos están dando o relato dunha situación que está moi lonxe de ser resolta. En primeiro lugar, porque o Decreto sobre o que se basea, o 329/2005, é un decreto que ten case vinte anos. E en vinte anos esta sociedade cambiou en todos os aspectos; pero se en algo cambiou foi na conformación familiar e mesmo no concepto que temos da infancia. Porque, ademais, hai unha Lei de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia ou os cambios que hai na estrutura familiar.

Ademais, ese cambio no decreto ten que ser un cambio participativo, e a Consellería está de costas ao persoal técnico que traballa en menores. Non hai ningunha relación, non hai unha ponte de diálogo para que poida reverterse esa situación e mesmo escoitemos o que está a acontecer en moitos centros de menores, onde os menores pasan días, semanas, sen unha atención psicosocial cando entran formar parte do sistema. Así que os consellos sectoriais, os grupos de traballo abertos, as consultas ás familias acolledoras, todo este mare magnum



de persoas implicadas ten que estar nesa nova reformulación dun decreto sobre a inclusión social e, sobre todo, sobre como afrontar o reto dos centros de menores.

Hai que avogar por unha desinstitucionalización do menor, co cal unha das saídas é a rede de familias acolledoras. Neste momento é verdade que hai plans para fomentar as familias acolledoras; plans moi tibios que non participan dunha pulsión por parte do Goberno da Xunta, pero son plans que teñen que ir noutra dirección. Non se pode falar destes plans de sensibilización dun xeito caritativo, senón que ten que ser de compartir unha responsabilidade social. Iso é precisamente a onde ten que ir esa épica da infancia. Non ten que haber plans de sensibilización da caridade e si da corresponsabilidade social.

Dicía que son centros onde os menores non reciben a atención psicolóxica ata varios meses despois da súa entrada no sistema, aínda que teñan sufrido situacións traumáticas. E non a reciben porque están ateigados, porque non é posible, porque non é capaz unha educadora social, unha traballadora social, de dar resposta ás demandas que teñen os centros de menores. Hai unha cronificación da dor e do sufrimento emocional, e iso —e posiblemente esta Cámara non é un sitio adecuado para falar disto, pero é o necesario— son mellas que fan e constrúen a personalidade do ser humano e que son irreversibles en moitos dos casos, máxime cando se producen nese espazo que vai dos cero aos seis anos de idade.

Ten que haber, ademais, unha equidade territorial. Os centros están mal concibidos no territorio e, polo tanto, hai unha distancia do centro e do seu punto de orixe, que é como os casos das residencias de maiores. Ao final, ou por arriba ou por abaixo, temos a igualdade do demérito da sociedade. Están moi lonxe dos seus centros de familiares e, polo tanto, ten que haber unha equidade na repartición territorial.

Cando se fala nesta iniciativa do aumento de recursos e o rexistro de espera, ten que haber un reforzo nas equipas técnicas. É insalvable, tal e como está, a situación nestes momentos en Galicia. Diría que peor inclusive que nas residencias de anciáns. Os nenos non teñen referencias de traballadores sociais, de educadores ou duns psicólogos que atenden como poden fronte a unha emerxencia infantil en todos os centros de Galicia. Ten que haber incremento de prazas e incremento de persoal, porque as situación rozan —como dicíamos aquí— a vulneración dos dereitos da infancia. E, ademais, hai que apostar por crear un rexistro de espera. Isto é interesante pola transparencia, pero tamén é delicado; debe facerse respectando a privacidade dos menores e evitando calquera estigmatización.

Avogamos tamén aquí por que se precisa un apoio real de formación continuada e acompañamento no persoal que atende estes centros. Equiparar as contías compensatorias, o custo real de crianza para as familias acolledoras, que tamén precisan dunha formación axeitada, non só deses plans e deses programas que se poñen para poñer en valor e para chamar a atención e visibilizar a necesidade das familias.

Falta, sobre todo, un control orzamentario. Moitos dos fondos que se dedican á inclusión social e, sobre todo, aos centros de menores acaban sen ser executados por parte da Xunta de Galicia; aínda que o Estado neste ano 2025 transfere máis de vinte millóns para a protec-



ción á infancia na súa totalidade, e 4,1 millóns serían precisamente á infancia que está en risco de exclusión e ás familias que están en risco de pobreza.

Hai unha frase, ademais, que dicía este pedagogo do que falabamos antes, que coidou dun gueto de nenos xudeus e morreu con eles, ata chegar con eles a un centro do campo de concentración de Treblinka: «se non podes estar á altura dun neno, non debes educalo». Polo tanto, pensamos que tamén non podes gobernalo, non debes gobernalo.

A infancia —que, insisto, non é o futuro, senón que é o agora— é basicamente tamén aquilo que imos ser como sociedade nun tempo futuro. Non pode ser que as medidas que se tomen sexan medidas de terceira división.

Ese infancia sabemos que nunca vai protestar, porque basicamente non hai ningunha familia detrás deles para que proteste. O único que ten como referencia é a educadora ou a traballadora social, pero no último grao o que ten a responsabilidade é o Goberno autonómico. Entón, como non hai ninguén que alce a voz dun xeito particular, dun xeito familiar, están vostedes como Goberno, e nós como poder lexislativo, obrigados a que esa necesidade dos máis vulnerables sexa escoitada, ou ben traendo casos aquí ou ben falando dos números. A nós, como Partido Socialista, dános igual neste sentido. É dicir, podemos ir pola épica ou podemos ir pola cuestión numérica. Pero o caso é...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...que no día de hoxe os centros están abandonados e non hai ninguén que levante a voz polos máis de 2.278 menores que están institucionalizados en Galicia. Así que eu agradecería moitísimo que por parte do Grupo Popular fose adiante esta iniciativa. Porque basicamente é unha medida de prevención de cara ao futuro.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Saudamos os alumnos de Formación Profesional Divino Maestro, fundación educativa de Vigo, que hoxe visitan o Parlamento e que están aquí tamén cos seus profesores. Benvidos a esta institución.

E continuamos. Neste caso correspóndelle ao Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Benvidos todos os alumnos e os seus mestres.

Bos días, señorías.

Señora Fernández, vostede cando fala aquí todo é unha hipérbole. É unha hipérbole se está a falar do medio rural, cando fala da infancia, cando fala de inmigración... ¿Sabe cal é o pro-



blema? O problema é que os recursos retóricos non teñen nada que ver, na maioría dos casos, coa realidade. Cando un quere ser útil na política o que ten que facer é estar atento á realidade e aos datos, aos datos obxectivos. (*Aplausos.*) Porque en política, señora Fernández, autenganarse e intentar enganar os demais é inútil e incluso inmoral.

Vostede sabe perfectamente —porque o sabe perfectamente— que en Galicia temos un dos modelos de protección máis integrador e máis personalizado de España; que nos últimos cinco anos incrementamos un 45 por cento os orzamentos para esta materia. Sabe que somos a segunda comunidade cunha porcentaxe maior de nenos en acollemento familiar: 18 puntos máis que Cataluña e 34 puntos máis que o País Vasco.

Somos unha comunidade tremendamente solidaria cando se trata de acoller menores non acompañados. De feito, estamos acollendo o 16 por cento deses menores, cando por poboación só nos toca o 6 por cento. E estámolo facendo de forma voluntaria.

E si, claro que si, rexeitamos crear guetos, rexeitamos imposicións e exiximos financiamento, equidade coas outras comunidades autónomas para poderlles dar aos menores —a todos os menores, sexan da nacionalidade que sexan— os recursos e a atención que merecen. Iso é o que queremos dende o Partido Popular, iso é o que queremos dende a Xunta de Galicia. ¿Que queren vostedes, desde o Bloque Nacionalista Galego? ¿Que queren? ¿Queren crear eses guetos? ¿Queren que veñan aquí e deixalos abandonados? ¿Ou queren facer como o están facendo agora con aqueles que están pedindo asilo e que de repente se viron que están no limbo?

Vostede, que fala tanto de humanidade, de conciencia, ¿pode dicirme que hai de humano en repartir nenos con criterios unicamente ideolóxicos? Sen preocuparse de en que condicións van estar cando cheguen aos sitios onde os mandan, sen terlles o financiamento necesario. Miren, señora Longueira e señora Fernández, iso non é humanidade; iso é simplemente hipocrisía e populismo, nada máis. (*Aplausos.*) Todos os datos demostran que o Goberno galego ten un compromiso firme coa protección integral á infancia e á adolescencia.

Falaba vostede de pobreza infantil, señora Fernández. Por suposto, nunca estaremos satisfeitos mentres haxa unha soa persoa, un só neno nesas condicións. Pero o feito real é que no día de hoxe Galicia é a comunidade coa taxa de pobreza infantil máis baixa de España. Esa é a realidade. E o obxectivo da Xunta de Galicia é o compromiso firme coa infancia e a adolescencia, cun obxectivo claro de que ningún neno sufra desprotección nin sufra discriminación, buscando unha solución adaptada a cada situación persoal. Apostando, en primeiro lugar, pola prevención, pola intervención temperá, polo acompañamento ás familias, por unha ampla rede de profesionais formados e comprometidos. Uns profesionais que, por certo, son imprescindibles —claro que si— e aos que nós lles amosamos todo o noso recoñecemento e todo o noso apoio.

Galicia conta cunha rede autonómica que, en caso de risco de desprotección, nos permite actuar a través dos centros de atención diúrna, a través dos centros de atención residencial e a través do acollemento familiar. Incluso unha vez que esas persoas acadan a maioría de idade temos tamén programas de acompañamento para conseguir a súa integración no mundo laboral: o programa Mentor, que ten recoñecementos a nivel europeo.



E cando a Xunta detecta que hai unha situación de desprotección que obriga á tutela urxente do menor, asígnaselle o recurso. E asígnaselle independentemente do día do ano que sexa, tanto se é Nadal, como se o 15 de agosto, como se é o 3 de xaneiro ou o 7 de abril, calquera día do ano. E calquera día do ano a calquera hora do día está activo tamén o teléfono da infancia, o 116 111.

Proba do compromiso da Xunta son os orzamentos. Uns orzamentos dos que vostedes sistematicamente votan en contra e que resulta que nos últimos cinco anos, desde o ano 2020, supuxeron un incremento do 45 por cento para atender estes nenos que están no sistema de protección, (*Aplausos.*) ata chegar aos 65 millóns de euros.

E somos referentes no contexto estatal, xa llo dicía ao principio. Porque o noso modelo residencial é un modelo que está descentralizado. Xa o temos descentralizado, señora Longueira, por toda Galicia. Pequenas casas —oitenta en total— que acollen 868 nenos, nenas e adolescentes, cun trato personalizado, integrador e que garanten unha contorna educativa e afectiva asegura.

Pero, por suposto, a primeira opción é sempre o acollemento familiar. E, xa o dicía, somos a segunda comunidade coa maior taxa de acollemento familiar, tendo o 60 por cento cando a media estatal é de só o 51,6 por cento. E logo hai comunidades como Cataluña, que ten o 42 por cento, ou o País Vasco, que ten 36 por cento. Nos últimos dez anos reducimos nun 45 por cento o número de nenos menores de 6 anos que viven en centros de protección. E neste ano estamos incrementamos o 15 por cento as aportacións ás familias que, voluntariamente e desinteresadamente, son familias acolledoras, de xeito que xa desde este mes de maio se incrementaron as achegas mensuais que perciben.

Pero tamén somos referentes en programas adicionais. En colaboración coa Universidade da Coruña temos un programa de atención terapéutica, tamén psicolóxica. Pero é que, ademais, un neno, unha nena ou un adolescente, tanto se está en acollida como se está nas casas residenciais, ten dereito e estánselle pagando os gastos extraordinarios: para médicos, para rehabilitación, para o que sexa. (*Aplausos.*) Teñen axudas para libros, comedores escolares gratuítos, prioridade nas escolas infantís, nas residencias de tempo libre ou desgravacións fiscais.

Por suposto que hai que seguir traballando. Hai que seguir traballando para que cada vez sexan máis as familias acolledoras, claro que si. E traballamos tamén para que aqueles nenos que queiran ir durmir á súa casa teñan centros de día onde estean toda a xornada con seguimento. Máis de catrocentos neste momento. É algo no que tamén somos referentes.

Igual que hai que poñer en valor o programa de intervención familiar, os novos espazos de preservación familiar e tamén os programas de formación para profesionais. Porque, señora Longueira, si que se forma os profesionais, claro que si.

Estamos de acordo con vostede en que hai que modificar o decreto do ano 2005. Pero, miren, é que xa se está modificando. Estase modificando de acordo coas entidades que traballan no sector. Paréceme increíble que a señora Fernández, que o sabe todo e que está en contacto



con todo o mundo sempre, non se teña enterado deste cambio, non se teña enterado de que xa se está traballando neste.

En fin, remato xa, simplemente cunha reflexión. Sobre todo en temas —e sempre que falamos de temas políticos, de temas que afectan a sociedade— tan sensibles como estes, señora Fernández, eu pediríalle menos populismo e máis compromiso real, menos alarmismo e máis contacto coa realidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señora Ariadna Fernández González.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Grazas, presidente.

Mire, dona Raquel, di vostede que sei de todo, pero é que eu non sei de todo. Eu pregunto e escoito, e igual vostede tiña que aplicar ese mesmo *modus operandi*. (*Aplausos.*) Preguntar e escoitar, preguntar e escoitar, e despois gobernar e actuar en consecuencia.

Fala vostede de que son unha hipérbole. Mire, voulle dar aquí unhas hipérboles, ¿vale? Hipérbole da Fiscalía: «falta de recursos e deficiencias na atención». A hipérbole do presidente do Colexio Oficial de Traballo Social: denuncia que se está traballando cos mesmos recursos que fai trinta anos. A hipérbole do presidente da Asociación Profesional de Pedagogos e Psicopedagogos: «falta de planificación, desleixo e externalización sistemática». Hipérbole da presidenta do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais: dille que hai nenos que rematan en centros residenciais porque non se traballou con eles de maneira temperá cando o necesitaban. Gústalle moito as figuras literarias a toda esta xente; non só a min, parece. Hipérbole das traballadoras de Monteledo: denuncian degradación no material, instalacións deficientes, deficiencias nos internos; e os pais denuncian sobremedicación. Hipérbole todo, señora Arias.

Teñen diñeiro para prazas e non as crean. Teñen diñeiro para fomentar o acollemento e non o fomentan. Teñen diñeiro para aumentar as equipas técnicas e séguenlles espetando setenta ou oitenta casos para seguir de media, que non dan nin feito as valoracións nin os seguimentos. ¿Parécelle hipérbole todo isto? É a realidade. É escoitar e traballar; escoitar e traballar. Non fai falta que o saiba todo, simplemente que os escoite a todos eles, que para iso é o Goberno da Xunta e forma parte del. E, para rematar, a hipérbole de que temos un decreto de hai máis de vinte anos que regula o sistema de protección.

Eu non sei de que hipérbole me fala vostede cando hai menores que pasan dez ou quince anos nun centro residencial de menores. Habería que lles preguntar a eles como se senten. E hai traballadores que marchan polas condicións ás que están sometidos; frustrados, cansos e esgotados. Rotan tanto que os nenos nin sequera teñen a capacidade de mostrar un mínimo vínculo con eles, porque non lles dá tempo. Esa é a hipérbole do seu sistema de protección de menores, señora Arias. Esa é a hipérbole.



Eu quero recalcar que, cando saen vostedes sacar peito aquí sobre os aumentos das contías das familias acolledoras, veñen sacar peito de reunirse coas familias e darlles 25 euros máis ao mes, non vos pensedes. ¡Vinte e cinco euros máis ao mes! Recordo perfectamente cando negocieí aí detrás con vostede persoalmente as contías das familias acolledoras. Eu pedíalle que lles desen o que custa criar un neno en Galiza e vostede ¿sabe que pedía na súa hipérbole? Sacar as contías e sacar os prazos, sacar o aumento que eu lle pedía das contías e sacar os prazos. Véxase vostede que compromiso teñen coas familias acolledoras.

Eu simplemente lle vou dicir que precisamos valorar todo o sistema de protección na súa totalidade. É o que piden os traballadores, é o que piden as familias acolledoras e as familias biolóxicas. Respetar minimamente os dereitos dos nenos e das nenas e tomar o seu dereito como algo básico e imprescindible para traballar no sistema.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Saudamos tamén os alumnos de formación profesional do centro Daniel Castelao de Vigo, que hoxe visitan o parlamento. Benvidos eles e elas e os profesores. Grazas por visitar a institución.

Agora continuamos coa última moción.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a garantía de participación institucional dos axentes sociais no deseño das políticas de emprego en Galicia e o actual funcionamento do Consello Autonómico de Em-prego e dos respectivos consellos provinciais e territoriais

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Saúdo os alumnos e alumnas do colexio de FP de Vigo Daniel Castelao.

Hoxe imos falar de emprego nesta iniciativa, porque entendemos as socialistas que se algo define a política laboral da Xunta de Galicia nestes últimos quince anos é a falta de análise rigorosa, de diagnóstico serio, de planificación estratéxica e de control. Esta carencia ten consecuencias directas sobre a vida da xente, e os datos son incontestables. En Galicia, trabállase hoxe, no ano 2025, un seis por cento menos que no ano 2008, último ano de goberno do presidente Emilio Pérez Touriño. Mentres tanto, no conxunto do Estado non só se recuperou o nivel de emprego previo á crise financeira, senón que se incrementaba en 3,2 puntos máis. Se Galicia tivese un resultados ou unha evolución semellante á media estatal, hoxe en



Galicia habería case cento doce mil empregos máis, concretamente, 111.924. Esa é a herdanza real das políticas laborais do Partido Popular na Xunta de Galicia: máis de cen mil empregos perdidos en relación coa media do Estado. Esa é a pegada que deixan quince anos de políticas fracasadas de Feijóo, primeiro, e de Rueda despois.

Pero non só é unha cuestión de volume, é tamén de calidade e de inclusión do emprego. Exemplo diso son os parados e paradas de longa duración; concretamente, 34.000 persoas paradas de longa duración, segundo os últimos datos da enquisa de poboación activa.

Tamén, ¿que dicir da mocidade galega? Que vive unha situación totalmente insostible. O 27,6 por cento dos mozos e mozas teñen contratos a tempo parcial, o dobre que a media de idades. Galicia está entre as catro comunidades coa taxa de actividade máis baixa neste grupo de idade, no grupo da mocidade, cunha caída do 13,9 por cento entre 2008 e 2024, e a taxa de desemprego xuvenil sitúase arredor do vinte por cento.

Nestes quince anos de Goberno do Partido Popular a mocidade galega perdeu poboación, perdeu persoas activas e perdeu persoas ocupadas por riba da media estatal, e a taxa de paro aumentaba máis ca do resto do Estado. Resultado: o Partido Popular Galego carece de políticas efectivas para a mocidade.

E, se falamos de desigualdades, non podemos ignorar a situación das mulleres no mercado laboral galego. As traballadoras galegas perciben case cinco mil euros menos ao ano que os homes e Galicia é a segunda comunidade na que menos se cobra por hora traballada sendo muller. Tamén está a parcialidade na contratación, a brecha salarial, que require políticas activas e recursos específicos. Pero tampouco aquí vemos acción por parte do Goberno da Xunta de Galicia.

Mentres temos un desemprego xuvenil desbordado, unha alta porcentaxe de paro de longa duración e unha brecha salarial e parcialidade para o emprego feminino, faltan traballadores e traballadoras cualificados para moitos sectores produtivos. Esa contradición só se explica por falla de planificación, de anticipación e de coordinación nas políticas de emprego e de formación. Esa carencia importante de traballadores e traballadoras cualificados en moitos sectores é —repito— un síntoma claro dunha política de formación desconectada coa realidade produtiva, feita sen diagnose, sen planificación e sen participación social. Se o Goberno da Xunta quere falar de emprego con responsabilidade, debe deixar de agochar realidades e de evitar a rendición de contas. Como fixo o pasado pleno o conselleiro, intentando confundir e mesturar churras con merinas e, ante a falta de convocatoria dos órganos de participación institucional —o Consello Autonómico de Emprego, os provinciais e os territoriais—, falaba do Consello Galego de Relacións Laborais. Un órgano de grande importancia —si, certo— para as relacións laborais na nosa comunidade autónoma, pero que non ostenta os labores de control das políticas activas de emprego, de dación de contas neste eido nin do seguimento das mesmas, que é do que trataba a interpelación e hoxe esta proposición non de lei.

E, mentres isto ocorre, a Consellería de Emprego nin actúa nin rectifica, porque se algo define a súa acción é a inacción, a falta de políticas personalizadas de acompañamento efectivo, de formación adaptada. Ao mesmo tempo, o noso mercado laboral sofre unha carencia de



traballos cualificados en moitos sectores. Isto é un síntoma claro desa política de formación desconectada da realidade produtiva, feita sen diagnose, sen planificación e sen participación social.

Por todo isto, preguntámoslle ao conselleiro por que o Goberno galego incumpre a obriga legal de convocar estes órganos de participación institucional en materia de emprego. Refírome a ese comité autonómico, aos comités provinciais e aos territoriais, que teñen funcións consultivas de asesoramento e de participación no deseño das políticas activas. E, como dixeran, escusábase nas reunións que mantén o Consello Galego de Relacións Laborais e o diálogo social, que dixo que ía agora realizar un decreto para institucionalizalo.

Señorías do Partido Popular, estes órganos deben ser convocados de inmediato e neles deben participar as organizacións sindicais e empresariais máis representativas da Comunidade Autónoma de Galicia e tamén, si, a Administración local. Non pode haber política de emprego sen diálogo, sen participación en cada territorio.

Non foi quen de contestar o conselleiro a por que a Xunta impide o control democrático e social sobre os fondos de cotas finalistas que percibe a Comunidade Autónoma de Galicia. Señorías, son achegas que fan os traballadores e as traballadoras galegas, e é obriga do Goberno render contas de como se empregan. ¿Como se realiza o control do nivel de inserción dos cursos de formación para persoas desempregadas? Gustaríame que me contestase a esta pregunta, porque o conselleiro non contestaba. ¿Que indicadores se usan? ¿Que seguimento se realiza? Porque a sensación que teñen os usuarios —non este grupo parlamentario, senón os usuarios e usuarias— destes programas é que non serven para mellorar as oportunidades reais de emprego na súa maioría. ¿Quen programa, entón, estas políticas activas, as de formación, e con que base? ¿Con que criterios? A realidade é que non hai esa planificación territorializada, nin adaptación sectorial nin vinculación aos sectores emerxentes ou con máis potencial de crecemento.

E, por todo isto, sexan valentes, señorías do Partido Popular. Pódese mudar esta realidade e, por iso, instamos hoxe, mediante esta proposición non de lei, para que procedan de forma inmediata á convocatoria dos comités autonómicos de emprego para reactivar os órganos de participación e garantir a implicación das forzas sociais e da Administración local no deseño das políticas activas de emprego e no necesario seguimento do mesmo. Tamén, que se propoña nestes comités a elaboración de plans de emprego por territorio. Non nos cansaremos de pedir estes plans de emprego, porque se ten que analizar a situación real do mercado laboral en cada comarca, en cada provincia, definir os obxectivos en materia de emprego adaptados a esa realidade, coordinarse con outros programas de desenvolvemento socioeconómico e establecer mecanismos de avaliación e de seguimento. Que se programen con carácter de urxencia plans de emprego específicos para persoas paradas de longa duración en todas as provincias galegas, señorías do PP; cun enfoque integral, con formación, con orientación, con inserción laboral e seguimento individualizado.

A realidade é que o mercado laboral galego ten unha situación, nalgúns aspectos que mencionarei —como os parados de longa duración—, crítica. Non se pode seguir gobernando, neste caso, con parches, con improvisacións e con propaganda. Galicia, neste caso, nestes programas territorializados...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...—si, xa remato, presidente— precisa planificación, participación, avaliación e vontade política para cambiar as cousas. O emprego non pode ser unha cuestión de titulares, senón unha prioridade social, económica e política. Se vostedes non están dispostos a asumir esa responsabilidade, dende o PSDG, con José Ramón Gómez Besteiro, seguiremos exixindo que se faga.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea. *(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)* Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Moi bo día a todos e a todas.

Obrigado, señor presidente.

Queremos manifestar xa de inicio o noso voto a favor desta moción, que basicamente consiste en instar a Xunta para cumprir coa normativa de participación institucional en materia de emprego. Trátase de que a Xunta convoque o Consello autonómico, os consellos provinciais e os comités territoriais de emprego regulados no Decreto 192/2011, que é unha norma galega. É dicir, estamos a falar de chamar a Xunta de Galiza a que cumpra coa súa propia normativa. Isto debera ser abondo para que esta moción se aprobase por unanimidade, mais a proclividade do Partido Popular a votar «non» a practicamente todas as propostas que veñen da oposición e a pasada intervención do conselleiro de Emprego durante a interpelación case deixa adiviñar que esta moción será rexeitada.

O certo é que estes organismos poderían xogar un papel moi importante á hora de mellorar as políticas activas de emprego do Goberno galego. De feito, poderían melloralas en todas as súas fases: no deseño destas políticas, na execución e na avaliación dos resultados. Mais a concepción que ten este Goberno e o Partido Popular sobre o emprego, relacións laborais, sinistralidade laboral, formación e a participación institucional dos sindicatos en todos estes ámbitos é máis propia de principios do século XX que dun goberno do século XXI. Porque non pode haber outra razón máis que a fobia do Partido Popular á participación institucional dos sindicatos na política para negarse a convocar estes organismos, que, como digo, poderían ser de grande axuda e de grande importancia social, sobre todo se temos en conta que a Consellería de Emprego, e nomeadamente a execución das políticas activas de emprego, deixan moito que desexar.

Debemos ter presente que estamos a falar dun ámbito que debera ser fundamental para calquera goberno, a moitos niveis. Primeiro, para garantir o dereito das persoas a ter un emprego digno. Segundo, para garantir o acceso ao emprego en condicións de igualdade para



todas as persoas. En terceiro lugar, para reforzar esas políticas con criterios territoriais. E, finalmente, porque destes obxectivos anteriores depende en boa medida a cohesión social dun país. E no sistema que temos no día de hoxe as políticas activas de emprego caracterízanse pola dispersión de recursos, a falta de coordinación, a improvisación, as inercias e os hábitos adquiridos, a falta de avaliación dos resultados e a falta de interlocución cos sindicatos, que dispoñen dunha información moi detallada e exhaustiva do impacto destas políticas. É dicir, a negativa da Xunta a normalizar a participación dos sindicatos neste ámbito é unha posición ideolóxica, e en contra de toda lóxica, do Partido Popular, que está a prexudicar gravemente en xeral todos os galegos e galegas, toda a sociedade, mais especialmente as persoas con máis dificultade para atopar un emprego digno.

Que a Xunta ten dificultades neste ámbito xa o di o baixo nivel de execución que, ano tras ano, arrastran os orzamentos da Consellería de Emprego, sorprendentemente baixos tendo en conta que moitos dos fondos dos que dispón a Xunta para estas políticas son transferencias finalistas que recibe do Estado ano tras ano e, polo tanto, regulares e perfectamente regulados. Fondos que proveñan do servizo público de emprego estatal, un dos organismos que están ou estarían representados tanto no Consello Autonómico como nos consellos provinciais de emprego dos que estamos a falar. Unha presenza que axudaría a resolver moitos problemas prácticos dos que aparecen no día a día, así como a circular información de primeira man entre empresas e sindicatos.

A presenza do SEPE e do Instituto Social da Mariña nestes organismos fan deles foros moi especializados e valiosos. Isto fai que as palabras do conselleiro desdeñándoos, coa escusa de que xa convocaba o Consello Galego de Relacións Laborais, cando estamos a falar de organismos totalmente distintos tanto pola súa finalidade como polos seus compoñentes, puidesen resultar sorprendentes, se non fose porque deste conselleiro xa non sorprende nada. Mostrou o mesmo nivel de ignorancia e de autocompracencia que en todas as súas intervencións; dá igual que fale de emprego, de comercio, de formación ou de sinistralidade, asuntos todos dos que debería evitar presumir se tivese algún sentido da responsabilidade ou do ridículo.

Porque Galiza está por debaixo da media estatal en creación de emprego; e non é algo puntual, levamos nesta dinámica os últimos cinco anos. Mais, pola contra, Galiza está por riba da media estatal na destrución de emprego autónomo; está por riba da media estatal en fenda salarial de xénero; está por riba da media estatal en temporalidade das mulleres; está por riba da media estatal en accidentes laborais mortais; é a terceira pola cola na ocupación de persoas con discapacidade e a segunda pola cola en taxa de actividade, un problema moi específico do noso país, xa estrutural, que fala certamente da nosa situación demográfica, mais —que non se engane ninguén— tamén é moi expresivo do fracaso das súas políticas activas de emprego.

Fían vostedes todo ao retorno dos emigrantes, mais, ¿en que circunstancias? ¿En que condicións? Eu voulle poñer un exemplo, o dunha persoa que chegou en setembro, comezou un curso de formación, en abril comezou as prácticas nunha empresa da construción —prácticas que rematan agora a finais de maio, non remuneradas— e, en todo este tempo, desde setembro, cobrou 3.700 euros, o primeiro pagamento das axudas da Xunta. É dicir, se non



fose porque a familia lle axuda non podería estar aquí. Mais o Partido Popular, por ideoloxismo ou por fanatismo, como di o portavoz do Partido Popular, prefire evitar o diálogo institucionalizado cos sindicatos galegos; prefire non constituír estes organismos —insisto, regulados pola súa propia normativa— e comprobar se poden ser efectivos, se poden achegar algunha axuda e mellorar as políticas activas de emprego do Goberno galego. E, para xustificarse, din que xa se reúne o Consello Galego de Relacións Laborais, que xa é de traca.

En todo caso —e para rematar— a convocatoria e o funcionamento normalizado do Consello Autonómico de Emprego, dos consellos provinciais e dos comités territoriais axudaría moito a acertar co deseño e a orientación das políticas activas de emprego, axudarían a realizar unha coordinación eficiente dos recursos, hoxe dispersos, axudarían a adaptar esas políticas tanto territorialmente como socialmente, axudarían a mellorar a información de todas as persoas usuarias do sistema e serían fundamentais para avaliar os resultados dunhas políticas e dunhas consignacións de diñeiro público, que veñen basicamente das cotizacións de todos os traballadores e traballadoras. Cumpran a norma, déixense de fanatismos, convoquen os organismos de participación institucional e non se agochen detrás da propaganda. Temos moita falta de mellorar as políticas activas de emprego no noso país.

Máis nada e obrigado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Bo día. Grazas, presidente.

É unha mágoa que xa non estean no hemicycle os alumnos da FP de Vigo, porque poderían comprobar que hoxe vimos debater unha iniciativa que o que vén facer é revelar a fonda desconexión do Partido Socialista de Galicia coa realidade das políticas de emprego en Galicia. E digo «desconexión», señora Rodríguez Dacosta, porque vostedes pretenden xestionar hoxe os desafíos laborais actuais con receitas e cun manual de hai quince anos. Esa é a realidade.

É certo que o Consello Autonómico de Emprego e o Consello Provincial e os comités territoriais están recollidos nun decreto, pero é igual de certo que hoxe, máis dunha década e media despois, existen órganos moito máis operativos, moito máis activos e moito máis eficaces para abordar os retos do noso mercado laboral. E explicóullelo o conselleiro perfectamente no pasado pleno, pero, aínda así, vostedes insisten. Mire, para que nos entendamos, a proposta do Partido Socialista de Galicia de hoxe é coma se un mecánico quixese arranxar un coche eléctrico cun manual dun Seat 127. Se ese mecánico fose calquera do seu grupo, o coche eléctrico estaría nestes momentos co capó aberto, señora Rodríguez, buscando o carburador e soprándolle cun compresor. Esa é a irrealidade que pretenden vostedes que votemos hoxe aquí, e a ineficacia da súa proposta.

Por certo, faltan mecánicos en Galicia e iso preocupa e ocupa o Goberno galego; pero mecánicos formados e mecánicos actualizados. Pois coas políticas de emprego pasa exactamente



o mesmo: Galicia precisa de ferramentas modernas, de ferramentas útiles e de ferramentas adaptadas á realidade do mercado laboral actual, e non o que propón hoxe o Partido Socialista.

Pero, ademais, o seu acordo é tremendamente curioso, e voules a explicar por que. Hai dous anos nesta mesma tribuna vostede mesma, señora Rodríguez, o 24 de marzo de 2023, propoñía modificar as funcións dos comités territoriais de emprego. Home, non me pode dicir que non, señora Rodríguez Dacosta. *(A señora Pérez López amosa un documento.)* Non, non. «Modificar», señora Rodríguez Dacosta. Vostede falaba daquela dun modelo superado e que era necesario adaptar. Señora Dacosta, mire: «Modificar as funcións dos comités territoriais». «Modificar», «modificar», «modificar», «modificar». Déixollo ao presidente, porque me está dicindo vostede que non. ¡Surrealista! Hoxe válelles o que hai dous anos dicían que estaba obsoleto. Esa é a súa proposta e a súa incoherencia de hoxe. Mire, eu quero que nos digan ao Grupo Parlamentario Popular en que quedamos, porque nin vostedes son capaces de crer o que traen a esta Cámara. E esta é a miña primeira reflexión.

¿Quen mestura churras con merinas, señora Rodríguez Dacosta? Se me permiten, eu quería facer un símil futbolístico en materia de emprego. O PSDG está... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Failles graza. Pero miren, o símil é moi fácil: o PSDG está clarisimamente fóra de xogo en materia de emprego en Galicia. *(Aplausos.)* Coherencia, cero, señorías, para abordar os retos do mercado laboral en Galicia e en España, señores socialistas. E, oportunismo político, dez. Veñen vostedes aquí xogar sen táctica, sen ningún plan. Pero, iso si, con nove dianteiros coa única consigna de atacar o Goberno galego e o Partido Popular. Señor Besteiro, dixo antes a señora Rodríguez Dacosta que ía vir vostede arranxar os problemas de emprego de Galicia. Eu o que lle pido é que poña un pouco de orde no seu grupo, porque isto non é serio. Fainos perder moito tempo a todos e faille tamén perder moito tempo a Galicia e ás galegas e aos galegos.

Miren, e unha segunda reflexión: a súa proposta ignora que en Galicia se traballa cun modelo solvente, cun modelo planificado e cun modelo totalmente coordinado, que xa implica e incorpora a visión territorial. Díxollo o conselleiro o outro día. Facémolo a través da escoita activa das traballadoras, das empresas, da patronal e dos sindicatos. Tamén no marco do Consello Galego de Relacións Laborais e tamén no Diálogo Social de Galicia. Señor Alfonso, pregúntelle vostede ao seu sindicato por que non quere estar na mesa do diálogo social de Galicia, e non veña aquí botarlle as culpas a quen non llas ten que votar.

Pero, claro, fálolles a vostedes de diálogo social e estaranse preguntando nestes momentos que é iso, porque o invocan moito, pero practícano pouco. Só hai que ver as últimas decisións que se tomaron dende o Ministerio de Traballo para regular o mercado laboral sen escoitar nin colaborar cos actores do tecido produtivo. Escoiten o que lles di hoxe, señores deputados socialistas, a Asociación Española de Distribuidores e Supermercados. Escóitenos ben, e despois veñen aquí darnos leccións. E reitero: eu quero que quede claro que as políticas de emprego da Xunta de Galicia non se fan desde un despacho, como pretenden facer ver vostedes. En Galicia non hai dedazo, señores deputados socialistas; haino no Goberno do Estado. En Galicia as cousas abórdanse da man do tecido produtivo, de todo o tecido produtivo, con base na análise, con base na planificación e con base na avaliación. E os novos tempos —por



moito que vostedes non queiran recoñecelo — exixen unha axenda moderna de políticas activas de emprego: accións e resultados, señorías. Non declaracións baleiras, como pretenden vir facer vostedes hoxe aquí.

Resultados medibles. Señora Dacosta, vostede pode dar os datos que queira, pero en Galicia o paro é máis baixo ca no conxunto do Estado, co seu Goberno do Partido Socialista. E, se imos aos colectivos que presentan maior vulnerabilidade, en Galicia tamén hai máis oportunidades para os mozos, máis oportunidades para as mulleres e máis oportunidades para as persoas con discapacidade. Onte mesmo no Consello da Xunta aprobáronse 6,3 millóns de euros para incentivar as empresas e contratar mozos e mozas menores de trinta anos. En Galicia, señorías, a taxa Arope, esa taxa que mide os cidadáns en risco de pobreza e de exclusión social, está sete puntos por debaixo do Goberno do Estado; ese Goberno do Estado no que nestes momentos está o Partido Socialista.

Eu non vou cantar, porque parece que está chegando o verán, pero fai falta valor para vir a este estrado dar os datos que deu e falar mal das políticas de emprego da Xunta cando a nivel nacional o Goberno do Estado, España, lidera todos os *rankings* de desemprego da Unión Europea. *(A señora Pérez López amosa un titular de prensa.)* ¡Fai falta valor para vir aquí a este estrado dicir iso! *(Aplausos.)*

¿Estamos contentos? Pois si. ¿Estamos satisfeitos? Pois aínda non. Por iso, o Partido Popular vai seguir traballando con rigor, non con contos, para seguir mellorando estes datos. E ímolo facer como sempre o fixemos: con firmeza, con traballo e combatendo o populismo do Partido Socialista e do Bloque, de fronte e sen complexos. Iso téñano claro.

Falaba vostede —que me queda pouco tempo— dos maiores de 55 anos e dos parados de longa duración. Vostede esqueceu dicir aquí nesta tribuna que xa existen plans para parados de longa duración en Galicia. Por exemplo, o plan Galicia Emprega, señoría do Partido Socialista: 20 millóns de euros dinamizados no mes de xaneiro para a inserción laboral das persoas con maior dificultade. Ou os bonos de formación, para mellorar os seus coñecementos e as súas habilidades.

Pero, señorías, Galicia é a comunidade que máis peso dedica nos seus orzamentos á formación para o emprego, e todo iso dentro das posibilidades que temos. E remato xa, señor presidente. Digo «dentro das posibilidades» porque os fondos finalistas para emprego —que nos pertencen, que son de todas as galegas e os galegos— chegan teledirixidos desde Madrid polo Goberno do señor Sánchez; polo seu Goberno, señorías, que non nos deixa utilízalos en Galicia, onde de verdade nos fan falta. Obríganos a utilízalos onde nos mandan, nin máis nin menos. Pero cando vimos a esta Cámara pedir maior flexibilidade para adaptalos ás necesidades do mercado laboral e das traballadoras e traballadores galegos, ¿sabe que fan o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego? Votar que non. Iso tamén o teñen que saber os galegos.

Nós imos votar «non» a esta iniciativa, pero xustificuéillelo bastante ben ao inicio: a vostedes válelles hoxe o que hai dous anos non lles valía, e tamén lle vale ao Partido Socialista. Nós non imos —remato xa— negar o traballo feito, nin desautorizar os profesionais que participan no diálogo social, nin confundir a cidadanía nin enganala.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Agradezo o apoio do Bloque Nacionalista Galego. Comparto plenamente a intervención do seu portavoz.

Señora López, ten tanta idea vostede de mecánica como de emprego, (*Aplausos.*) porque rexeitar esta proposta de resolución é darlle unha vez máis as costas ao mercado laboral galego, á realidade social. Estamos a falar, señora Pérez, —si, ríase— de algo tan básico como cumprir o legalmente establecido nun decreto, que, se non sabe cal é, eu voulo dicir: o Decreto 192/2011, do 29 de setembro. Porque me dirá vostede «está derogado». Non. ¿Hai unha norma posterior que derogue este decreto? Non.

Debería convocar estes órganos para deseñar esas políticas de emprego, que, como dicía, son útiles, adaptadas ao territorio e ás persoas e sacan partido do diálogo social. Incrible, cando actúan de costas aos territorios e aos concellos, exclúen as organizacións sindicais e empresariais máis representativas da nosa comunidade autónoma. O que fan é gobernar de forma despótica, nun asunto tan sensible como é o emprego. Do mesmo xeito, non apoian a elaboración, señora Pérez, de plans de emprego por territorio, con análise, con obxectivos claros, con mecanismos de seguimento. É continuar nun modelo fracasado, no que se improvisa dende San Caetano, sen atender á realidade comarcal, sen distinguir necesidade produtivas e sen avaliar resultados.

O máis grave, negarse a activar plans específicos para as persoas paradas de longa duración e perpetuar a situación de case —xa vexo que non lles interesa nada a súa situación— trinta e catro mil galegos e galegas que levan máis dun ano sen traballo, señora Pérez. Isto é inadmisíble, porque é un nubarrón no mercado laboral galego. Si, é unha risa, unha risa que 34.000 persoas estean sen emprego dende hai un ano.

¿Sabe vostede que nese país das marabillas que pinta vostede hai un total de 42.400 fogares con polo menos unha persoa activa e no que todos os membros están en paro? ¿Que ten que dicir a todo isto? É que en Galicia temos hoxe un seis por cento menos de ocupación que no ano 2008.

Señorías do Partido Popular, non é unha cuestión de matices políticos, senón de responsabilidade institucional. Rexeitar estas medidas significa deixar sen resposta os territorios, a mocidade, as mulleres e os parados e as paradas de longa duración.

Non nos vale dicir que se fai moito, como di vostede cada vez que vén a este estrado, cando non se convoca nin sequera o que é obrigatorio. Ten que falar de fútbol e de mecánica para explicar que teñen que votar que «non». Non nos vale falar de planificación cando non



existen plans comarcais, nin mecanismos de control e de seguimento reais das políticas activas de emprego.

Dende o noso grupo seguiremos, como dicía, insistindo en que a política de emprego de Galicia necesita de: participación, planificación e avaliación. Non é tan complicado, porque o emprego digno non é un luxo.

Non foi quen vostede de contestarme por que a Xunta de Galicia e o propio conselleiro o outro día non daban conta de por que se impide o control democrático e social sobre os fondos de cotas finalistas que percibe a Comunidade Autónoma de Galicia. Porque son achegas que fan os traballadores e traballadoras galegos a través das súas nóminas todos os meses.

E señora Pérez, a ver: ¿dunha vez vains dicir como se realiza o control do nivel de inserción dos cursos de formación para persoas desempregadas?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Porque non o coñecemos, non o coñecen os sindicatos, non o coñecen os concellos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...nin o coñecemos dende o Partido Socialista de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate das mocións, procedemos á votación.

Escomezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdón? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Un e dous. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Primeiro vou ler o texto e despois pídenme, porque, se non, é que... Imos ver, entón o que imos a votar é unha moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Presas Bergantiños, sobre a postura do Goberno galego verbo da posibilidade de superar o actual sistema de financiamento da Comunidade, así como de negociar unha quitación da débeda.

Había unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista que non se aceptou. E vostede, señora Iglesias, pide votación por puntos. ¿En concreto? (*A señora Iglesias Rey: 1, 2 e 3 por separado.*) 1, 2 e o 3 separado. Grazas. ¿Señor Pazos? Déanlle voz ao escano do señor Pazos.



O señor PAZOS COUÑAGO: Si, como xa dixemos durante a intervención, pediamos a votación separada do punto 2 da moción.

O señor PRESIDENTE: Só o punto segundo. Pois alá vai todo. (Risos.) ¿Non acepta ningunha das dúas? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, home. Pois vaia por Deus.

Bueno, pois entón votamos tal e como está.

Votamos.

Presentes, 71; afirmativamente, 24; en contra, 37; e hai 10 abstencións. Polo tanto, queda rexeitada.

Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Ariadna Fernández González, sobre o modelo de atención prestada... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? ¿Que pasou? ¿Que foi? *(A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores: ¿Faltaban por votar?)* ¿Pero cal, da anterior? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu, a verdade, creo que eran 71; serán 72. Creo recordar, agora de memoria, pero pódeme fallar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede, entón, ¿votaba en contra ou a favor? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A favor. (Risos.) Bueno, a ver como se pode arreglar iso. Non o sei, porque agora non lle podó dicir de memoria e ao mellor cometo un erro. Aceptando esa votación sería:

Votación da moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a postura do Goberno galego verbo da posibilidade de superar o actual sistema de financiamento da Comunidade, así como de negociar unha quitación da débeda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 37; abstencións, 10.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Entón, agora votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ariadna Fernández González.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ariadna Fernández González, sobre o modelo de atención prestada nos centros de menores e os seus recursos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 37.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Non había emendas.

Votamos.

Votación da moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a garantía de participación institucional dos axentes sociais no deseño das políticas de emprego en Galicia e o actual funcionamento do Consello Autonómico de Emprego e dos respectivos consellos provinciais e territoriais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas, as catro da tarde.

Suspéndese a sesión á unha e corenta minutos da tarde e retómase ás catro.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Silencio, por favor. (*Murmurios.*)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ao abeiro do Plan de normalización da lingua galega á vista dos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística referidos ao número de galegofalantes

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, e, para a súa defensa, ten a palabra a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Moitas grazas, presidenta.

Moi boa tarde, señorías.

«Se perdemos a fala, non seremos ninguén». Estes versos de Manuel María son a raíz e a base desta iniciativa que hoxe traemos ao debate no Bloque Nacionalista Galego.



Facémolo tres días despois do Día das letras galegas, despois da celebración do 17 de maio máis bonito, que todos e todas temos na lembranza, e o de maior participación popular, desde a celebración e a reivindicación dun pobo alegre e con conciencia de seu; facémolo contaxiadas por esa emoción que atravesou o país e tamén desde o orgullo de facer parte dun pobo que non renuncia á súa lingua propia: o galego; facémolo desde o orgullo que sentimos por tantas mulleres creadoras que se rebelaron contra o silencio, coa humildade dunha pandeireta nunha man erguida e coa outra man batedora, como compañeiras inseparábeis dunha lingua milenaria na súa boca.

Damos as grazas a todas as que dedicaron tanto tempo de vida a recoller este legado, que é unha construción comunitaria e unha herdanza colectiva; damos as grazas tamén a todas as asociacións culturais de base, espalladas polo país, que coidaron da transmisión e que impediron o apagamento definitivo da nosa lingua e da nosa cultura; damos as grazas tamén aos milleiros e milleiros de persoas que revalidaron, máis unha vez, nas rúas de Compostela e nunha ateigada praza do Obradoiro, o amor polo galego. Un pobo en pé que quere unha lingua viva e con futuro, (*Aplausos.*) sen límites nin exclusións nin moito menos prohibicións. (*Aplausos.*) Un pobo en pé que, con orgullo, exige ao Goberno do Partido Popular que anule, de vez, a liberdade condicional do galego que nos trouxo até a situación na cal está hoxe en día. É obxectivo, evidente e incuestionábel que o galego está nunha situación moito peor hoxe da que estaba en 2009, cando o Partido Popular volveu ao Goberno da Xunta.

As letras galegas escriben —seguen a escribir— unha realidade tamén con números: números que falan da perda de falantes e números que falan da perda progresiva dunha lingua. Non haberá letras galegas se non hai quen as escriba, quen as lea, quen as cante, quen as interprete, quen as sinta e, en definitiva, quen as fale.

Este 17 de maio, de novo, foi testemuña dunha sociedade comprometida coa súa lingua nas institucións e nas rúas; unha sociedade consciente de que o corpo da lingua está doente; unha doenza agravada pola política lingüística lesiva que o Partido Popular leva implementando desde hai dezaseis anos, sen ningún tipo de rectificación. «Emerxencia lingüística»: esta é a diagnose compartida pola evidencia científica, polas institucións oficiais e académicas, polas entidades de referencia na defensa do idioma, polos profesionais da sociolingüística etcétera.

O clamor das rúas que todos vimos e vivimos en Compostela foi o cantar dun país que lle pide a Rueda que deixe de gobernar en contra do galego e que se poña a favor da maioría da sociedade galega. Pídelle que abra, por fin, unha nova etapa na cal, por unha banda, se desenvolvan os consensos e os grandes acordos de país pola lingua, como son o Plan xeral de normalización da lingua galega; e pola outra, que derroque o Decreto do ensino, que conseguiu o que todo o mundo dicía que perseguía desde o primeiro momento: que a xeración educada baixo esta normativa fose, hoxe en día, a que menos galego aprendese, a que menos galego soubese falar e, consecuentemente, a que menos galego puidese usar.

No BNG, ao igual que esta inmensa maioría social, vemos con moita preocupación a situación en que está a nosa lingua propia, nomeadamente, nas xeracións máis mozas. Se en 2018 o catorce por cento dos menores de catorce anos falaba galego sempre e en 2023 só o fai a



metade, o sete por cento..., e se en 2018, un de cada catro menores de catorce anos recoñecía non saber falar galego, nada ou case nada, e agora, en 2023, é un de cada tres..., a pregunta que nos temos que facer é: ¿que vai ocorrer dentro de cinco anos, no próximo informe do Instituto Galego de Estatística? Esta é a pregunta que ten que sustentar un xiro rotundo e radical na política lingüística do Goberno do Partido Popular, que ten que iniciar unha política completamente diferente á cal fixo até agora e que nos trouxo até aquí.

Este 17 de maio, ao igual que as rúas, tamén as institucións falaron. Na presidencia da Academia Galega, as palabras volveron ser firmes e contundentes: «A situación do galego é o resultado das medidas lingüísticas regresivas aprobadas en 2010», dixo o presidente, o profesor e o sociolingüista Henrique Monteagudo. Aínda dixo máis nas súas declaracións en medios públicos —que todos e todas puidemos escoitar—: «O novo impulso para o galego virá dunha reformulación das políticas da lingua que poñan a infancia e a mocidade no centro, responsabilidade de todos, que ten que ter á fronte o Goberno de Galicia e que ten que implicar un novo modelo educativo. Non se pode vender que fixeches unha formulación de política lingüística nova, se mantés un decreto que está inspirado nunha filosofía contraria á normalización; unha filosofía que é nefasta: a da “imposición do galego”». Nos mesmos termos veñen concluíndo as diferentes sesións que se están a celebrar no Consello da Cultura Galega, no Foro da Lingua, denominado *Un país coa súa lingua*. De cada sesión, son publicadas as conclusións, con todas aquelas propostas que deben ser implementadas de forma inmediata desde o Goberno galego. Todas as voces continúan a chamar por un tempo novo para o noso idioma —todas, todas..., aínda non, pois faltan a de Rueda e a do Partido Popular—. Nestes sete meses, desde que se publicou o Informe do Instituto Galego de Estatística, Rueda puxo o Goberno da Xunta, e tamén o Grupo Parlamentario do Partido Popular, aos pés do negacionismo científico e lingüístico, e renunciou, explicitamente, a impulsar, a liderar e a poñerse á fronte dun pacto social e político a favor do galego.

Recentemente, neste hemiciclo, o conselleiro de Lingua dixo que a situación do galego non era tan grave. Literalmente, díxonos: «Non hai que autoflaxelarse». Descualificou quen ten a capacidade de exercer o seu dereito a manifestarse en defensa do idioma e escenificou un *paripé* de pseudodiálogo cos grupos parlamentarios, marcando, desde o minuto un, as liñas vermellas: «Non se vai impulsar ningunha medida diferente no inmediato. Imos agardar a reflexión de, como mínimo, quince meses». Aínda a semana pasada, o secretario xeral de Lingua, na Comisión 4ª, culpabilizou os galegos e as galegas da situación en que se encontra o galego porque «non o falan porque non queren»; e aínda, volveu culpabilizar os inmigrantes nunha intervención vergoñenta con tintas racistas, acusándoos de «analfabetos», (*Aplausos*) precisamente, quen non fixo nunca nada: ningún tipo de medida de acollemento lingüístico para todas as persoas que veñen ao noso país. (*Aplausos*)

Por responsabilidade e por lealdade, hoxe, outra vez desde o BNG, traemos propostas a favor dun tempo novo para a nosa lingua, que queren ser a chave da esperanza e o futuro para as que han de vir. Traemos dúas propostas para comezar a reverter a situación da lingua, porque nós cremos que é preocupante, ao igual que a inmensa maioría da sociedade galega —si, señor Trenor—, pero que é tamén reversíbel, e hai que poñerse a traballar. É unha chave de esperanza e de futuro para o porvir. Hoxe falouse aquí, á primeira hora, na comparecencia do conselleiro de Sanidade, de vacinas. Pois, aquí están dúas vacinas para



recuperar a boa saúde para o noso idioma: a primeira proposta solicita á Xunta pactar, no prazo de dous meses, un cronograma de planificación das accións propostas no Plan xeral de normalización da lingua galega; e a segunda, constituír unha mesa de diálogo e de participación...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora QUEIXAS ZAS: ...transparente, na cal estean presentes as organizacións políticas sindicais, as ANPA, os movementos de renovación pedagóxica, as universidades, as institucións académicas e estatutarias e os movementos de referencia na defensa da lingua para acordar un novo decreto para o ensino de cara ao vindeiro curso escolar 2025-2026.

Son propostas que emanan da sociedade —non son propostas do BNG—, mais son propostas feitas desde...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...a coherencia, con toda a felicidade e o entusiasmo que vivimos este 17 de maio, como recoñecemento ao legado das voces que foron e como compromiso polas que han de vir.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.) O voceiro do Grupo Mixto comunícame que renuncia á súa intervención.

Ten, por conseguinte, a quenda o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Boa tarde.

Grazas, presidenta.

Non damos saída desta, no sentido de que levamos dende o comezo da lexislatura dando voltas a esta cuestión, que parece que ten unha fácil solución pero, dalgún xeito, facémola complexa, e non damos —insisto— saída desta. Mesmo parecemos Buñuel nun escenario d' *O anxo exterminador*, cando os protagonistas non daban saída da escena.

Espero que o desenlace sexa moito mellor neste caso. Polo menos tivemos o apoio da sociedade civil este pasado sábado —como era de esperar, por outro lado—. O que quero dicir é que o falamos aquí como un feito que aconteceu e que nos parece ademais relevante, pero entendemos que é o normal: a sociedade civil, aquela que ten todo por gañar —ou todo por perder—, ten a necesidade, ten o costume ou ten, simplemente, o arraigo de que, dalgunha forma, a lingua non exista no seu contorno. Neste sentido, parécenos que non hai mellor



testemuño de que non soamente a través da política se reivindica o uso do galego, senón que a sociedade tamén está nese pulo.

Pola parte do Partido Socialista, vou traer aquí unha frase do señor Aznar —pero que non sirva de precedente—, cando dixo aquilo —el dicíao por outras cousas peores, nós dicímolos no bo sentido da palabra— de: «*Cada uno haga lo que pueda, donde pueda y como pueda*». Entón, neste sentido —é dicir, fagan vostedes o que poidan coas armas que teñan—, é o que nós tratamos de facer. Pola nosa parte, que o outro día se aprobase neste hemiciclo levar o galego como lingua oficial a Europa parécenos un punto. Eu agradezino moitísimo, señor Ferro —xa lle dixen moitas veces que eu teño debilidade por vostede—; que isto puidese acontecer nesta Cámara e que, polos motivos que sexan, nalgún estamento do Partido Popular decidisen que fósemos con isto para adiante —eu creo—, é un punto positivo. Polo menos nós, como Aznar, fixemos o que puidemos, onde puidemos e co que tiñamos. De feito, coméntoo aquí, xa teñen coñecemento na Cámara da Unión Europea —tanto o Comité como os membros do Comité— de que somos a primeira cámara que aproba isto e de que o uso do galego vaia para adiante, pola nosa parte. Por esa parte, está moi ben, pero hai que seguir facendo máis, evidentemente. Sempre o dixemos: eu creo que isto é un bo sinal. Sempre se pode rectificar e sempre se poden dar pasos adiante —e este pode ser un—, pero estaría ben que estes pasos adiante que damos no eido internacional os désemos tamén dentro da casa.

É verdade que nós estamos nas comisións que vostedes crearon e, ademais, estamos por un motivo moi sinxelo: sabendo ou non sabendo que o que se fai nestas comisións é unha posta en escena, que non sexa por nós —sempre o dixemos e sempre o dixo o noso portavoz—, que non sexa polo Partido Socialista, que isto non teña un arranxo. Pero é verdade que hai que seguir dando pasos adiante. Se xa deron este paso adiante, como é propiciar que esteamos na Cámara Europea, —eu creo— podíamos empezar a dar outros. Por isto se trae esta moción, na cal se fala de pactar un cronograma con respecto ao Plan xeral de normalización lingüística de Galicia, que segue sendo un documento de referencia, no día de hoxe, pero que está invisibilizado e practicamente —evidentemente— conxelado por parte do Partido Popular. Solicítase un cronograma de execución consensuado e con prazos, que é unha demanda básica e, sobre todo, de bo goberno e de planificación pública, e non doutra cuestión. Sobre todo, a obriga de adaptar as accións aos distintos sectores tamén nos parece clave.

O Plan xeral non é só para a educación, senón que tamén é para a sanidade, a xustiza, a economía e os medios de comunicación. Quero dicir, que se poderían dar eses pasos, porque, seguro, que nesas comisións —sobre as cales estamos ao tanto polos membros que temos en cada unha delas—, o resultado vai ser este: que deamos pasos adiante onde teñamos que dalos, pois para iso hai xustiza, medios de comunicación, sociedade, cultura... Entón, —eu creo— xa é o momento de ir planificando a cuestión, e, por iso, nós apoiaremos esta iniciativa da cal —insisto— vimos aquí falar en positivo.

O que está acontecendo coa lingua é gravísimo. Falaba o outro día, na Comisión, o secretario xeral da cuestión sociolingüística, de que —incluso creo que era unha frase de Pardo Bazán— «o galego deféndeno quen o falan e quen o falan non o defenden». Mire, isto non deixa de ser un paradoxo lingüístico moi ben traído por unha persoa culta e moi educada, pero non se trata disto, porque eu podo non ser cristiá e a min non me ocorre pedir que tiren abaixo



a catedral de Santiago. É dicir, non se trata de quen o fale ou de quen non o fale, ou de quen estea nunha formación política ou noutras; trátase de que é un patrimonio. Este patrimonio, que tanto nos preocupa no sentido cultural, a outros preocúpalles no sentido económico, pois tamén produce economía. Entendo que, en calquera paso adiante que se dea para conservar un patrimonio desta orde, como é a lingua galega —fóra xa de épicas, de sentido romántico e de todo iso, e simplemente cinguíndose ao que estamos a falar, que é un patrimonio—, cómpre que tiremos para adiante co que poidamos do Plan xeral, que podía ser xa —non se tería por que esperar, nin sequera, a que acabasen as comisións—.

Por outra parte, nun segundo punto, pídese unha mesa de diálogo para un novo decreto do galego no ensino. Evidentemente, polo ensino pasa todo, a educación modifícao todo. Tivemos unha reunión hai pouco, por exemplo, co Secretariado Gitano. Pedían que fixésemos un punto de inflexión coa educación na cuestión do pobo xitano para que, a través da educación, se fosen conformando novas referencias dentro da poboación xitana, sobre todo para ver o crecemento educativo. O mesmo pedimos co galego; é dicir, se non facemos ese punto e se non facemos esa inflexión na educación, non agromaremos nin iremos chegar a ese lugar ao cal queremos chegar co galego. Parécenos máis que acaído que poidamos seguir dando eses pasos. Sobre todo, respecto da proposta de crear unha mesa plural, é para nós fundamental que sexa con participación social, académica e que teña un enfoque coherente, democrático e plural coa política lingüística.

As relacións son as que son. Tensaron vostedes —xa o dicimos sempre— unha solución, cando sería posiblemente un problema de entendemento. Calquera que estivese nesta Cámara hai quince anos sabe que esta situación non era grave —nin moitísimo menos—; era unha situación para crecer, para mellorar e para discutir sobre ela —porque a sociolingüística é unha materia viva sobre a cal hai que actuar continuamente—, pero nunca para destruíla.

Así que, estamos moi contentos de que en Europa avancemos neste senso e eu espero que, no Partido Socialista, poidamos traer aquí algunha boa nova ao respecto. Apoiamos a moción, sobre todo con alegría —que dicía a deputada do Bloque Nacionalista— tamén por parte do Partido Socialista; unha alegría moi grande no 17 de maio, cando —insistimos— a sociedade civil estivo presente.

Nós esperamos que aquilo que solicitamos na praza do Obradoiro se poida facer aquí coa maior das tranquilidades, coma sempre.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, o señor Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.



Hoxe atopámonos nun momento crucial para o futuro do galego. A renovación do Plan de normalización da lingua galega representa moito máis que unha actuación técnica. É unha oportunidade para consolidar as medidas que garantan a dignificación, a expansión e o fortalecemento do uso da nosa lingua nun mundo en constante cambio.

Durante anos, diferentes xeracións loitaron por defender a súa permanencia e por lograr que deixase de ser considerada unha lingua secundaria e que acadase o recoñecemento que merecía. Permítanme que cite un dos últimos artigos, que recolle *La Región*, do ourensán, catedrático e membro da Real Academia Galega, Afonso Vázquez-Monxardín. Di así: «Antes dos medios modernos, antes de que as palabras e as imaxes viñesen polas ondas, a masa social galega era compacta e orgullosamente galegofalante, e tanto tiña que se rezase en latín ou que se escribisen os papeis nas oficinas ou os xornais en castelán, porque na vida normal falábase galego».

Agora, o que precisamos é devolver a vida normal ás novas xeracións. Para conseguilo, precisamos un pacto social pola lingua: unha proposta que debe reunir forzas de todas as institucións e as entidades culturais —de todos nós— para articular un marco de acción común sólido e libre de confrontacións partidarias. (*Aplausos.*) A lingua non debe ser obxecto de debate ideolóxico, senón de consenso, respecto e compromiso, e quen non queira contribuír para chegar a un pacto —quen non queira axudar—, polo menos que non estorbe.

A presenza do galego debe estar asegurada en todos os ámbitos. Unha lingua vive cando se fala, cando se transmite e cando está presente na vida cotiá e nas decisións que marcan o futuro dunha sociedade; por iso, apelamos á responsabilidade de todas as partes. O galego precisa de estabilidade, apoio e valentía. Así o entende o Grupo do Partido Popular e o Goberno galego.

Hoxe acolle o Parlamento un intento máis do Bloque Nacionalista Galego de converter a nosa lingua nun campo de batalla político. Certamente, para min é unha mágoa, porque, cando falamos da lingua, non deberíamos falar como partidos, senón como galegos, sen trincheiras, sen maximalismos e sen a arrogancia de quen se cre co dereito exclusivo de decidir como, cando e onde se debe falar o galego. (*Aplausos.*)

O que hoxe se nos propón nesta iniciativa non é unha defensa real da lingua, (*Aplausos.*) senón un xuízo político ao sistema educativo galego, á liberdade das familias, ao traballo profesional do profesorado e, por suposto, ao modelo educativo que deseñou un Goberno do Partido Popular avalado polas urnas e polo sentidíño —polo sentido común—. Esa é a clave. O que o Bloque Nacionalista Galego chama «decreto da vergoña» é, na realidade, unha norma que garantiu un equilibrio: un sistema plurilingüe que permite que as nosas nenas e os nosos nenos saian do ensino obrigatorio sabendo galego, sabendo castelán e tamén sabendo inglés. (*Murmurios.*)

Non hai maior erro político que confundir lingua con trincheira, señorías, non o hai. O galego non se defende dende a imposición, senón dende o orgullo. Non se fortalece criminalizando o que fai o Goberno, senón cooperando co que fai a sociedade, e, vostedes, nesta proposición, o que pretenden é retroceder. Pretenden facer crer que o ensino está a desgaleguizar os



nenos, como se as familias e os mestres fosen partícipes dun plan perverso e maléfico. Con esa acusación, o que realmente están facendo é faltar ao respecto á comunidade educativa galega, que leva anos traballando por un ensino de calidade plurilingüe e integrador. Se queremos avanzar de verdade, o camiño non é a confrontación política, senón que o camiño é o consenso, é o do pacto pola lingua que está a impulsar a Xunta de Galicia, da man de todas as forzas políticas que estean dispostas a traballar con lealdade institucional. Por iso, señorías, calquera proposta neste ámbito debería canalizarse a través dese marco. Non se pode pretender impoñer un novo decreto no ensino sen contar con ese espazo de diálogo, sen abrir un proceso participativo e sen respectar, en definitiva, o que xa está en marcha.

O galego non precisa doutrina, señorías, precisa afectos, ferramentas modernas, espazos reais de uso e referentes positivos, e iso é no cal xa está traballando o Goberno galego a través de moitas campañas. En todos estes eidos hai accións concretas. Nunca houbo tantas persoas con capacidade para falar o galego. Estase facendo un esforzo sen precedentes para adaptarse á realidade dunha Galicia urbana, diversa e global. Por suposto que hai retos —claro que os hai—, señorías, sería necio negalo; pero os retos non se superan con discursos derrotistas, senón que se superan con políticas positivas, con acordos, con medidas que respecten a liberdade das familias e do alumnado e con campañas que ilusionen, e non que culpabilicen. Mentres vostedes seguen coa súa cruzada contra o decreto, nós seguiremos escoitando e dialogando sen liñas vermellas.

O seu modelo fracasou, provocou rexeitamento e foi abandonado pola maioría social. O noso modelo xa o coñecen. É un modelo de liberdade, de equilibrio e de respecto, un modelo no cal defendemos o bilingüismo cordial, no cal todos poidan convivir e aprender, sexan cales sexan as súas linguas maternas, sen supremacismos, sen exclusións e sen dogmas. (*Aplausos.*)

O galego é de todos —si, é de todos—; non é do Partido Popular nin tampouco do Bloque Nacionalista Galego. O galego é do gandeiro que o fala cada día no campo, é do mozo que o aprende no instituto, é da avoa que o conserva na súa memoria, é da nena que o leva ao TikTok e é unha herdanza, pero tamén é unha opción. É unha ferramenta para estar no mundo sen deixar de ser quen somos.

Señorías do Bloque Nacionalista Galego, permítanme que lles diga que vostedes non suman nesta cuestión, vostedes dividen. Non propoñen, senón que impoñen, e non constrúen, senón que enfrontan; por iso, rexeitamos a súa iniciativa e facémolo sen complexos, e sen medo. Sabemos que a política lingüística do Goberno galego é seria, responsable e efectiva. Traballa con feitos, non con lemas; e traballa con programas reais, con investimento e con vontade de acordo. Por iso, non renunciamos, nin renunciaremos nunca, a tender pontes.

Sabemos que o futuro do galego está nas nosas mans, pero tamén está nas mans dos nenos e das nenas que hoxe están aprendendo na escola. Non podemos darlles unha lingua que sexa motivo de conflito, temos que darlles unha lingua útil, viva e querida.

Con iso, señorías, nós estamos comprometidos. Con iso seguiremos traballando porque o galego non é o problema, é oportunidade, é identidade e é liberdade.



Moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A quenda de peche é para a autora da proposición non de lei, a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, quero agradecer á portavoz do Grupo Socialista que lese esta proposición non de lei, que a comprendese e, ademais, que participase dela co seu voto favorábel.

En relación co portavoz do Partido Popular, o señor Ferro, voulle responder á súa intervención falaz, incendiaria e negacionista cunha copla popular. (*Murmurios.*) Como non son cantareira, non a podo cantar, pero podo lela —que está moi ben tamén ler—: «¿Nós, que facemos aquí? ¿Que estamos aquí facendo? Estamos termando dos marcos antes que acaben caendo». (*Aplausos.*) Esta é a responsabilidade do BNG: termar dos marcos da lingua e traballar para o seu futuro fronte á política do Partido Popular, que, polo que acabamos de volver comprobar, está disposta a seguir facendo o mesmo que aquí, isto é, non mudar nada para que a situación siga sendo completamente decadente. Ese é o compromiso do Partido Popular.

Efectivamente, o galego non é un problema; o que é un problema para o galego é o Partido Popular, (*Aplausos.*) e vostedes, efectivamente, encárganse de demostralo. (*Aplausos.*) O Partido Popular acabou de volver demostrar dúas cousas: en primeiro lugar, que non entendeu nin aprendeu nada deste 17 de maio, desa construción colectiva dun patrimonio cultural inmaterial, como é a lingua galega, que é de todos, efectivamente, e de todas, pero tamén é responsabilidade de todos e de todas, isto é, de coidala e de transmitila. E en segundo lugar, que quere deliberadamente seguir instalado no veto ao galego e na imposición do monolingüismo en castelán. E isto faino por ideoloxía, por ideoloxía reaccionaria e antigaleguista, que os fai ser incapaces de identificarse coa autoestima dun pobo que está profundamente orgulloso da súa lingua e da súa cultura. Por iso van votar en contra destas dúas propostas a favor do galego, (*Aplausos.*) como votaron en contra, recentemente, dun plan de medidas que favorecese todo o tecido asociativo cultural, que foi que trouxo a música, o baile e o canto tradicional até aquí: o herdo, a herdanza, a través das cantareiras. Votaron en contra, como están, definitivamente, demorando tamén en declarar como ben de interese cultural a música e o baile tradicional; un expediente do cal nunca máis nada se soubo.

A conclusión é que vostedes, señorías, puxeron o traxe de galeguismo para asistir aos actos institucionais no pasado 17 de maio, e agora, co mesmo traxe, tres días despois, sentan aquí, no seu escano, para votar deliberadamente en contra do galego, efectivamente, sen ningún tipo de complexos, como dixo vostede. (*Aplausos.*) Este é o galeguismo sen galego que nos predican desde o Partido Popular. ¡Valente incoherencia á súa!

Non son capaces de dicir quen avalou a súa política; non son capaces de dar un dato, unha cita referencial de quen avalou o desastre da súa política, pero saben que todos os datos — todos os datos— testemuñan que nos trouxeron á peor situación da historia dunha lingua de trece séculos, á situación máis crítica e máis dramática.



Isto é reversíbel, sempre o dixemos. E as propostas do BNG son perfectamente conscientes de que é reversíbel; e iso é o que lle está negando o Partido Popular. Están absolutamente sós porque están teledirixidos desde Madrid por Feijóo.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar.

A señora QUEIXAS ZAS: Entre o galego e o PP, escollen os intereses do Partido Popular; entre o galego e Feijóo, escollen Feijóo; entre Galiza e Madrid, escollen a submisión a Madrid; entre o pasado de Rueda...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...asindo unha pancarta nunha manifestación en contra do galego e un futuro para o galego en liberdade, escollen o pasado do Rueda máis antigalego.

Negan a realidade. Acábao de facer outra vez vostede, señor Ferro...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...e dubido que crea as palabras que lle mandaron ler. Négalle oportunidades ao galego.

No BNG seguiremos facendo propostas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Tendemos a man para avanzar en acordos, pero todo o que pode ofrecer o Partido Popular a este país é un «non» ao galego. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo.

Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e de D. Carlos López Font, sobre as accións que a Xunta de Galicia debe impulsar no marco do desenvolvemento dun plan de infraestruturas verdes e de conectividade e restauración ecolóxicas

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda de substitución, por parte do mesmo grupo.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte autoemenda a esta proposición non de lei.



Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Aprobar de forma consensuada coa Fegamp, Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Universidade, un plan de infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas, para desenvolver a Estratexia do mesmo nome, que conte con accións concretas a desenvolver, que estea debidamente orzamentado e que conclúa cunha avaliación do grao de cumprimento.*
- 2. Incluír dentro dese plan a creación dunha Gran Vía Verde Atlántica que percorra dende a fronteira con Asturias ata Portugal, peonil e ciclista, que permita adherir Galicia á rede europea EUROVELO.*
- 3. Impulsar e Colaborar cos concellos no desenvolvemento dos seus propios plans de infraestruturas verdes municipais.»)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): E, para a súa defensa, ten a palabra a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Boa tarde a todos e a todas.

Hoxe traemos unha iniciativa en relación con algo que nós, os socialistas, consideramos unha das grandes apostas de futuro para Galicia.

Como todos sabemos, vivimos nunha etapa de transformación profunda: a crise climática, a perda da biodiversidade e a necesidade dun modelo económico máis sostible obrígnanos a repensar como habitamos e sobre todo como xestionamos o noso territorio.

O Goberno de España teno claro; así o leva demostrado dende o ano 2018, pois estase a poñer as pilas e a Unión Europea tamén leva anos insistindo. Ademais, hoxe, coas mensaxes negacionistas crescendo en todo o territorio, coa política dos Estados Unidos rachando cos pactos e cos compromisos medioambientais de carácter internacional, pois, a aposta por unha economía sostible vólvese moito máis necesaria.

Neste contexto de infraestruturas verdes, estas emerxen como unha das grandes apostas de futuro, tanto para a Galicia como para Europa, e non só o dicimos nós, senón que a Unión Europea, a través dese Pacto verde europeo e da Estratexia de biodiversidade 2030, sitúa as infraestruturas verdes no centro das políticas ambientais, territoriais e mesmo económicas. Europa aposta por crear unha verdadeira rede transeuropea de infraestruturas verdes, capaz de conectar espazos naturais, mellorar a saúde ambiental en zonas urbanas e rurais ou contribuír tamén para a adaptación fronte ao cambio climático, porque Europa entende algo fundamental, que é protexer a natureza e tamén protexer as persoas, e previr incendios e inundacións ou ondas de calor, e mellorar a calidade do aire nas cidades, reducir os riscos sanitarios, ofrecer alternativas de mobilidade limpa e incluso abrir oportunidades de desenvolvemento económico máis sostible ou turismo verde.



No Grupo Socialista defendemos que Galicia debe estar plenamente integrada nesa visión europea. Non podemos quedar atrás nin permitir que o noso patrimonio natural se perda por falla de vontade política ou por falla de planificación. Por iso, aínda que, como di o dito: «Nunca é tarde se a dita é boa», apoiamos a posta en marcha —aínda que consideramos que chega tarde— desa Estratexia galega de infraestrutura verde, mais insistimos en que debe ir acompañada dun plan territorial claro; un plan territorial claro, con actuacións concretas, con dotación orzamentaria suficiente e cun sistema de seguimento e de avaliación que garanta resultados. Do contrario, ao final o que teremos será unha estratexia que queda no papel. E eu sempre insisto en que a Consellería de Medio Ambiente é a Consellería da Celulosa, e non é polo apoio a Altri ou a Ence —que tamén—, senón tamén porque todas as estratexias ou os plans, todos eses nomes mediaticamente vendibles, ao final, quedan sempre no papel.

Non podemos ter accións illadas que benefician, seguramente, concellos do Partido Popular —xa sabemos como funciona isto—, porque isto non cumpre o sentido de conectividade global marcado pola Unión Europea. As infraestruturas verdes non son simplemente espazos naturais, son redes vivas que conectan ecosistemas ou protexen a biodiversidade e —como dicía— melloran a calidade da auga e incluso regulan o clima. Polo tanto, xeran benestar para a cidadanía e combinan economía, ecoloxía e equidade.

No Grupo Socialista defendemos unha aposta clara e decidida por estas infraestruturas, como ferramenta clave para o desenvolvemento do futuro de Galicia; un desenvolvemento que debe respectar o noso patrimonio natural e, para o cal, propoñemos accións concretas, como os corredores ecolóxicos, a recuperación das marxes fluviais ou as redes de mobilidade sostenible —e nisto voume centrar máis adiante—. Cremos que é unha grande oportunidade.

Tamén temos que ser claros —como dicía—, as estratexias, sen planificación, sen accións concretas e sen orzamento, non deixan de ser un conxunto de boas intencións. Por iso, reclamamos que esta iniciativa veña acompañada —e así, nese sentido, é a iniciativa que traemos hoxe aquí— dun plan territorial específico, é dicir, unha folla de ruta clara, con accións detalladas que se van levar a cabo, co financiamento asegurado e cun sistema transparente de avaliación do seu grao de cumprimento. Para facer un símil, o que pedimos é algo similar aos plans de ordenación urbanística, os PXOM dos municipios, que ordenan todo o territorio e o desenvolvemento urbanístico dos concellos.

Pois ben, no caso das infraestruturas verdes tamén teñen que existir plans municipais que permitan establecer que espazos se queren destinar a este fin, que espazos se van protexer, que sendas se van trazar, entre outras cousas, en colaboración e co impulso da Xunta de Galicia. Os concellos necesitan o Goberno da Xunta para trazar os plans para, despois, así poder ter, en conxunto, unha radiografía da comunidade autónoma; é dicir, unha grande infraestrutura verde composta polos nosos espazos naturais, polos nosos cursos e masas de auga e polos espazos non urbanizados e polos grandes espazos verdes nas cidades.

Dentro diso, os socialistas levamos moito tempo poñendo o foco noutra necesidade, que é a gran Vía verde atlántica; unha ruta peonil e ciclable que una a fronteira de Asturias coa fronteira de Portugal, aproveitando o patrimonio xa existente: xa existen tramos de sendas ver-



des, antigas vías de ferrocarril ou incluso camiños tradicionais, conectando coa Vía verde portuguesa que chega ata Vila Nova de Cerveira.

Este é o obxectivo (*A señora Castro Rey mostra un documento.*) das vías verdes da Unión Europea. Falaba das vías de sendeirismo, hai nove marcadas pola Unión Europea. Neste momento, en Galicia temos catro vías verdes desenvolvidas pola Fundación dos Ferrocarrís de España: temos a do Salnés, de Vilagarcía a Portas; a do Eo, en Asturias, ata A Pontenova; a de Vigo-Redondela; ou incluso a que vai dende Compostela-Tambre-Lengüelle; e a de Cerceda-Si-
güeiro.

Realmente, nós necesitamos unha conectividade que una estas catro vías verdes que, neste momento, quedan illadas. E por iso propoñemos esta iniciativa e —cremos—, ademais, é unha aposta estratéxica por un novo modelo de mobilidade sostible e tamén de dinamización do rural, e de fomento do turismo activo e integrador en Galicia.

E por iso tamén queremos que Galicia se integre nas rutas ciclistas Eurovelo. A Rede Eurovelo, (*A señora Castro Rey mostra un documento.*) impulsada pola Federación Europea de ciclistas, é unha rede ciclista segura, interconectada ao longo de todo o continente: hai 90.000 quilómetros de rutas ciclistas; unha mobilidade non contaminante, accesible, integradora, sostible, de proximidade e que, ademais, dinamiza o noso rural. No Grupo Socialista cremos que Galicia debe formar parte activa desa rede estratéxica europea porque —cremos— xa contamos con rutas e poderíanse aproveitar estas —como dicía antes—, os camiños históricos ou as antigas e abandonadas vías de tren. Temos unha posición clave, na nosa costa atlántica co norte de Portugal, cuxa ruta Eurovelo xa está desenvolvida en todo Portugal; Eurovelo 1, que une, ademais, o norte de Portugal, dende Santo António ata Caminha; e nós temos que unirmos a esta e poder xerar esa gran ruta ciclista que —como dicía— traerá un beneficio non só económico, senón tamén a nivel turístico.

Cremos que é decisiva esta senda; cremos que é decisivo situar Galicia no mapa, no mapa da mobilidade ciclista; xerar novas oportunidades económicas; reforzar o compromiso climático; e mellorar a calidade de vida da nosa cidadanía. Porque as rutas Eurovelo, ao final, non só son un medio de transporte, senón —cremos— que son unha ferramenta social, económica e ambiental.

Señorías, o futuro de Galicia constrúese dende o compromiso co territorio; e esta é unha forma de comprometerse co territorio e co planeta, pero, para iso, necesitamos ambición, planificación e responsabilidade. E por iso hoxe pido ao resto dos grupos parlamentarios que aposte e que apoie a iniciativa porque, ao final —creo—, é apostar polo futuro de Galicia.

Nada máis, polo de agora, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.



Boas tardes.

Esta proposta é similar á cal xa fixo o presidente da Xunta nalgún momento: construír unha serie de sendas ao longo de todo o litoral galego, a través da cal se puidese camiñar, se puidese pasear, se puidese contemplar o mar etcétera, etcétera.

A nós parécenos moi ben esa proposta e a proposta que fai o Partido Socialista, sempre e cando, a provincia de Ourense non quede fóra dos investimentos e non quede fóra do plantexamento, porque só se fala do litoral. É curioso que, na proposta inicial do Partido Socialista, se falase da Coruña ata A Guarda e, logo, se incorporase o resto do tramo do litoral cantábrico, ata o límite con Asturias. Non sei se foi a señora Lara a que recordou aos seus compañeiros que o norte tamén existe e que Lugo tamén ten costa. Paréceme moi ben.

A cuestión é que, efectivamente, esas rutas, ben sexan para camiñar a pé, ben sexan para andar en bicicleta ou para o que sexan, teñen moitísimas vantaxes, e mesmo no ámbito da propia saúde, á parte de facer deporte —á mañá falaba o señor conselleiro dos transmisores químicos que nos alteran os estados de conciencia; falaba da serotonina e tal...— está demostrado que a visión de grandes masas de auga, como o mar, tranquiliza..., as cores verdes ou poder fixar a vista no horizonte...; todo iso achega uns valores positivos para a saúde e loita contra o estrés; ese estrés contra o que temos que loitar, sobre todo, quen vivimos en contornos urbanos.

O que pasa é que, como a provincia de Ourense non ten litoral marítimo, loxicamente, en principio, se a cuestión se plantexa así, non sería beneficiada por esa clase de axudas e de investimentos, e incidiríase, máis aínda, no desequilibrio de investimento entre as provincias da costa e as provincias do interior.

A portavoz do Partido Socialista parece ser que ampliou un pouco máis a cousa porque falou de sendas fluviais e falou de grandes masas de auga; entón, efectivamente, a provincia de Ourense si que se podería integrar nesa clase de iniciativas se se plantexa deste xeito máis xenérico. A provincia de Ourense conta cunha gran cantidade de grandes masas de auga, o que habitualmente se chaman embalses; son construcións que, noutros ámbitos, son, ás veces —digamos—, susceptibles de discusión, pero, neste ámbito concreto, en embalses como o das Portas, na zona de Vilariño de Conso, no embalse de Castrelo de Miño, xa se organizan moitas actividades deportivas, o da Frieira etcétera, etcétera. Non os vou nomear todos porque seguramente os coñecen. Son embalses, moitos dos cales xa nas súa propias concas... —aínda que sabemos que hai certos problemas de contaminación tamén nesa zona—...; son embalses nos que, xa agora mesmo, algúns concellos —a carón de Ourense, o propio embalse de Cachamuíña, onde tamén xa hai algunhas actividades—, pola súa iniciativa, empezan a facer xa esta clase de sendas, esta clase de recursos turísticos, esta clase de recursos patrimoniais, pero que, coa axuda da Xunta de Galicia, e enmarcándoos de xeito máis xenérico na iniciativa, que nos trae hoxe o Partido Socialista, Ourense —Ourense, como a provincia— podería ser tamén integrada nesta clase de misións. O embalse de Salas, xa na fronteira con Portugal, que é precioso para camiñar e que ten unha infinidade de recursos incluso prehistóricos etcétera, etcétera.



Entón, a nós parécenos ben a proposta. Non hai que olvidar que os ourensáns tamén viaxamos con frecuencia ao litoral galego. É moi frecuente que as familias de Ourense pasen as súas vacacións nalgún punto da costa galega e que mesmo teñan segundas vivendas para pasar uns días de asueto. O que pasa é que non é o mesmo desfrutar dunha infraestrutura un mes ao ano que durante todo o ano; quero dicir que, efectivamente, o que se faga na costa nos vai beneficiar a todos e non só os residentes habituais da zona. Pero nesta clase de iniciativa débese incluír tamén a provincia de Ourense.

Falei dos embalses, como tamén podía falar dos propios ríos: desde o río Miño ou o río Sil... Na zona do río Sil, por exemplo, podo mencionar o famoso embalse de Santo Estevo, toda a conca do Sil, na cal xa teñen lugar, hoxe en día, infinidade de actividades turísticas, como paseos en catamarán —que todos seguramente coñecen—, e tamén no río Arnoia —todo ao longo do río Arnoia—, que atravesa en sentido leste-oeste a provincia, e, ao longo dun amplo tramo, xa hai moitas actividades que algúns concellos empezaron a facer. Pero —como dixeron—, co impulso da Xunta de Galicia, ao amparo do plan que se propón ou doutro similar, pois poderíase fomentar esa clase de sendas, esa clase de ...¿Como lle chamou? De Eurovelo... —imaxino que vén de «velocípede» ou «velo», en francés, é bicicleta—. E, loxicamente, aínda que a provincia de Ourense non teña litoral —que parecía ser a proposta inicial, ou sexa, o formato inicial da proposta—, podería integrarse porque o paseo ou o movemento por esa clase de zonas, aínda que sexa en augas continentais e non sexa en augas marítimas, poden ter os mesmos beneficios, tanto en termos de saúde como termos económicos, que se plantexan.

Entón, imos apoiar a cuestión porque nos parece interesante, pero faría ese apuntamento: que non nos olvidemos de que na provincia de Ourense, a pesar de non ter mar, pódese plantexar nela tamén ampliar estas iniciativas no seu litoral fluvial e nas súas sendas fluviais e na zona dos embalses.

Sabemos que a Xunta de Galicia asumiu recentemente competencias en materia de litoral e, seguramente, ten probablemente en mente moitas iniciativas similares a esta. Pero que se acorde tamén do interior, no cal hai tamén grandes masas de auga tranquilizantes e que poden aportar moito valor na provincia de Ourense.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde, presidenta, grazas.

A verdade é que estou un pouco confuso porque aquí se mesturaron cuestións que non teñen nada que ver. ¡Bueno!, teñen que ver no feito de que levan a palabra «verde», pero non ten nada que ver a infraestrutura verde, que é un instrumento que está previsto na lexislación, coas vías verdes, que é unha infraestrutura de mobilidade, ou con outro tipo de infraestruturas turísticas que teñen outros obxectivos; polo tanto, centremos a cuestión.



Efectivamente, Galiza ten (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) unha Estratexia de infraestrutura verde, que foi feita pública o pasado mes de febreiro, curiosamente, cinco meses despois de que fose elevada para á súa aprobación ao Consello da Xunta. E nestes cinco meses tiveron tempo para facer algúns retoques —eu diría—, algunha falcatuada; por exemplo, tiveron tempo para eliminar unha zona (*O señor Bará Torres mostra unha imaxe.*) de amortecemento prevista no documento que fixo a USC e mais a UDC —supoño que institucións respectuosas, académicas e científicas—, que incluíron, no ano 2022, como zona de amortecemento da infraestrutura verde, a zona que está ao suroeste da serra do Careón e, curiosamente, (*O señor Bará Torres mostra outra imaxe.*) esta zona desaparece na proposta definitiva, que se fixo pública en febreiro de 2025. E, ¿que pasou aquí?; ¿por que se suprimiu este espazo? Resposta: porque aí hai que poñer Altri e, se hai que poñer Altri, que se quite a infraestrutura verde, (*Aplausos.*) pois xa pintaremos de verde o que haxa que pintar para que pase por verde. Isto é a forma de actuar do Partido Popular con esta materia. (*Aplausos.*) A realidade é que alguén terá que dar explicacións disto, que é unha cacicada ambiental, e bordea a prevaricación —como xa dixemos moitas veces—. O director do Instituto de Estudos do Territorio non foi capaz, en sede parlamentaria, de dar unha explicación de que pasou con isto.

Ben, o instrumento da infraestrutura verde naceu dunha comunicación da Comisión Europea do ano 2013, que, despois, deu lugar á aprobación da Estratexia estatal, no ano 2021. A Xunta tiña que aprobar a súa no prazo de tres anos; aprobouna un pouco tarde, pero ese non é o principal problema. Aparece recollida nalgúns leis, pero dunha maneira moi vaga e moi imprecisa.

Temos que dicir que, como concepto, ten algúns aspectos positivos, pois, por exemplo, recolle a necesidade de superar a idea da rede de espazos naturais protexidos como principal instrumento, a súa fragilidade, a perda de biodiversidade que vai asociada a eses espazos, a necesidade de establecer sistemas de conectividade. ¡Claro!, é infraestrutura verde e para conectividade e a restauración ecolóxica; é dicir, «conectividade» e «restauración ecolóxica» son dúas ideas importantes. Entón, recolle a idea dos conectores ecolóxicos, que son corredores fluviais, corredores terrestres ou corredores paisaxísticos, pero non son corredores para facer vías verdes ou para facer vías turísticas porque iso pode ir en contra do propio concepto de infraestrutura verde. E recolle tamén unha idea importante, que é a da «restauración ecolóxica» e, concretamente, (*O señor Bará Torres sostén coa man o documento inicial.*) o documento recolle 293 áreas prioritarias de restauración ecolóxica. Non deixa de ser un recoñecemento. Agora toca poñerse mans á obra e póñanse a traballar e a recuperar estes espazos.

Tamén temos que dicir que ten importantes eivas. A principal é que carecemos do desenvolvemento dos instrumentos de ordenación do territorio derivados da lexislación, das Directrices de ordenación do territorio; carecemos de plans territoriais integrados; carecemos de plans territoriais especiais; carecemos de plans sectoriais, de mapas e catálogos de solos, de plans de ordenación dos recursos forestais etcétera, etcétera. Isto é unha grave eiva. E como dixo o propio director do Instituto de Estudos do Territorio, este documento (*O señor Bará Torres mostra o documento novamente.*) non ten ningunha validez xurídica, e non hai que cumprilo. ¡Claro!, con esa filosofía, pois isto é como —digamos— unha casca baleira.



E indo á proposta que fai o Partido Socialista, estamos de acordo co primeiro punto; de feito, a propia estratexia, (*O señor Bará Torres colle o documento anterior e procura nel unha información.*) no apartado nove, recolle a necesidade de facer un plan de seguimento e de implementación da infraestrutura verde, que establece a necesidade de aprobar unhas medidas, un calendario, uns orzamentos e mais un calendario de seguimento da avaliación. Isto está sen facer e hai que facelo, pois, se non, isto non valerá para nada. Polo tanto é oportuno que se diga ao Goberno que ten que facer estes traballos —e xa nos parece tarde— porque estes deberían estar incluídos na propia estratexia, se non, é —como dicía, efectivamente, o director do Instituto de Estudos do Territorio— un documento declarativo ou unha declaración de intencións, que non ten ningún compromiso. Polo tanto, o Goberno ten a obriga de aprobar, canto antes, este plan de seguimento e implementación; e iso supón, sobre todo, poñer recursos económicos para desenvolver todas estas actuacións.

Despois, a proposta do Partido Socialista inclúe —agora hai unha versión nova— nun punto 2, que é parecido, algo que nos parece incoherente e que non ten cabida aquí. Inclúese a creación dunha gran vía verde atlántica, peonil e ciclista —agora pon—, desde Asturias ata Portugal, que permita adherir Galiza á Rede europea Eurovelo. Aquí —como dicía antes— hai unha confusión entre vías verdes e infraestruturas verdes para a conectividade ecolóxica, que non teñen nada que ver, loxicamente. Unha é unha infraestrutura de mobilidade e a outra é unha infraestrutura ecolóxica. Polo tanto, as vías verdes fanse, normalmente, a través da recuperación, que, ademais, teñen que cumprir unha serie de requisitos das antigas vías férreas. O único que teñen en común é a palabra «verde», que é unha especie de comodín que vale para todo, tamén para pintar Altri para que pase por unha grande infraestrutura e por un gran complexo arquitectónico, artístico e atractivo para a comarca.

Despois, hai aquí unha segunda confusión, que é a confusión entre as vías verdes e Eurovelo, que tampouco teñen nada que ver. Son infraestruturas diferentes. Como dixeran, as vías verdes aproveitan antigos tramos de vías abandonadas e a rede Eurovelo é unha rede cicloturística internacional europea. En Galiza hai xa unha Eurovelo, a Eurovelo 3, que coincide parcialmente co trazado do Camiño de Santiago, do Camiño Francés; e hai outra Eurovelo, que é o da costa atlántica —por iso non pasa por Ourense, pois non ten costa atlántica, de momento, aínda que ten ríos e encoros—, e que está sinalizada —que eu saiba, polo menos, coincídume pasar por aí varias veces— desde Tui ata Fisterra. Dáme a impresión de que aínda non está recoñecida oficialmente, pero a sinalización está feita. Por certo, foi á raíz dunha iniciativa da Deputación de Pontevedra e da Deputación da Coruña, gobernando o BNG nas dúas institucións coordinadamente.

Polo tanto, isto, en teoría, está feito. É distinto a vía verde e é distinto a infraestrutura verde. Nós este punto non o podemos aceptar tal como está redactado. Non temos ningún problema en votar o primeiro nin o terceiro, pero para este punto, en todo o caso, pediríamos a votación por puntos porque non nos parece coherente e mesmo parécenos contraditorio porque —como dicía antes— este tipo de infraestruturas poden xerar unha presión tal no territorio que vaian en contra da función de protección, de conservación, de conectividade ecolóxica e de restauración ecolóxica que deben ter as infraestruturas verdes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moi boas tardes.

Moitas grazas, presidente.

Non acostuma ser o habitual, pero hoxe compartín, e comparto co señor Bará, moito do que explicou porque —creo— é importante que saibamos todos do que estamos a falar.

É verdade que hai que diferenciar moi ben o que é a infraestrutura verde como estratexia, e como planificación xa se contempla na propia estratexia. A vía verde é unha reutilización das vías férreas que quedan en desuso. E logo tamén, por suposto, o Eurovelo, que é unha iniciativa turística e que, en Galicia —como ben sinalaba o señor Bará—, xa temos dous Eurovelo: o Eurovelo 1, que é o que cruza ou o que vai do sur ao norte, por todo o Atlántico; e logo, o Eurovelo 3, que une Santiago con Fisterra.

Despois, máis alá diso, todas as súas conspiracións —como sempre— fan que desconecte do seu discurso. Para aqueles do «non», que se fan sempre preguntas como, por exemplo, que quen avala as nosas políticas, a min si que me gustaría responderlles aos do «non» que son os galegos os que avalan as nosas políticas. ¿Cando? Cando votan, (*Murmurios.*) sempre que hai unha elección avalan de forma maioritaria, (*Aplausos.*) con maiorías absolutas, o Partido Popular. ¡Claro!, e ¿onde? Nas catro provincias, 295 concellos votaron maioritariamente o Partido Popular. E ¿por que? Porque somos o partido que máis se parece a Galicia, e iso é o que máis molesta ao Bloque Nacionalista Galego, e iso é o que non entenden vostedes; por iso non entenden quen avala as nosas políticas.

Mire, señora Castro, eu non entendo moi ben o porqué da súa iniciativa. Non sei se é que alguén na Fegamp quería gañar o gargantillo, e, entón, quixo facer mérito, presentando, ou pedindo que presentasen, a iniciativa porque non ten ningún sentido; non ten ningún sentido porque xa temos a Estratexia, porque se está a elaborar o plan como indica a Estratexia, porque estamos a colaborar cos concellos, precisamente, para o desenvolvemento da Estratexia, e porque, ademais, unha das cousas que vostede pediu, que, primeiro, foi unha senda, só de norte a sur, e que, agora, inclúe tamén a costa de Lugo, pois xa hai unhas semanas o propio presidente anunciou que, unha vez que asumimos as competencias sobre o noso litoral, unha das primeiras actuacións que se ía facer, ía ser, precisamente, a senda. Polo tanto, non entendo moi ben o porqué da súa iniciativa.

Galicia foi a primeira comunidade autónoma en contar cunha Estratexia da infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas; polo tanto, sendo Galicia a primeira comunidade, é moi difícil —é moi difícil— intentar convencernos de que chegamos tarde. ¡Home!, podía ser calquera outra, pero xusto foi Galicia a primeira comunidade que aprobou a Estratexia da infraestrutura verde. E —como ben sinalaba o señor Bará— o obxectivo do Plan é a creación dunha rede de espazos e elementos que melloren a resiliencia ante o cambio climático e que contribúan para a conservación da biodiversidade, aspectos dos cales se vai beneficiar a poboación.



A infraestrutura verde é unha iniciativa promovida pola Unión Europea, orientada a integrar, a fortalecer e a propiciar un uso racional dos elementos territoriais, acorde cos compromisos adquiridos na Estratexia de biodiversidade e nos distintos regulamentos e directivas que inciden no medio ambiente. Nesa liña, busca a integración entre as necesidades de conservación de determinadas áreas e o uso sostible dos recursos naturais. Todo isto a través dunha planificación que permita a coordinación das administracións e a adaptación ás novas necesidades, para que, en definitiva, a Estratexia galega da infraestrutura verde e da conectividade logre crear unha rede territorial continua entre aqueles espazos de maior valor ambiental, paisaxístico e tamén cultural. Para iso se está a elaborar —como dicía— unha planificación que vai permitir conservar a biodiversidade e garantir o bo estado dos ecosistemas polos beneficios que achegan á sociedade e á sustentabilidade. Ademais, vai permitir tamén reforzar a posición de Galicia como refuxio climático e como destino turístico verde e tamén sostible.

Nesa liña, é fundamental —como ademais así o destacamos nunha interpelación que, despois, deu lugar a unha moción que presentou o Grupo Mixto— o papel das cidades; é importante que nas propias grandes cidades medren o que son os espazos verdes: o xardín, as fontes ou as áreas recreativas, que repercutan na redución das emisións á atmosfera. Isto é lóxico, porque xa sinalabamos entón que entre o corenta por cento e o setenta por cento das emisións de gases de efecto invernadoiro se xeran nas áreas urbanas; e por iso nesta infraestrutura faise un especial fincapé nas urbes.

Así mesmo, señorías, a Estratexia representa un cambio de paradigma de ordenación do territorio, que é clave para o benestar da poboación, xa que vai permitir reducir a fragmentación de hábitats que albergan ecosistemas. Tamén vai permitir fortalecer a coordinación entre as diferentes administracións públicas para garantir o éxito da implementación da infraestrutura, e darase prioridade á información, á formación, e á participación da cidadanía tamén nesta materia. E, ademais da aprobación desta estratexia, esta estratexia sitúa Galicia tamén nunha posición vantaxosa para poder conseguir, para poder acadar ou captar fondos europeos orientados á restauración ambiental, tanto por parte das administracións como das entidades privadas.

Señoría, é importante que os concellos a coñezan, pero, sobre todo, máis importante aínda é que participen nesta estratexia; é que se fortaleza a cooperación entre os concellos e a Xunta de Galicia para, desta forma, garantir o éxito da implementación da infraestrutura verde, porque a Estratexia tamén vai permitir mellorar a ordenación do territorio no eido territorial porque —como lle dicía antes— establece un marco en que os concellos se poden apoiar para definir os seus plans locais para impulsar as infraestruturas verdes locais e para impulsar proxectos concretos no territorio. Contribuirá, en definitiva, para previr os efectos adversos do cambio climático e os seus riscos principais.

Resumindo, a Xunta xa está a traballar na elaboración do Plan de seguimento e de implementación da infraestrutura verde de Galicia no marco da Estratexia galega da infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas. Esta estratexia establece un marco xeral para a configuración e o desenvolvemento do plan, que é acorde cos criterios fixados pola Unión Europea e tamén pola lei estatal. Polo tanto, estase agora coa elaboración do Plan da



infraestrutura verde de Galicia que vai permitir que se aplique no período de vixencia, o cal é ata o ano 2050.

Este plan é de carácter aberto e adaptativo, será coordinado, ou é coordinado pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e integrará os datos procedentes de distintas unidades da Administración autonómica e os datos elaborados por distintas fontes, especialmente aqueles procedentes das axencias europeas e estatais que monitorizan o estado dos compoñentes da Estratexia. Estámonos a referir, ao clima, á biodiversidade, á ocupación do solo, á fragmentación da paisaxe, á acción de restauración ambiental e á integración das estratexias locais. No documento da Estratexia aparecen sinalados e identificados os apartados onde, precisamente, se deberá focalizar ese plan.

En canto á gran Vía verde atlántica —creo que, como ben dicía o señor Bará—, esa gran vía verde peonil e ciclable, chega xa, na actualidade, a Valença e está xa practicamente unida dende Tui ao cabo Fisterra. É un proxecto que lidera Turismo de Galicia; é o que se chama Eurovelo 1, que xa está homologado e validado polos organismos europeos. E, ademais, por encima, en Galicia, tamén contamos co Eurovelo 3, que —como dicía antes— une Santiago co cabo Fisterra. Con respecto á Vía verde atlántica, estaba vostede utilizando —como dicíamos, cremos— un concepto mal utilizado porque ese uso é inherente á recuperación das vías férreas en desuso.

En relación cos concellos —xa para rematar—, recentemente se publicou xa a noticia (*O señor Trenor López mostra un documento.*) —e supoño que vostede a coñecerá— acerca de que a Xunta estaba apoiando con 2 millóns de euros proxectos en 35 concellos galegos para impulsar precisamente os espazos verdes. O obxectivo das achegas —que se dividen en tres tipos de actuacións— busca incrementar a diversidade destas zonas, avanzar na súa conservación e favorecer a adaptación ao cambio climático.

En definitiva —e xa para pechar, señorías—, temos a Estratexia, estamos a elaborar o plan, colaboramos cos concellos, financiamos os concellos e esa senda, que vostede nos estivo a pedir, xa anunciou o presidente que ía ser unha realidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Quero comezar polo señor Ojea. Eu non quero deixar illada Ourense, nin teño a máis mínima intención, pois eu teño parentes que veñen de alí; os meus antepasados son ourensáns. (*Risos.*) Non podería perdoarmo a miña avoa.

Por iso creo que Ourense —e vostede tamén goberna Ourense— debe participar neses plans de infraestrutura verde municipal, que establezan a radiografía de cada un dos municipios e dos espazos que cada un quere conservar no seu territorio.



Eu non sei, creo que me expliquei mal ou non sei, pero —volvo repetir— eu xa dixen que non existía ningún tipo de confusión pola miña parte. Son consciente do que son as infraestruturas verdes, señor Bará, pois non son simplemente espazos naturais; son redes vivas que conectan os ecosistemas, que protexen a biodiversidade, que melloran a calidade do aire e que regulan o clima. É unha forma ou unha ferramenta para asentar poboación no rural e fomentar un turismo sostible. Para nós pode ser beneficioso o turismo sostible e xerar un benestar para a cidadanía.

Son instrumentos e investimentos estratéxicos —como dicía na miña primeira intervención—, que combinan ecoloxía, economía e equidade. E no Grupo Socialista, ademais, con máis razón podemos dicir isto e abandeirar unha iniciativa como esta, porque aos feitos me remito. No Concello de Pontevedra, ata que chegamos nós á Concellería de Medio Ambiente, non existía nada disto. En catro anos de xestión socialista, co meu compañeiro Iván Puentes, que rehabilitou a antiga ponte do ferrocarril do Lérez, cun investimento de 200.000 euros de fondos europeos, ou obtivemos fondos da Comisión Estatal para Patrimonio Natural e a Biodiversidade, do Miteco, para ese Plan municipal de infraestruturas verdes, que é o único concello de Galicia que —creo—, ademais, o ten aprobado. ¿E quen o fixo? Pois os socialistas durante estes catro anos de xestión. (*Aplausos.*)

E señor Bará, vostede dixo que non ten nada que ver, pero para nós a planificación das sendas tamén é planificación de espazos naturais, e iso pasa por sendas peonís ciclables. Xa sei que ao BNG de Pontevedra o de ciclable non lle gusta nada; é unha teima que vostedes teñen, unha ciclofobia, como tamén a turismofobia, ás veces. Pero nós cremos que é bo, e o ciclismo é unha forma de mobilidade sostible. É un turismo, ademais, que é desestacionalizado; é un turismo sostible; é un turismo que xera emprego e que, ademais —como dicía—, é bo para o noso territorio.

E ao Partido Popular, señor Trenor, tampouco lle gusta moito isto das sendas ciclables e das sendas peonís. E remítome tamén aos feitos porque o PP, na provincia de Pontevedra, chegou tarde á colaboración na vía do Salnés, e agora votou, hai unhas semanas, en contra na Deputación do tramo dende Portas ata Barro, que permitiría unir Vilagarcía con Pontevedra. E o seguinte tramo, dende Pontevedra a Soutomaior, pola antiga vía do tren, tamén está no tellado da Xunta de Galicia, da Deputación de Pontevedra do PP, xa que o Ministerio de Mobilidade e Axenda Urbana xa dixo que poñía eses terreos á disposición, e, así, poderíamos completar esa senda dende Vilagarcía a Pontevedra e ata Vigo, o que melloraría a nosa conectividade, é dicir, unha conectividade verde.

E señor Trenor, vostede falaba de que xa está aprobada a Estratexia. ¡Claro!, vostedes teñen estratexias para todo: a Estratexia de biodiversidade, a Estratexia de conservación de espazos naturais, a Estratexia de residuos..., pero o problema é que queda todo no papel, pois non cumpren nada. E unha estratexia non pode ser —como dixo vostede— un cambio de paradigma na ordenación do territorio, se nin se planifica, nin se orza, nin queda nunha execución real...

A miña compañeira Longueira falaba antes sobre unhas verbas de Aznar, e eu repito outras: «*Estamos trabajando en ello*». Pois tamén, a Xunta de Galicia é «*Estamos trabajando en ello*,



pero levan vostedes quince anos gobernando, (*Aplausos.*) e o que se refire a todas as políticas de carácter medioambiental, que fixa a Unión Europea, sen implementar. ¿Canto tempo van a estar traballando vostedes niso? (*Aplausos.*)

Nós cremos que —e falando tamén da rutas ciclables da Eurovelo— Galicia ten todas as condicións para poderse incorporar a este tipo de redes ciclables. Creo que é desexable, que é necesario e que é bo para o noso territorio. (*A señora Castro Rey mostra un mapa.*) E o mapa está aquí: vese como noutros países da Unión Europea existen rutas ao longo de todo o territorio. Vese Portugal e en Galicia vese como existe unha única paralela ao Camiño de Santiago.

Creo que temos todas as condicións no noso territorio...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CASTRO REY: ...para poder implementala.

Nós, os socialistas, somos exemplo de xestión medioambiental cando gobernamos —como así o demostramos— e traballamos por unha Galicia de futuro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, sobre a demanda á Xunta de Galicia de medidas preventivas en materia de dependencia

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(*O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Raquel Arias Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)

Emenda de adición.

Débese engadir, despois de «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a» e antes dos distintos puntos, o seguinte texto:

«, en consonancia co establecido na Estratexia Galega de Atención á Soidade non Desexada».

De tal modo que a proposta de acordo queda redactada da seguinte maneira:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a, en consonancia co establecido na Estratexia Galega de Atención á Soidade non Desexada:



1. *Aprobar medidas preventivas para aquelas persoas onde non haxa rede de apoio familiar ante o envellecemento, paliando as consecuencias que poidan ser sobrevidas e derivar en situacións grave de dependencia.*

2. *Relacionar estas medidas de apoio cos servizos de proximidade a través de programas de alerta e prevención.»)*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Olalla Rodil Fernández, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir un terceiro punto no texto da parte resolutiva, co seguinte contido:

«3. O Parlamento insta a Xunta de Galiza a, no prazo máximo de dous días, remitir ao Parlamento a Estratexia Galega de Atención á Soidade non Desexada.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Boa tarde a quen nos acompañan hoxe aquí arriba, *(A señora Longueira Castro dirxese á tribuna de convidadas e de convidados.)* que non sei quen sodes, pero benvidos a este salón de plenos.

Esta iniciativa crúzase coa presentación que fixeron vostedes, señorías do Partido Popular, na Comisión 5ª, hai unhas semanas. Nos metemos unha iniciativa, que é sobre a soidade non desexada e ¡chispún!, na Comisión 5ª apareceu un plan estratéxico... —¡non, seguro que non!, pero foi así. Bueno, non sei, pero chegou alí... Estaban avisados e vostedes meteron alí a iniciativa dúas semanas despois de que nós presentásemos as nosas iniciativas no Rexistro.

É verdade que chega seis anos máis tarde. Quero mencionar aquí o meu compañeiro Julio Torrado, que era deputado entón, e Noela Blanco, que tiveron que defender aquí, precisamente, estas iniciativas de soidade non desexada; e tamén María Pierres, que foi a primeira que empezou a falar aquí neste salón de plenos do *cohousing*, cando aínda non se escoitaba ningunha destas cuestións. Entón, vén tarde e vén debuxada así un pouco por encima, pero, ¡bueno!, polo menos non estabamos mal enfocados. Gobernar, non gobernabamos, pero parece ser que as iniciativas facían falta.

Eu teño unha teima cos servizos sociais, desde o primeiro día que puider falar aquí neste Pleno, sobre todo —e non vou deixar de falar disto— co Plan estratéxico de servizos sociais, contemplado no artigo 45 da Lei de servizos sociais, o cal vostedes desbotaron —desde a señora Beatriz Mato ata a señora Fabiola García—; desbotárono por completo conselleiro tras conselleira. Nunca fixeron caso deste plan estratéxico, pero —isto si—, cando hai unha ini-



ciativa ou cando hai unha idea, aparece un plan ou non sei cantos plans, pero realmente, a nai de todas as batallas, que é o Plan estratéxico e de servizos sociais —que está recollido no artigo 45—, nunca se fala sobre el, nunca se trae, nunca se fai. Chámame a atención que, despois, en situacións puntuais e parciais, sempre teñen un plan, pero —xa digo— logo pasan seis anos e, para unha cousa moi exigua na que falan vostedes de lugares comúns —que, evidentemente, son necesarios—, que non deixan de ser a detección, a sensibilización, a prevención e a intervención, que o mesmo valen para arranxar un ordenador que para capar un coche, ou sexa, son exactamente o mesmo —dá igual—. Quero dicir, son catro ideas xeralistas que poden ir a calquera lado. Evidentemente, non hai ningunha crítica que facer ás catro ideas, pero isto non deixa de ser unha achega xeralista a unha cuestión moi particular.

Entón, eu creo que —como dicía— chega varios anos tarde, cando xa temos problemas serios de soidade non desexada —e non foi por non avisar— e, ademais, cunha demanda persistente que sae dos concellos e dos casos particulares, que, desgraciadamente, todos coñecemos a través dos xornais. Eu creo que reaccionan vostedes xa máis por presión que por planificación, neste sentido; iso, por suposto, non fala ben se se quere facer unha política real.

Hai tamén nesta proposta que fan vostedes, a Estratexia de soidade non desexada, un anuncio de 145 millóns de euros. ¡Así, ao *chispún* tamén! Nunca sabemos en que os van gastar porque os 145 millóns de euros —que non aparecen especificados nun orzamento para a Estratexia de soidade non desexada— somos conscientes de que saen de partidas que xa están proxectadas e que se ían levar a cabo de calquera xeito ou de calquera maneira, quero dicir; non nun sentido pexorativo, senón que vostedes ían facelo igualmente se eran capaces de executar o orzamento. Entón, non sabemos que se destina a cada eixo en concreto nin que calendarización vai ter este investimento en soidade non desexada.

Despois, na proposta que fan —volvo dicir que é unha idea feliz e, por suposto, a nós non nos parece mal para nada, pero creo que está sen concretar— detecto unha falta de liderado dos concellos. A Estratexia menciona os concellos, pero non os coloca no centro da acción. Iso para nós é un erro porque son os servizos sociais comunitarios —como xa dixemos aquí máis veces— os que mellor coñecen o territorio e os que mellor coñecen os casos dos seus veciños. A Xunta —volvo repetir desde aquí— debería reforzar ese papel non só concello a concello, senón a través da Fegamp, que o resolvería dun xeito moito máis directo.

Despois, creo que a Estratexia que presentan vostedes ten máis efectos paliativos que estruturais, que é o que realmente queremos encontrar nunha estratexia: que sexa capaz de modificar ou de beneficiar a estrutura. Moitas das medidas —como o teléfono, o voluntariado ou as mascotas— non abordan as causas estruturais da soidade, que son: a pobreza, a exclusión, a deterioración dos servizos sociais, o urbanismo que illa as persoas, os recortes en dependencia... Eu creo que aí está o punto de xiro desta estratexia: calquera dos eixos que mencionan teñen, no día de hoxe, unha solución moi medida noutros mecanismos.

E imos poñer aquí un exemplo: unha poboación en Galicia, como pode ser o concello de Irixoa, que ten entre mil douscentos e mil quíntos habitantes. É un concello agrogandeiro con poboación envellecida, por suposto, e cun centro de saúde onde os médicos rotan ou mesmo non aparecen e teñen alternados os días da semana porque non aparecen por



alí ou o Sergas decide que non é necesario que aparezan por alí todos os días. Tampouco teñen un centro de día público —apenas acaban de abrir agora unha Casa do Maior que creo que dá para cinco persoas— nin, por suposto, unha residencia pública. Non hai transporte público, co cal a xente que ten que achegarse a unha vila con máis entidade, como é Betanzos —que está, aproximadamente, a uns catorce ou quince quilómetros—, ten que depender, primeiro, de que haxa espazo no bus escolar; despois, dun veciño ou, en último termo, do único taxi que ten o concello. Non hai un espazo público relevante dentro do concello, é dicir, non ten unha praza pública nin un urbanismo que os poida acoller ou que poida dar abrigo á xente maior ou á xente que vive soa para que se poida reunir. Decía antes que ten a Casa do Maior, pero, ¡bueno!, o que ten son os dous bares que distan a oitocentos metros o un do outro para que se poidan reunir e para que poidan estar máis ou menos en consonancia cos veciños. Iso si, contan coa solidariedade do eido rural, onde afortunadamente en Galicia as persoas poden ir axudándose daquela maneira os uns aos outros..., pero a soidade existe; existe en decenas de casas onde viven homes ou mulleres envellecidos e sós, sen ninguén basicamente porque ou ben a familia está na cidade —que pode ser A Coruña—, ou ben están en sitios máis alonxados, e co único que contan é coa amabilidade dos veciños.

Estamos a falar aquí dun eido rural, pero se imos ao urbano, ímolo atopar igual. A infraestrutura urbanística é agresiva para unha persoa que poida vivir soa e que teña certa idade. Evidentemente, hai centros sociais a onde poden ir, pero os concellos, no mellor dos casos, están ateigados de traballo, con traballadores e con educadores sociais que —digamos— non teñen a instantaneidade que pode haber noutros espazos, porque, ademais, non dan abasto e bastante teñen coa Lei de dependencia. Volve depender da amabilidade dos estráños, como pode ser se hai relación entre veciños nos edificios ou, nalgúns casos, se hai relación na tenda á que poidan baixar para facer as pequenas compras.

Entón volvemos estar no mesmo, é dicir, vostedes dan solucións, como pode ser a do teléfono, e poñen aquí 145 millóns. Eu preguntome se aquí xa están engadindo os millóns que veñen do Estado para a teleasistencia, pois acaban de facerse públicos nunha firma hai poucos meses; ou se realmente xa habilitaron unha serie de profesionais extra dos que xa teñen os concellos ou van habilitalos, é dicir, que teñan evidentemente o cometido de estar traballando na Estratexia e que vaian dar o apoio. Así poderíamos falar de moitas outras cuestións que —como dicíamos— están enunciadas, pero que moitas veces son ideas felices.

Entón, a cuestión é que nos parece ben que vostedes presenten estas ideas, pero, de todos os xeitos, parécenos que todo isto vén collido con pinzas. Volve haber unha pregunta ou volve haber unha iniciativa sobre esta temática e vostedes plantexan unha estratexia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...—agora mesmo— ... que pode servir para isto, pode servir para a mocidade, pode servir para moitas outras cousas que teñan que ver co benestar das persoas..., pero non está nin discutida, evidentemente, e —digamos— nin sequera está desmiuzada para saber como pode afectar ou como pode beneficiar toda a poboación maior e tamén a xuventude, que tamén padece estes problemas.



Esperemos que na réplica poidamos coñecer algo máis.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Nós, desde o Bloque Nacionalista Galego, presentamos unha emenda de adición para engadir á parte resolutiva un terceiro punto, que pide que a Xunta de Galiza entregue no Parlamento, no prazo máximo de dous días, a copia de, polo menos, esa Estratexia galega de atención á soidade non desexada, que vai camiño de ser o quinto misterio.

Dicía a portavoz do Partido Socialista: «Chega tarde»; ¡non!, chegar non chegou a ningún sitio porque aínda ninguén a viu. A min permítanme facer, neste tempo, unha breve cronoloxía dunha iniciativa moi estilo Rueda e moi estilo Partido Popular, que serían estas iniciativas-foguete: ¡ruído fan moitísimo!, pero, logo, ti miras para arriba e nada hai; como moito, o fume e a variña.

No ano 2019, efectivamente, nesta Cámara —algunhas persoas, que aínda estamos aquí, xa estabamos daquela— houbo un acordo unánime votado a favor polo conxunto da Cámara, incluídos os votos do Partido Popular, para que, de maneira urxente, a Xunta de Galiza elaborase unha estratexia fronte á soidade non desexada. Ano 2019. Urxente.

Nesta mesma sede parlamentaria, na sesión plenaria do 10 de marzo de 2021: *(A señora Rodil Fernández le unha nota de prensa.)* «Fabiola García anuncia que nos vindeiros días presentarán a Estratexia galega de atención á soidade non desexada» —marzo de 2021—. Ao mes seguinte, o 26 de abril, *(A señora Olalla Rodil fala entre risos.)* non había nada: *(A señora Rodil Fernández le outra nota de prensa.)* «Feijóo avanza unha mesa de traballo cos concellos para deseñar unha estratexia galega de atención á soidade non desexada». O que era inminente, e ía chegar en dous días, empeza o mes seguinte aínda a elaborarse.

En setembro de 2022 recriminámoslles, desde o Bloque Nacionalista Galego, aquí, no Parlamento de Galiza, que non se estaba facendo nada, que non se fixera nada, que non se aprobara nada e que cando ían facelo; a resposta da Xunta foi que era «inminente». Setembro de 2022: *(A señora Rodil Fernández le unha outra nota de prensa.)* «A Xunta presentará nos próximos meses a Estratexia galega de atención á soidade non desexada». *(A señora Rodil Fernández amosa a nota de prensa que acaba de ler.)* Traio as notas de prensa da Xunta de Galiza.

Un mes máis tarde... —un mes...— *(A señora Rodil Fernández ri.)* ¡un ano máis tarde!, en xuño de 2023, seguían sen facer nada. O Bloque Nacionalista Galego volveu traer a este Parlamento a necesidade de que se aprobase e publicase a Estratexia da soidade non desexada e de que



se remitise a este Parlamento para ser sometida ao debate e á consideración dos grupos parlamentarios —que, aínda que non lles guste demasiado que existamos e teñamos representación na Cámara, temos dereito a formular propostas—. E acordamos con vostedes —o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular— que se remitise a Estratexia galega da soidade non desexada antes de rematar o 2023. *(A señora Rodil Fernández le unha nota de prensa.)* «O Parlamento pide á Xunta que presente este ano...» —en xuño de 2023— «...a súa estratexia contra a soidade non desexada». Nada mandaron, obvio.

En xullo de 2024 —o que ía ser inminente no prazo duns meses e en abril de 2021 estaba listo...—, *(A señora Rodil Fernández mostra un documento.)* abren un espazo na web de transparencia da Xunta para que a sociedade galega envíe recomendacións, aportacións e propostas para elaborar un «...marco de actuacións estratéxicas diante da soidade non desexada en Galiza». Isto foi en xullo de 2024, é dicir, tres anos máis tarde de anunciarnos en sede parlamentaria a súa aprobación inminente.

Maio de 2025: «Rueda anuncia que a Xunta reforzará a súa estratexia contra a soidade non desexada...», ¡que ninguén viu!, *(Aplausos.)* —¡para, non!— *(A señora Rodil Fernández ri.)* —pensabades que acababa aí, pero non— «...con novas medidas, como as redes de apoio local ou o teléfono específico». E a min como que me quería soar a cousa..., pois o 26 de abril de 2021: *(A señora Rodil Fernández le un treito dun documento.)* «Crear el teléfono de la soledad, censos y lanzar redes locales de detección, medidas de la Estrategia gallega contra la soledad no deseada». *(Aplausos.)*

¡Puro estilo Rueda, puro estilo Partido Popular: fume, variña e quilos —e quilos— de propaganda fogueteira! Eu, se fose vostede, subía aquí, agachaba a cabeza e o primeiro que facía era pedirlle perdón á xente por levar catro anos ríndose na cara de todas as galegas e de todos os galegos. *(Aplausos.)*

¡Así é o PP!: é capaz de venderche durante catro anos a mesma idea, unha e outra vez —unha e outra vez—, e non haber detrás das iniciativas e das mentiras absolutamente nada —¡nada!—. E agora virán aquí e diranos que se «...os talasos e os balnearios...», como se o envellecemento activo e a garantía do dereito da poboación maior a unha vellez digna, especialmente daquelas máis de cen mil persoas que viven soas, con máis de 65 anos, en Galiza, pasase por unha ruta en balnearios.

No BNG levamos moitos anos reclamando que o primeiro chanzo neste país para garantir o dereito a unha vellez digna é a autonomía persoal, a capacidade de decisión das persoas e o seu acceso a servizos públicos de calidade e de proximidade. Ese é o primeiro elemento para garantir o dereito a unha vida digna para todas as persoas, poñendo especial énfase naquelas que se atopan en soidade, e nunha soidade non desexada. Vivir só non é malo, se ti desexas esa situación. O que hai que garantir é que aquelas persoas que non dispoñen dunha rede de apoio familiar, dun contorno de amizades ou que —insisto— se atopan nunha soidade non desexada teñan acceso a uns servizos públicos próximos e da máxima calidade que lles garanta o dereito a vivir dignamente nas súas casas e nas mellores condicións posibles.

Eu francamente pouco máis teño que dicir. Nós imos apoiar a iniciativa. Agardamos que se teña en consideración a nosa achega e, sobre todo, que se deixe de mentir á xente, que se



traia dunha vez —¡se é que existe!— a Estratexia galega da soidade non desexada e que se cumpra o que se prometeu, hai dous anos, neste país: que se ían ter en conta as opinións, as posicións e as aportacións de todo o arco parlamentario, pois tamén temos propostas que facer para mellorar a calidade de vida das galegas e dos galegos.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Esta é unha desas iniciativas en que a frase «*me alegro mucho de que me lo haya preguntado*» cumpre todo o seu papel porque, efectivamente, como a señora Longueira recoñeceu aquí, o que se pediu xa se está facendo.

Ademais, inclúo que a Estratexia galega contra a soidade non desexada se aprobou no Consello da Xunta, do 5 de maio, e que foi presentada nese mesmo día polo presidente e pola conselleira e, posteriormente, neste Parlamento, na Comisión 5ª, polo director xeral. Por iso nós fixemos esta emenda de adición para que conste, de acordo coa realidade, que isto está na Estratexia galega contra a soidade non desexada. (*Aplausos.*)

Se me permite unha brincadeira, señora Longueira, talvez no PSOE estean acostumados aos plans de Sánchez —que os fai en sete días ou ata en cinco, porque logo xa cambia de opinión—, pero, na Xunta, para os plans faise un diagnóstico, elabóranse unhas propostas e logo cúmprense. Nós si cumprimos e nós si podemos orzar, porque, entre outras cousas, temos a capacidade de facer orzamentos cada ano, o que logo nos permite poñer eses 145 millóns, por exemplo, para a Estratexia galega contra a soidade non desexada.

Esta estratexia forma parte do novo contexto demográfico europeo, xa que cada vez existen menos nacementos, hai un envellecemento da poboación e tamén un novo sistema social. Ademais, é que aquí, en Galicia, podemos presumir de ser unha das rexións máis lonxevas do mundo; e digo que «podemos presumir» porque iso é un orgullo e unha proba máis de por que dicimos que Galicia é o mellor lugar para nacer, para desenvolver un proxecto vital e para pasar toda a vida. (*Aplausos.*)

Pero o certo é que este contexto nos fai afrontar tamén novos retos sociosanitarios, habitacionais, culturais e, en definitiva, da propia arquitectura económica e das administracións. Por iso é imprescindible que o Goberno do Estado afronte, dunha vez, a reforma do financiamento autonómico, e que teña en conta factores como o envellecemento da poboación ou como a dispersión, que fan que en Galicia teñamos un sobrecusto anual de, ao menos, cincocentos millóns de euros. É inaceptable que Sánchez adíe, unha e outra vez, a reforma do financiamento e que nin sequera a poña na orde do día da Conferencia de Presidentes prevista para o principio de xuño; da mesma maneira que é intolerable e inaceptable que o Goberno de Sánchez nos estea recortando nas aportacións á Lei de dependencia! (*Aplausos.*) ¡É



absolutamente intolerable!, porque, miren, nunca se pagou o 50 por cento que nos corresponde, *(Aplausos.)* pero é que o Goberno de Sánchez pagou o 40 por cento, no ano 2023, e pagou só o 34,9 por cento, no ano 2024. ¡É bochornoso e son intolerables os recortes do Goberno de Sánchez á Lei de dependencia! Por se isto fose pouco, hoxe enterámonos de que para os vascos ¡si!, pois hai un acordo bilateral, segundo o que a eles lles van pagar o 50 por cento que manda a Lei de dependencia.

Isto ten un nome e uns cómplices necesarios, que se chaman Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista de Galicia, que permiten que os vascos, que os cataláns e que outros dependentes sexan de primeira, mentres que en Galicia, unha vez máis, *(Aplausos.)* nos deixan aparcados. ¡É unha vergoña! Señores do Bloque, saquen dunha vez o «non»; digan, dunha vez, «si» a Galicia —aínda que só sexa por unha vez— e díganlle «non» a Sánchez; díganlle «non» a quen non cumpre nin un só compromiso dos que acordou con vostedes *(Aplausos.)* e a quen nin cumpriu un só compromiso para as galegas e os galegos, e para os dependentes.

O Goberno do Estado débenos xa 2.500 millóns de euros para a dependencia en Galicia, *(A señora Arias Rodríguez amosa un documento.)* cos cales poderíamos facer máis de cen residencias, como as que se acaban de abrir en Lugo e en Santiago e como as que se van abrir na Coruña, en Pontevedra e en Ferrol. Poderíamos ter máis de cen millóns de horas de dependencia ou poderíamos ter doce mil novas prazas de residencia...; iso é o que nos está facendo o Goberno de Sánchez ás galegas e aos galegos. Por iso, por responsabilidade, dende o Goberno da Xunta e dende o Partido Popular, seguiremos exixindo a Madrid que nos pague o que nos corresponde: o cincuenta por cento da Lei de dependencia e os 2.500 millóns de euros que son nosos. Ademais, temos que dicir que con vostedes non podemos contar nin estivemos contando. *(A señora Arias Rodríguez amosa unha gráfica.)*

A pesar diso, os galegos, cos gobernos do Partido Popular, foron quen de desfrutar de cinco veces máis residencias das que tiñan vostedes. O Goberno da Xunta nestes momentos multiplicou por tres as prazas de residencia; multiplicou por cinco os dependentes atendidos; multiplicou por seis o número de centros de día; creou as casas do maior —143 neste momento—; e multiplicou por oito o número de persoas atendidas co Servizo de axuda no fogar. E son máis de vinte e cinco mil persoas que teñen xa o Bono Coidado. Falaba vostede de axudar os concellos. ¿En que os está axudando o Goberno de Sánchez, que non paga o que lles debe da Lei de dependencia e que non lles paga as aportacións que tiñan que ter para o SAF?

E si, señora Rodil, seguimos traballando; seguimos traballando para que os maiores gocen da mellor calidade de vida durante o maior tempo posible. Por iso o Goberno galego segue avanzando no impulso de medidas que nos permitan garantir unha vida activa, saudable e independente, entendendo o envellecemento activo non só como medidas físicas, senón tamén como medidas para a participación intelectual.

Dende esta nova perspectiva estase redactando a estratexia galega contra o idadismo, cuxas liñas xerais xa foron presentadas no Consello da Xunta. Efectivamente, o 27 por cento dos galegos que teñen máis de 65 anos merecen poder elixir a vida que queren levar e poder elixir o seu papel na sociedade porque teñen moito que contar e moito que dicir.



Dentro dos programas de envellecemento activo, hai, efectivamente, programas como Benestar en balnearios, Xuntos polo Nadal, o Carné +65, as Aulas Sénior..., pero somos conscientes —claro que si— de que para un envellecemento saudable é fundamental loitar contra a soidade non desexada. Nesa estratexia que temos xa en Galicia hai catro piares fundamentais: a detección, a sensibilización, a prevención e a intervención. Entre as accións máis inminentes está ese teléfono multicanle que se vai poñer en marcha xa con 1.000 persoas maiores neste primeiro ano e que, logo, se verá e se irá ampliando a medida que pase o tempo. Tamén, de xeito inmediato, farase un censo para poder saber onde están as persoas que máis necesitan a nosa atención, e, por suposto, colaborarase cos concellos, cos centros de saúde e cos traballadores sociais. Crearase unha rede de apoio local comunitario, formada polos comercios de proximidade, polas asociacións etcétera. Outras das medidas que levan anos xa postas en marcha —tales como ás cales me refería antes para a vellez activa— están incluídas nesta estratexia, pero tamén a atención á proximidade, como as casas do maior —das cales vostedes nin falaban nin apoiaron— ou como Xantar na casa. E a aposta —como dicía— pola atención nos domicilios, como o Servizo de axuda no fogar, a teleasistencia ou o Bono Coidado no Fogar.

Señorías, creo que todos coincidimos nesta Cámara en que vivir só non debe e non pode ser o mesmo que sentirse só.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

A ver, estamos no 20 de maio de 2025. Se o tempo nos dá saúde —un factor importante—, dentro dun ano imos falar disto, e a ver onde estamos... Non me vou esquecer.

Agora imos responder a isto desde o importante —¿vale?— ata o fango. O importante é que aceptamos a moción do BNG e aceptamos a súa moción. E —xa lle digo— isto é un lanzamento de boas ideas —como xa dixemos, levan seis anos preparando isto—, e imos dalo por bo. E o fango, o fango é que vostedes teñen un compañeiro en Madrid que non foi presidente porque non quixo. Teñen vostedes a sorte de que o noso compañeiro do Partido Socialista quixo ser presidente; entón, gobernamos en España, ¿vale? E vostedes puideron facelo, pero non quixeron.

Mire, eu voules facer unha recomendación a vostede e a todo o seu partido: isto dos 2.500 millóns de euros, que xa é un mantra que veñen repetindo, e que nunca... ¡Non!, nunca lles damos ás orellas, porque vostede sabe perfectamente que se son verdade esas cifras... —sobre as cales vostedes chegaron a un consenso con elas—... Vostede sabe perfectamente —e xa llo dixen aquí— que, cando o señor Mariano Rajoy gobernaba, todo o mundo estaba caladiño.

Eu dígolles unha cousa: vaian vostedes e reclamen xudicialmente. ¡Reclámeno! ¿Por que non o fan? Porque eu, se fose do Partido Popular e tivese a certeza destas cifras —se estivesen



argumentadas e documentadas— e tivesen todos os informes dunha intervención e dunha tesouraría como a Xunta de Galicia, ¡vou e reclamaría! Porque están vostedes infrinxindo. Vostedes fan a oposición cando gobernan e gobernan cando fan oposición. ¡Vostedes gobernan! Teñen os datos encima da mesa, entón, ¿por que non reclaman os 2.500 millóns de euros xudicialmente? É que non dou entendido isto. Se eu tivese a súa responsabilidade, ¡vamos!, non sería capaz de sentar aquí, se non o reclamei xudicialmente. ¡Así que fágao! Estamos desexando que o fagan. E se é certo, ¡pois alá van!: desde o Estado español, terán que pagarlles os 2.500 millóns de euros que tanto reclaman vostedes e que non sei de onde os sacan.

O que fixemos aquí, cando se chegou ao Goberno de España, foi empezar a incrementar, e cando o Goberno de España incrementou, vostedes retiraban os fondos. Sábeo perfectamente. Se non o sabe vostede, fáleo coa súa compañeira Fabiola García, que deberá sabelo. Entón, imos deixar xa este mantra... *(A señora Arias Rodríguez nega coa cabeza.)*

Ademais, recoméndolle unha cousa —non vou dicir o título, porque se poden sentir ofendidos, e nada máis lonxe da miña intención, pois eu xa lle dixen que non veño aquí falar cousas que na miña casa non me ensinaron—: lea vostede o último libro de Pino Aprile —Pino Aprile—, ¿vale?

Entón, como nos igualamos por abaixo, se estamos todo o día falando de cousas que non nos fan mellores, acabaremos sendo peores. Así que, como non quero ser partícipe de facer peor a cidadanía, pido, por favor, que reclamen xudicialmente os 2.500 millóns; e así acabamos con este tema.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar á Mesa do Congreso dos Deputados co obxectivo de que permita o avance da tramitación da proposición de lei orgánica relativa á transferencia a Galicia da AP-9

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado Carlos López Font, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo parágrafo, que terá o seguinte contido:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a implantar as mesmas bonificacións, que nas autoestradas de titularidade estatal AP-9 e AP-53, nas autoestradas de titularidade autonómica AG-55 e AG-57, como paso para implantar a gratuidade total nas devanditas autoestradas.»



O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Rodríguez Martínez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos.

Abro comiñas: «¡Home!, no da AP-9, a min moléstanme varias cousas. A min o que máis me molesta como presidente do Parlamento, e tamén me sinto un pouco ofendido, é que xa non se acepta nin o debate dun tema trasladado dende o propio Parlamento, por unanimidade. Pero ¿que valor lle damos ao Parlamento galego logo? Iso é unha cousa... Eu pediría, xa o pedín nunha reunión de presidentes de parlamentos autonómicos, pediríalle aos do Congreso, por favor, un pouco máis de respecto e consideración para os parlamentos autonómicos e, por favor, un pouco máis de celeridade nos temas que lle trasladan os parlamentos autonómicos, que tamén somos de Deus. A min iso oféndeme como presidente do Parlamento de Galicia, que xa nin se teña en consideración independentemente de quen o faga, pero xa é unha falta de... Estaban todos de acordo comigo nese tema. Entón, eu iso si que o defenderei en pé.» Pecho comiñas. (Aplausos.)

Este é un extracto, literal, das declaracións realizadas a Europa Press polo presidente do noso Parlamento, Miguel Ángel Santalices Vieira, hai apenas un mes, o pasado 17 de abril. E aquí podería rematar xa o debate.

Señorías, Galicia aspira, lexitimamente, a xestionar a súa autoestrada. En decembro de 2023 este Parlamento aprobou unanimemente, e por cuarta vez, solicitar a transferencia a Galicia da competencia sobre a xestión da AP-9 nos termos previstos na proposición de lei orgánica de transferencia, isto é, asumindo as repercusións económicas e financeiras dos convenios en vigor, das actuacións en infraestruturas xa comprometidas e as necesarias no futuro que non sexan responsabilidade da Xunta de Galicia, e en concreto a posible nulidade das prórrogas, e asumindo a dotación económica necesaria para ampliar as bonificacións e eliminar o incremento extraordinario do 1 por cento durante vinte anos acordado polo Goberno socialista do señor Zapatero.

E hai exactamente tres meses, con ocasión dun debate anterior sobre a transferencia da AP-9, dicía eu dende esta mesma tribuna que, aínda que descoñecía quen do Grupo Socialista tomaría a palabra, trasladáballe anticipadamente a miña solidariedade por ter que defender as decisións do seu Goberno en Madrid xusto no día no que se viña de aprobar a prórroga vinte e unha ao trámite de emendas á proposición de lei orgánica de transferencia. Dicía eu: ¡menudo papelón vir hoxe aquí defender un goberno que no que vai de lexislatura dilatou en vinte e unha ocasións o cumprimento do prometido aos galegos e ás galegas, co beneplácito dos socialistas e nacionalistas galegos!

Hoxe, dende esta mesma mañá, (*O señor Rodríguez Martínez mostra un documento.*) son trinta e tres prórrogas, corenta e oito dende que Sánchez é presidente. Se daquela era un papelón, ¿que adxectivo lle poñemos hoxe, señor Font? ¿Que adxectivo lle poñemos hoxe, señor Ríos? (Aplausos.) Isto é unha vergoña.



Señorías, como vostedes semella que son moi de celebrar os 50 aniversarios, mellor que lles quede xa claro aos galegos e ás galegas: non queremos celebrar o vindeiro mes as cincuenta prórrogas de Pedro Sánchez e o BNG ao debate da transferencia da AP-9. Non queremos celebrar as cincuenta labazadas ao acordo unánime deste Parlamento. Os galegos queremos que se cumpra coa palabra dada (*Aplausos.*)

Máis aínda, señorías, máis aínda cando non é que a Galicia se lle estea a negar a transferencia, non, é que a Galicia se lle está a negar o debate. Unha total e absoluta falta de respecto a un acordo unánime da primeira institución de Galicia.

É inexplicable e inxustificable este bloqueo, que só pode entenderse dende a ansia do Goberno de ambos en Madrid non xa de discriminar, senón de humillar a Galicia, porque non están a humillar un goberno do Partido Popular, señorías, están a humillar o pobo de Galicia, que é a quen representa este Parlamento, porque non debemos esquecer que, tal e como recolle o noso Estatuto, no seu artigo 9.1, os poderes da Comunidade Autónoma exércense a través do Parlamento, da Xunta e do seu presidente. Castigar inxustamente a calquera dos tres é castigar inxustamente a Galicia, señorías.

Temos falado, e moito, de discriminación a Galicia, do permanente agravio do Goberno de Sánchez ao negarlle a transferencia e gratuidade da AP-9, prometida aos galegos polo Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. E o certo é que o rescate non foi prometido aos galegos. Pero a día de hoxe tampouco se entende por que o Goberno se nega sequera a avaliar coa Xunta a oportunidade de levalo a efecto.

E todo isto ocorre coa entusiasta colaboración dos socialistas galegos, os máis aplicados soldados de Sánchez. Tres semanas, señorías, duroulles a defensa da transferencia e a gratuidade da AP-9, tres semanas nas que pasaron de votar a favor en Santiago a absterse no Congreso, e mesmo hoxe, xa libres de calquera complexo, son xa quen directamente de votar en contra no Senado.

De verdade, ¿van ser quen de premer hoxe o botón verde aquí para logo premer o vermello en Madrid? Pero ¿como lles van mirar á cara aos galegos, señorías?, (*Aplausos.*) ¿pero como lles van mirar á cara aos galegos cando baixo o slogan, porque non é máis que un slogan, camiño á gratuidade, condicionan vostedes a día de hoxe a transferencia da AP-9 a un rescate previo, que o propio Goberno de Sánchez xa cualificou de inviable?

Así as gastan os soldados galegos de Sánchez: transferencia si, pero condicionada por vostedes a algo que vostedes mesmos din que non pode ser.

Miren, señorías, os galegos sabemos moito de camiños, porque aquí remata o que verteбра Europa dende hai doce séculos. E por iso, señoría, temos moi claro que pagar neste ano as peaxes máis caras da historia dende logo non é o camiño á gratuidade, señorías, dende logo non o é. (*Aplausos.*) Non hai que condicionar a transferencia da AP-9 ao seu rescate, pode habelo con ou sen el, nin este é inviable.

A día de hoxe o custo das bonificacións actuais supoñen ata o final da concesión un importe moi semellante ao custo da indemnización por rescate. Pero é que aquí, señorías do Bloque



Nacionalista Galego, resulta que vostedes tamén fixeron un estudo que arroxaba incluso un cálculo inferior. ¿Por que calan? ¿Por que cala o BNG? ¿Cal é a parte oculta dos seus pactos con Pedro Sánchez, señorías? ¿A cambio de que o seu apoio incondicional cando mesmo os seus propios números contradín ese apoio?

Ante o seu silencio, non hai máis remedio que concluír, unha vez máis, que non hai nacionalismo máis barato para Sánchez nin máis caro para os galegos. Vostedes si que son graútos para Sánchez, señorías, si que son gratuítos. (*Aplausos.*)

E a pregunta é: ¿que van facer vostedes, señorías do PSdeG e do BNG?, ¿que van facer?

Porque hoxe non toca falar das peaxes máis altas da historia; non toca falar de que neste 2025 a AP-9 foi a autoestrada europea que máis subiu as peaxes; non toca falar de que Sánchez, como presidente, co apoio do BNG, ten decretada a gratuidade de oito autoestradas, mil quilómetros menos de pago en toda España, e, en Galicia, co apoio do BNG, cero, señorías.

Hoxe toca falar de respecto. Reclamamos ao Goberno respecto para Galicia. Ten que cesar este agravio, outro máis, que está a prexudicar a economía das familias e a competitividade de sectores estratéxicos como o transporte e a construción. Exiximos un trato xusto e equitativo, que o Goberno de Pedro Sánchez, co apoio do BNG, nos nega.

Señorías do BNG e do Partido Socialista, conclúo: poden empregar unha vez máis a súa intervención para fuxir da súa responsabilidade actual. É entendible que queiran fuxir deste debate e falar de decisións doutros tempos ou de decisións noutras autoestradas, pero hoxe toca falar da transferencia da AP-9. ¿Que van facer vostedes cando volvan a Madrid?

E, por iso, adianto que non imos aceptar a emenda presentada polo Partido Socialista. Vostedes gobernan e a vostedes correspóndelles parar esta aldraxe. Os galegos esperan, porque teñen dereito a ela, a mesma vontade política que si existe para outros territorios, pois semella que a única opción viable para superar este bloqueo é que a proposición de lei de transferencia proveña do Parlamento de Cataluña e non do Parlamento de Galicia. Pero Galicia non quere ser máis, pero tampouco pode tolerar ser menos que ninguén.

Polo de agora, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e todos.

Boa tarde, señor Rodríguez, de novo, o encubridor de Aznar, ao que lle deu as grazas por traer de novo esta proposta.



O que ocorre é que cada vez está máis nervioso vostede, cada vez que trae o tema da AP-9 está moito máis alterado. Pero mire, encantados de debater unha proposición sobre autoestradas en Galicia, pero sobre autoestradas, señor Rodríguez, temos que buscar falar de todas as autoestradas aquí. É que sempre esquece vostede as autoestradas de xestión autonómica. Vostede é moi perseverante, e eu tamén, pero non só imos debater sobre a AP-9.

Dicía: doulle as grazas, porque este debate permite novamente manifestar aquí de onde vimos. Dicía vostede: outros tempos. Non lle gusta falar doutros tempos, pero a min si. ¿Por que pagamos peaxes? ¿E que fixo un e que fixemos outros? Xa sei que este debate a vostede non lle gusta, pero son vostedes os que provocan este debate.

Tamén lle gusta a vostede apelar moito á cara dura, e a verdade é que os únicos que teñen moita cara dura son vostedes para falar da AP-9. (*Aplausos.*) Dáballe as grazas porque, canto máis debatemos, máis galegos e galegas decátanse da historia das peaxes da AP-9. E non sei como non lles dá vergoña; fala de vergoña, non sei como non lle dá vergoña seguir insistindo, pertencendo ao mesmo partido que Aznar. Vostede é un encubridor do que fixo Aznar no seu momento, o que prorrogou vinte e cinco anos unha concesión, unha condena para os galegos e as galegas. (*Aplausos.*) Ría, ría; ría, ría. Porque seguen pagando peaxes precisamente por esa prórroga, unha auténtica estafa.

Señor Rodríguez, en xuño de 2023 poñeríase fin ás peaxes da AP-9 se non fose pola prórroga de Aznar, e vostedes, o PP, seguen sen pedir perdón aos galegos, a todos os condenados que a diario pagan as peaxes, e, iso si, ata 2048.

Esta é a realidade, señor Rodríguez. Por iso é bo que traia este debate para lembrar aquí a responsabilidade do PP. ¿Sabe canto custa o que fixo Aznar? 200 millóns ao ano. ¿Sabe o que significa a prórroga? 5.000 millóns de euros por ter tomado aquela decisión. Vostede, tan valente; o PP hoxe é tan covarde como no ano 2000, cando se ampliou en vinte e cinco anos, e tan caladiños cando se privatizou, un negocio redondo para os intereses privados, aos que vostedes defenden de forma permanente, como cando anticipan —din—, regalan 300 millóns por rescate de catro autovías polas que non pagamos absolutamente nada.

Sigamos coa historia da AP-9. O PP, con responsabilidade de Aznar, ampliou e privatizou a concesión. Rajoy nunca bonificou as peaxes, nunca expuxo o camiño á gratuidade. É dicir, o PP é o auténtico inimigo das galegas e dos galegos no pago das peaxes. (*Aplausos.*) Pode seguir rindo.

Pero, como se trata do que facemos cada un, pola contra, o gran Goberno de Pedro Sánchez ten un obxectivo fixado: chegar á gratuidade; si, señor Rodríguez, chegar á gratuidade; que non se engane: é o que verdadeiramente lle importa á xente que paga a diario polas decisións políticas do PP.

Camiño do Goberno socialista: bonificacións iniciais do 50 por cento, cun custo orzamentario moi importante hoxe, ao redor de 100 millóns de euros anuais; por certo, decisións que vostedes non apoiaron; hoxe a bonificación é do 75 por cento. Si, señor Rodríguez, xa moi preto da gratuidade, e incorporando a AP-53.



¿Recorda aquel mal día de vostede que me dicía que cando chegaría a bonificación da AP-53? Pois aquel día tamén debatíamos vostede e eu, e foi un mal día para vostede. Esta é a diferenza de como se goberna: por favorecer o interese público, os socialistas, e como se goberna desde o PP para favorecer os intereses das grandes empresas.

¿E que me conta, señor Rodríguez, da xestión das autoestradas autonómicas? ¿Non lle preocupa ao seu Grupo Parlamentario Popular o que pagan a diario na AG-55 e na AG-57? ¿Non pensa traer nunca unha iniciativa para que esas autoestradas teñan o mesmo tratamento que as do Estado? ¡Ah!, só o preocupan as cuestións das estatais.

Pois mire, os usuarios das dúas, das dúas que xestionan vostedes, reclaman a gratuidade, e nós dicimos que vaian aplicando nas autoestradas autonómicas as mesmas bonificacións que no Estado. É moi sinxelo, moi sinxelo, e moi rápido de facer, como foi moi rápido decidir 300 millóns de regalo ás construtoras.

¿Por que non relata aquí, señor Rodríguez, que Rajoy boicoteou o mesmo que vostedes piden? ¿Por que non relata aquí a actuación do Goberno de Rajoy relacionada coa AP-9? Sigán por ese camiño, camiño da confrontación, que nós seguiremos buscando o ben común. É cuantificable o que se aforra na AP-9 e é cuantificable o que se aforra na AP-53.

Pero, claro, vostedes son o mellor exemplo da confrontación, e onte demostrouse, porque para o presidente de Galicia o importante é atender ás cousas do partido, o importante é desprazarse a Madrid atender ás cousas do partido, escoitar as ordes de Feijóo, e escoitalas en directo, non vaia ser que non chegue o argumentario.

¡Que razón tiña o señor Besteiro cando no pleno anterior denominaba Rueda como presidente ausente! Pasaron dez días e confirmouse o que dicía o señor Besteiro. Seguro que a vostede que o presidente da Xunta estivese ausente no Consello da Xunta parécelle ben.

Polo tanto, preguntaba: ¿que imos facer? Imos facer continuidade, continuar camiño da gratuidade, o que non fixeron vostedes cando gobernaron, imos continuar pola vía das bonificacións. Chegaremos á gratuidade, señor Rodríguez.

Pero podería ser para vostede o desexo. Debo dicirlle que puidera lucirse vostede e que acepte, dado que falamos de todas as autoestradas, a emenda de adición, que non é de substitución, de equiparar as bonificacións de autoestradas estatais coas autonómicas. Eu estarei encantado de que se apunte un tanto e busque unha cita bíblica para xustificar o seu cambio de opinión, porque os que pagan a diario na AG-55 e na AG-57 estaranlle moi agradecidos.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto. (O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.) Grazas.



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

¡Hai que escoitar unhas cousas neste Parlamento que ás veces mete pánico! Que non se acepte nin o debate. ¿Onde queda o respecto ao Parlamento galego? Supoño que o que dixo o presidente do Parlamento a Ana Pastor cando vetou esta cuestión tres veces na Mesa do Congreso, (*Aplausos.*) supoño que o presidente do Parlamento lle diría a Ana Pastor exactamente o mesmo. Porque xa lles teño dito que a vostedes non lles importa en absoluto a AP-9, nin a uns nin a outros, ¡eh!, nin a uns nin a outros.

Señor Rodríguez, eu creo que nin eu nin ningún compañeiro ou compañeira desta bancada do BNG nos caracterizamos por calar ou por non falar claro, pero pódollos poñer un pouquiño máis claro. Intentan vostedes con ese tema da AP-9, que boicotearon, que vetaron no seu momento, que non queren saber absolutamente nada da cuestión, xa traspasaron todos os límites con esta iniciativa, onde, directamente, un terzo da parte expositiva fala directamente da oposición, fala directamente do BNG ou dos caprichos do independentismo catalán e vasco. Está perfectamente claro para que queren vostedes esta iniciativa, e non é para reivindicar unha AP-9 galega e libre de peaxes, como si fai o BNG.

Chegan a unha obsesión tal co BNG que o outro día Rueda, falando co lehendakari Pradales, cando falaban de financiamento, foise queixar ao lehendakari vasco da proposta de concerto económico do BNG. ¡Están vostedes máis tirados ao monte, pero máis tirados ao monte...! (*Aplausos.*) E, ademais, segundo relataba o xornal *La Voz de Galicia*, dicíalle o lehendakari: non, é que aquí hai unha tradición, unha cultura da bilateralidade entre a Comunidade Autónoma vasca e o Goberno español, e que lle respondía Rueda que el respectaba a bilateralidade e que ademais el quixera ter moita máis bilateralidade co Goberno central. Eu non sei se vivo, ou se vivimos, nun *sketch* continuo dos *Monty Python*, nun capítulo de *Twin Peaks*. Eu de verdade que non sei ata onde poden chegar arrastrando o Parlamento deste país e o Goberno deste país simplemente por unha cuestión dunha pugna partidista ridícula de poder (*Aplausos.*) entre o Partido Popular e o Partido Socialista.

É que a semana pasada no Congreso o Partido Socialista votou en contra e o Partido Popular abstívose nunha proposta do BNG para a liberalización da AP-9 e dunha serie de melloras relacionadas coa AP-9 para frear a desfeita que é esa obra que ten o Goberno de España para *encumbrar* o seu grande emperador e faraón vigués Abel Caballero, e que vostedes, desde o Partido Popular, tamén están en contra desta iniciativa, pero era unha iniciativa do BNG e había que absterse. Abstivéronse na liberalización das peaxes da AP-9 e tamén nas obras de mellora para poder planificar mellor unhas infraestruturas, como é no caso desta A-52, porque unhas infraestruturas hai que planificalas con respecto ao territorio, con respecto á xente que vive nese territorio, e tamén tendo claro que a vertebración do territorio nacional galego ten que ser unha absoluta prioridade.

Pero é que a vostedes dálles exactamente igual, exactamente igual. Vostede aquí vén dicir —e en xeral no Partido Popular é a súa táctica política—: o BNG é cómplice do Partido So-



cialista —despois falaremos tamén do tren, e tamén no caso de Lugo, ese era o mantra do Partido Popular—, cómplice necesario o BNG, socio de goberno do Partido Socialista, e, non obstante, Abel Caballero a semana pasada con este tema di: non, porque, claro, a complicidade entre o BNG e o Partido Popular...

Señores do Partido Socialista, do Partido Popular, sóltennos o brazo, non queremos ir nin con uns nin con outros, (*Aplausos.*) sóltennos o brazo dunha vez, deixen de utilizar o Bloque Nacionalista Galego para eludir as súas responsabilidades. A responsabilidade é de quen hoxe prorroga, veta o debate, como é o Partido Socialista en Madrid, e quen o vetou, quen privatizou e quen fixo de máis coa AP-9. Deixen de eludir as súas responsabilidades utilizando o BNG para enganar a xente.

Porque a xente xa non se fía de vostedes, xa que foi o BNG a única organización política que realmente nos últimos anos fixo algo pola AP-9, forzando o Goberno central, forzándolle o brazo ao partido do Goberno central, para que puxera en marcha iniciativas como son as bonificacións, que xa coñecen todos e todas. E foi o BNG a única organización política que conseguiu algún avance, aínda que non esteamos contentos, loxicamente. Queda moitísimo por facer ata chegar á gratuidade e á transferencia da AP-9, que nós desexamos. Vostedes non sei que queren, sinceramente non sei que queren, simplemente utilizar esta cuestión para atacar o BNG e o Partido Socialista. Pero é que non lle cola a ninguén, señor Rodríguez, non lle cola a ninguén.

Eu, sinceramente, estaba pensando antes, de feito todo o que traía xa alá foi porque o debate desta iniciativa pois, ben, en fin, non a vou cualificar tampouco aquí, que, ao mellor, se son tan claro como a realidade que pedía vostede, ao mellor ata marcho antes de tempo hoxe do hemiciclo.

Pero a cuestión é —eu estaba pensando—: ¿que farían vostedes, uns e outros, que farían sen o BNG? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿que farían sen o BNG? Uns, que o medo que teñen non lles deixa durmir polas noites pensando en que vai vir o BNG, ese retrovisor que teñen sempre aí a punto e que hai que ademais criminalizar, falar, mentir, porque o que fan é manipular absolutamente con cuestións tan fundamentais como o tema da AP-9. Nós sempre tivemos a mesma postura (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) coa AP-9, co que queiran, co que queiran. Porque aquí a cuestión é simplemente atacar o BNG, non resolver ningún tipo de problema dos galegos e das galegas. E se, á parte, se poden manter aquí no poder outros vinte anos, e aínda por riba lle sacan o Goberno do Estado ao Partido Socialista, pois mellor que mellor.

Realmente mellorar a vida dos galegos e das galegas a vostedes non lles importa absolutamente nada, nin a nivel de infraestruturas, nin a nivel sanitario, a nivel ambiental, nin a nivel de emprego, absolutamente nada. (*Aplausos.*) Reducir o noso país a un parque temático, que veña quen queira e que colla o que queira, que aquí non deixe absolutamente nada, que xa viviremos do que toque, ou, se non, marcharemos.

Hoxe parecía que o señor Rodríguez me mandaba para Madrid, que a ver como imos explicalo en Madrid. É un avance. A min antes o anterior o voceiro de infraestruturas e mobilidade,



na anterior lexislatura, tenme mandado a Cuba; ben, agora mándanos a Madrid. Eu case que prefiro ir a Cuba que a Madrid, aínda que sexa pola temperatura... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E Cuba é un país... ¿Que lles pasa con Cuba? ¿Teñen algún problema en ir a Cuba? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E mojitos tamén hai aquí, seguramente, en Vigo seguramente tamén os hai, nalgunha zona do Náutico hai mojitos tamén, señor Fidalgo, non se preocupe, que os coñecemos ben todos *(Aplausos.)* que eu son veciño de enfronte.

A cuestión é: deixen de enredar con esta cuestión, deixen de mentirlle á xente, deixen de manipular, e realmente súmense á iniciativa e á postura que leva o BNG en todas estas décadas: AP-9 galega e libre de peaxe xa. Dígolles a uns e a outros, aos do «non»: autopista galega e libre de peaxe, AP-9. Son vostedes hoxe aquí. E o debate, ridículo, entre uns e outros nesta iniciativa, e nas que nos precederon, dá boa mostra disto. Nós seguiremos no noso camiño, vostedes sigan no Congreso votando en contra e absténdose, porque moi mansiños..., jeh!, xa sabemos como acaba a frase, ¿non, señor Rodríguez? Eu non son tan bo como vostede coas rimas, pero entendeume.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rodríguez Martínez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

¡Home!, señor Font, se non quere que me ría, só ten que subir aquí e non dicir cousas graciosas, é así de sinxelo.

¿Nervioso? Pero se vostede tardou dous segundos en sacar o comodín de Aznar, dous segundos tardou.

Mire, voulle dicir unha cousa —é o seu novo récord—. Mire, nós, nin eu nin o grupo ao que pertenzo, traballamos para lucirnos, para os titulares nin para apuntarnos tantos, traballamos para os galegos. Supoño que aí está a clave de por que nós somos corenta e vostedes nove, e baixando. *(Aplausos.)*

Señor Ríos, encantoume o de soltar o brazo. Estou totalmente de acordo. Miren, solten o brazo na Coruña, en Santiago, na Deputación da Coruña, en Lugo, en Pontevedra. Miren, a miña compañeira, a señora Vázquez, en Betanzos. Solten o brazo, bótenlle o que hai que botarlle, e solten o brazo. Señor Ríos, se por nós encantados, se por nós encantados. *(Aplausos.)*

Miren, isto é o que lles vou dicir; isto que lles vou dicir de verdade que non é algo que me agrade, preocúpame, pero é que son vostedes o perfecto reflexo do que pasou esta fin de semana con Eurovisión, cuspidiños. Miren, si, unha actuación impecable, como por exemplo a que tivo a cidadanía durante o apagamento de hai tres semanas, como perfecta escusa. Pero cando toca que os responsables últimos dean explicacións, jai!, aí, cero autocrítica, cero



asunción de responsabilidades, e a culpa, como reza o manual de primeiro de populismo que vostedes manexan, é sempre dun terceiro: un ciberataque, unha sabotaxe ou Israel.

Miren, son vostedes os emperadores da hipocrisía, son vostedes os emperadores de hipocrisía. (*Aplausos.*) ¿Saben por que? Porque miren, (*O señor Rodríguez Martínez mostra un documento.*) ao mesmo tempo que proclamaban, fachendosos, o seu Goberno: *frente a los derechos humanos, el silencio no es una opción*, resulta que dende o inicio do actual conflito de Gaza, en outubro do 2023, teñen asinado coa industria militar israelí nada menos que corenta e seis contratos, máis de dous ao mes, por un importe total de 1.000 millóns de euros; 1.000 millóns de euros nun ano e medio. (*Aplausos.*) ¡Son os emperadores da hipocrisía! E coa AP-9, outro tanto; coa AP-9, outro tanto; é outro exemplo da dobre moral que vostedes manexan.

E si, imos falar das autoestradas autonómicas cando vostede queira, señor Font, só ten que presentar unha iniciativa, só ten que facelo. Pero ¿sabe que pasa? Que nós imos seguir a falar da AP-9. ¿Sabe por que? Porque falar da AP-9 é falar de todos os agravios do Goberno de Sánchez a Galicia; falar da AP-9 é falar das frecuencias dos nosos trens; é falar do AVE, que nunca chegará a Lugo nin a Ferrol; é falar da nula conservación das estradas estatais en Galicia; é falar das paradas de bus eliminadas no noso rural; é falar de non rebaixar o IVE aos produtos do mar; é falar do bloqueo á xestión dos fondos europeos; é falar da negativa a novos xulgados de violencia sobre a muller; é falar da negativa a formar máis médicos; é falar na negativa ao traspaso do litoral; é falar do «non» ao traspaso de competencias meteorolóxicas; é falar da débeda por financiamento do gasto en dependencia; é falar da desigualdade no financiamento autonómico; é falar de que din que nos perdoan a débeda, pero logo quérennos facer pagar a de Cataluña. É falar do peor Goberno da democracia para Galicia e os galegos, señorías. (*Aplausos.*) E todo isto co seu apoio, todo isto co seu apoio.

¡Vergoña! Xa sabemos con que cara van mirar aos galegos cando caia a prórroga corenta e nove, coa súa, señor Font, e coa súa, señor Ríos. Esa é a cara coa que van mirar aos galegos.

Miren, non lles vou dar as grazas polo seu apoio a esta enésima iniciativa a favor da transferencia da AP-9, non lles merece a pena, non merece que lles saia tan barata a súa hipocrisía, porque hoxe aquí volverán levantar a man cando esta mañá, por cuadraxésima oitava vez, en Madrid baixaron os pantalóns. ¡Xa está ben!

Señorías do PSOE, menos soldados de Sánchez e máis soldados de Galicia. Señorías do Bloque Nacionalista Galego, deben retirar inmediatamente o seu apoio a este goberno. Son vostedes os do «non» a todo, menos a Sánchez; con Sánchez son os do «si» a todo. Pero ¡que tomadura de pelo é esta, señorías!, ¡que tomadura de pelo é esta!

Teñen a obriga de poñer fin —e remato xa, presidente— a esta dobre humillación. A primeira, a súa propia; a humillación de tragar con prórroga tras prórroga, traizoando a promesa feita aos galegos.

Señor Font, vir aquí hoxe falar de vergonza por pertencer a un partido no que tamén militou Aznar... E claro, é que vostede ten mala sorte, porque cada vez que sobe aquí impútalle a



alguén; a outra vez foi Koldo, foi Ábalos, foi Cerdán, e hoxe é Pardo de Vera, da que tamén falamos aquí, da que tamén falamos aquí, ¡home! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: E agora si remato, presidente.

Pero miren, a humillación coa que si que teñen que acabar é a do Goberno de Sánchez, coa súa complicidade, a Galicia. Non pretendemos ser máis, pero tampouco podemos tolerar, e menos aínda contribuír a ser menos que ninguén.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ben, pois eu saio animado a facer outras declaracións, ¡eh!, non se preocupen, que en calquera momento as podo volver facer, ¡eh! (*Risos.*) Por defensa do Parlamento.

Ben, continuamos (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Fun aludido, e non me metín niso, pero si que, como se tomou iso como referencia, en calquera momento podo volver facer unhas declaracións, son libre para iso, ¡eh!, ¡só fastidiaría! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de adoptar un acordo para fomentar unha alimentación sustentable, de proximidade e de calidade na compra pública alimentaria

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Rodríguez, vino un pouco alporizado, (*Murmurios.*) e eu voulle recomendar a receita do doutor Caamaño: menos cortisol e máis serotonina, que é a hormona do pracer. (*Aplausos.*) Recomendollo porque lle irá mellor na vida, señor Rodríguez.

Imos falar agora de compra pública alimentaria sostíbel, e dunha proposta que traemos a debate neste Parlamento, que é unha proposta estratéxica, unha proposta de país, unha iniciativa en positivo, innovadora e transformadora. Podemos dicir que isto si que é pensar o país en grande, isto si que é poñer o país a producir, isto si que é poñer Galiza na vangarda das políticas máis avanzadas.

E traemos unha proposta para aproveitar todo o potencial que ten a compra pública alimentaria sostíbel como elemento tractor, elemento tractor do territorio, elemento tractor da



economía, apoiando o tecido produtivo local, centrado nas pemes, nas cooperativas, nas persoas autónomas; unha iniciativa tamén para fortalecer o noso país como potencia alimentaria; e hai moito que facer nesta materia, temos todas as bases para facelo; e tamén unha iniciativa de transformación dos hábitos de alimentación e consumo.

Asegúrolles que esta proposta é resultado de moitos meses de traballo e de moito tempo de diálogo e de recollida de achegas de diferentes colectivos e sectores. E a conclusión de todo este proceso de traballo é moi clara. A primeira é que hai lexislación que, con todas as súas limitacións, permite gobernar a favor do país e do tecido produtivo, dos sectores produtivos do país. E hai experiencias, en Galiza e fóra de Galiza, que demostran que se pode facer. E temos que aprender de todas as experiencias positivas que hai por aí adiante, pero non temos que facer unha copia mimética delas, temos que andar o noso propio camiño, trazar a nosa folla de ruta, que, ademais, ten que estar adaptada á realidade do que pode dar de si o país en cada momento.

Esta iniciativa non contén ningunha fórmula máxica. O que diseña é un proceso, un proceso participativo, un proceso integral e transversal, no que é clave fortalecer todos os elos da cadea: fortalecer a produción, a produción local diversificada e de calidade; fortalecer a comercialización, en canles curtas e de proximidade, con prezos xustos; e fortalecer o consumo, un consumo saudábel, sustentábel e xusto.

E isto está claro que non se pode facer por decreto. Aquí é moito máis importante o proceso, o como se fan as cousas, que o proxecto en si, o que se quere facer. Porque é fundamental xerar eses procesos de cambio, eses procesos dinamizadores e transformadores, acompañados e coa participación activa da sociedade, que está máis implicada e máis concernida nesta tarefa.

E hai que aclarar unha cousa: licitar contratos con determinadas cláusulas só é o primeiro paso, e nin sequera é o paso máis importante, para aproveitar todo ese potencial transformador que ten a compra e a contratación pública. Por iso nós imos máis alá e formulamos unha proposta a modo de decálogo, que vou resumir en sete grandes eixos.

O primeiro é o das medidas, normativas, regulatorias e de impulso, e aquí é fundamental coidar e traballar todas as propostas que teñen que ver coa inspección, o control e a vixilancia do cumprimento dos contratos.

En segundo lugar, medidas de fomento da produción alimentaria, aumentando a superficie agraria útil, onde temos moito traballo que facer; incrementando a produción en ecolóxico, onde imos moi por detrás da media estatal e europea; e fomentando aquelas producións alimentarias nas que somos deficitarios, como por exemplo os produtos de horta, legumes, verduras, hortalizas, as froitas, os cereais ou o aceite.

O terceiro eixo son medidas de comercialización e consumo con criterios de sostibilidade. Falamos de consumo de proximidade, en circuitos curtos de comercialización, para garantir prezos xustos e maiores beneficios a produtores, coa creación aquí dunha plataforma público-privada que denominamos Agromar, de xestión desa comercialización e de apoio á produción.



O cuarto eixo son medidas de formación, apoio e acompañamento económico e técnico ao tecido produtivo. E hai que dicir que quen está facendo este labor de acompañamento e de apoio non é a Administración autonómica, por déficit, por carencia de iniciativas da Administración; estao facendo, por exemplo, a Fundación Juana de Vega ou estao facendo a Fundación Carasso.

En quinto lugar, temos os medios para unha alimentación sa e de calidade, e esta ten que ser unha estratexia educativa, un proxecto pedagóxico, que envolva toda a sociedade, sobre todo a comunidade escolar, na educación para a saúde, para a nutrición, e o consumo responsable, potenciando o consumo de produtos de calidade, de denominacións de orixe galegas, de IXP, e selos de calidade tamén vencellados ao territorio, co fomento ademais, fronte a esa macrocampaña de fomento da dieta mediterránea, do fomento da nosa dieta atlántica, incluíndo o consumo frecuente de peixe fresco de proximidade, de pesca artesanal e sustentábel.

En sexto lugar, o eixo da xustiza alimentaria, garantindo —e isto é moi importante se queremos ter unha sociedade máis equitativa— o acceso a unha alimentación de calidade de produtos frescos e diversificados a familias e aos sectores máis vulnerábeis e con menos recursos. Iso pódese facer a través dos comedores públicos, a través dos comedores escolares, e tamén a través doutros procesos de compra pública, e facelo ademais sen estigmatización.

E, por último, a participación, que é a grande clave de bóveda de todo este proceso, creando unha mesa de traballo da que formen parte todos os sectores implicados, para xerar diálogo e impulsar estes procesos de cambio.

Fronte a esta visión integral e transversal, a Xunta ten unha visión absolutamente curta e limitada, con leis e con guías que nin sequera se aplican, votando en contra das propostas que formula o BNG, como por exemplo dunha Lei de cláusulas sociais, ambientais, lingüísticas e de xénero, e cun dobre discurso, no que din defender as pemes e a economía social cando en realidade a inmensa parte dos contratos, dos grandes contratos de compra pública alimentaria e de comedores, van a grandes empresas foráneas, e nin sequera aproveitan ademais todo o potencial que ten o sistema de contratos reservados para favorecer centros especiais de emprego de iniciativa social e tamén empresas de inserción.

Pois ben, resumindo, todo o que propón o BNG é posíbel, é necesario e ademais está aliñado con experiencias de éxito en Galiza e fóra de Galiza. E podemos falar dos comedores escolares públicos xestionados por ANPA, por exemplo na comarca das Mariñas e Terras do Mandeo, que é unha referencia. Podemos falar dos comedores escolares de Ames, impulsados no Goberno municipal polo BNG, que son unha referencia. Podemos falar, dentro do ámbito privado, dos comedores circulares de Inditex, co seu apoio ao tecido produtivo local, repartido por todo o territorio. Podemos falar do proxecto Da escola á granxa, impulsado pola área de Medio Rural da Deputación de Lugo. Podemos falar do que se está facendo, do máis avanzado, en Nafarroa ou en Euskadi.

Polo tanto, este é un debate de fondo, este é un debate de modelo de país. O BNG trae aquí unha proposta seria, solvente, viábel, avanzada, transformadora.



Agardamos, señorías do Partido Popular, que desta vez non voten en contra, que voten a favor dos intereses do país, a favor do noso tecido produtivo, a favor da alimentación saudábel, de proximidade e xusta. Votando a favor, deixen de atrasar e de atrancar un proceso imparábel.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Antes de empezar co debate da contratación pública estratéxica e alimentaria sostible, unha mensaxe clara: fronte ao xenocidio e os dereitos humanos, o silencio non é unha opción. ¡Paz e xustiza para Palestina! (*Aplausos.*)

Ao mellor o señor Rodríguez prefere as palabras absolutamente frívolas do twitter da presidenta da Comunidade de Madrid, que dixo que se ía converter Eurovisión realmente nun «numerito» —creo que foron as súas palabras—. Ou tamén a mensaxe de Feijóo de hoxe —que foi absolutamente lamentable—, que dixo que o tema de Palestina o Goberno de España o convertía no novo Franco. Frivolidade, falta de sensibilidade nun xenocidio que se está cometendo en Palestina. Saberán os deputados do Partido Popular en que lado da historia se queren situar.

Dito isto, a Xunta de Galicia non está a liderar de forma decidida e transversal unha contratación pública estratéxica, centrada no fomento de produtos de proximidade e de tempada, en todos —e reitero: todos— os contratos públicos dos servizos de comedores escolares que dependen da Xunta de Galicia, que son moitos —pensamos nos comedores das escolas infantís, nos centros educativos de ensinanza obrigatoria, nos hospitais, nos centros de día e nas residencias de maiores— e poder así contribuír a mellorar a calidade de vida e unha alimentación saudable para os seus fillos e fillas e loitar contra o cambio climático.

E, sobre todo, tamén é importante gañar esa autonomía estratéxica do noso país e axudar os nosos agricultores, gandeiros, pescadores de cerco, mariscadoras e os nosos praceiros das prazas de abastos do noso territorio. ¿E por que digo por que non está a liderar esa contratación estratéxica? Porque a día de hoxe non teñen aprobada unha estratexia de contratación pública, como fixeron outras comunidades autónomas: Euskadi, Navarra, Aragón, Andalucía e Valencia. E, iso si, anunciouse no Consello da Xunta polo señor Corgos —o conselleiro de Facenda, que depende esta materia de contratación pública del—, en outubro de 2023, que ía aprobar unha estratexia de contratación pública. Pero ben, eu xa me empezo a acostumar, que aquí son todos os anuncios de propaganda e que realmente despois non se executa absolutamente nada.

Por outra banda, tamén é importante situarnos no contexto que estamos a vivir a nivel internacional, de incerteza xeopolítica moi complexa, pola política arancelaria que está a de-



cidir de forma unilateral o presidente Trump, que claro que vai afectar o noso sector primario, o sector vinícola e o sector agrogandeiro, onde a seguridade alimentaria vai ser nuclear nos tempos futuros.

E aquí na Xunta de Galicia pois política de brazos caídos e inacción, porque están emocionados continuamente con esa maioría absoluta dos corenta deputados. Incluso saía hoxe nunha noticia de *La Voz de Galicia* na que se establecía que os países da Unión Europea aspiraban a sumar 377.000 novos agricultores ao campo, unha PAC máis forte para diversificar unha visión para os nosos agricultores nos estados membros e así gañar autonomía estratéxica de seguridade alimentaria fronte a terceiros países.

Pero, evidentemente, aquí na Xunta de Galicia non cren na ferramenta tan potente que teñen nas súas mans, de competencia exclusiva da Xunta, que é a contratación pública. A contratación non é un gasto, é un investimento, é unha ferramenta nuclear para transformar a nosa sociedade en clave social, medioambiental e atendendo ás particularidades de cada territorio aquí en Galicia.

Ademais, as socialistas de Galicia conseguimos o 20 de febreiro de 2025 unha iniciativa nosa, que foi apoiada por unanimidade de todos os grupos representados nesta Cámara, pola que a Xunta se comprometía a incluír en todos os comedores públicos que dependen da Xunta, todo o sector público autonómico (entidades, fundacións e sociedades), como criterio de adjudicación ou condición especial de execución, o consumo de produtos de proximidade ou tempada.

E tamén se fixo referencia por parte do deputado Bará a que hai moi bos exemplos de proxectos impulsados pola iniciativa privada, como a Fundación Juana de Vega, o exemplo da Escola Infantil Municipal da Coruña, a Escola Caracola —que fomos visitar co voceiro Gómez Besteiro— sobre o proxecto de consumo de produtos de proximidade, a Fundación Carasso, e outras comunidades autónomas —como Navarra e Euskadi— e incluso a Comunidade Autónoma de Canarias, promovendo iniciativas valentes da contratación estratéxica de consumo de produtos de tempada.

A nivel estatal, tamén é coñecido que se aprobou o Real decreto de comedores escolares saudables e sostibles, que fixará que polo menos o 45 por cento das racións de froita e hortalizas que se sirvan nos colexios e nos institutos deberá ser de tempada, e que polo menos o 5 por cento do gasto mensual de cada comedor se destine á compra de produtos ecolóxicos.

Eu pregúntome: non sei que vai facer o Goberno galego con este real decreto estatal, supoño que non cumprilo; non sei, aclararase por parte do deputado/deputada do Partido Popular.

Por tanto, dicir que a Xunta non está a liderar esa contratación pública estratéxica, porque practica unha política de propaganda de anuncios, pero non lidera en ningún ámbito políticas valentes. Aplaudimos dende o Grupo Socialista o Bono Peixe, que se anunciou con bombo e platillo polo presidente, o señor Rueda, no debate do estado da Autonomía, pero este bono non é suficiente.



Apelamos a que a ferramenta da contratación pública pode cambiar hábitos de consumo moito máis saudables e tamén para que as pemes e os autónomos adapten e reorienten as súas ofertas nos concursos públicos, porque isto é básico, que o criterio prezo nos concursos públicos non sexa determinante para a adxudicación dese contrato. A nós sorpréndenos moito que grandes empresas multinacionais de servizos ou de *catering* leven practicamente todo o cacho da tarta da contratación pública, que move preto do 20 por cento do PIB galego e cerca de 8.000 millóns de euros do capítulo VI do orzamento da Xunta de Galicia.

Resulta ben curioso que empresas como a do grupo Eulen, onde a directora da zona norte —curioso— é a irmá dese señor Feijóo, que agora lidera o PP en Madrid, incrementou exponencialmente os seus contratos públicos con entidades do sector público autonómico a medida que a irmá do señor Feijóo ascendía no escalafón desa empresa. ¿Coincidencias? Nós, as socialistas de Galicia, pensamos que non son coincidencias.

Señorías, queda moi atrás cando, como letrada da Xunta, formaba parte das mesas de contratación e a máxima era adxudicar o contrato á oferta máis barata, incluso en baixa temeraria; un erro de libro, porque logo había problemas de execución dos contratos, sobre todo impago aos traballadores e traballadoras dos contratos de servizos de limpeza, de seguridade e de comedores, incluso por debaixo dos convenios colectivos aplicables. ¿Por que? Porque se permitía nesa reforma laboral do PP, cando M. Rajoy presidía o Goberno de España. Menos mal que coa Lei do 2017 iso rematou.

Dou por suposto que os deputados do PP nomearán a Lei de racionalización pública do sector público, a Lei 14/2003; a Lei 5/2021, do impulso demográfico de Galicia; a Lei 1/2024, de calidade alimentaria; ou a Guía de contratación ecolóxica de 2023. Pero —volvo dicir—, todas estas leis e as guías, desfasadas moitas delas, quedan en papel mollado e non se incorporan no día a día de todos os pregos dos comedores públicos. ¿Para que? Para transformar, señorías.

Mentres a Xunta de Galicia practica a inacción e a política de brazos caídos, vemos que hai unha tendencia clara na lexislación europea, nas novas directivas de contratación que se están a tramitar, e noutras comunidades autónomas que favorecen esa incorporación de cláusulas para introducir nos pregos o consumo de produto local e de tempada na contratación pública.

En definitiva, apoiaremos a iniciativa do BNG, pero tamén teño que dicir que é difícil manter un debate severo e completo sobre esta PNLC, pola súa extensión —parece o libro gordo de Petete, señor Bará—. Certo que seguramente foi traballada e con consenso co sector, pero entendemos que, apelando neste punto a unha política máis práctica e útil, o Partido Socialista de Galicia dicímoslle á bancada do PP, ao Goberno galego, que colla primeiro o guante, se poña a traballar e empece a facer realidade a nosa iniciativa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora IGLESIAS REY: ...aprobada o 20 de febreiro de 2025 e se comprometa —como se comprometeu— a introducir en todos os pregos dos comedores públicos de forma trans-



versal como criterio de adxudicación, ou condición especial de execución, o consumo de produtos de proximidade e de tempada galegos. Porque é bo para unha alimentación sustentable, porque é bo para o cambio climático reducir a pegada de carbono e porque é bo para os agricultores, gandeiros, pescadores do cerco, mariscadoras e para os nosos praceiros...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora IGLESIAS REY: ...das prazas de abastos galegas.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Moitas grazas, presidente.

Señorías, co seu permiso, vou comezar a miña intervención dicindo que me sorprende que hoxe debatamos esta iniciativa se temos en conta que hai escasas semanas acadamos un acordo por unanimidade sobre a principal materia sobre a que versa esta iniciativa: a compra pública alimentaria. En concreto, na Comisión de Facenda do pasado 20 de febreiro aprobamos unha proposición transaccionada co PSOE. Naquel resumo acordabamos entre os catro grupos instar a Xunta de Galicia a que aprobe neste ano 2025, señora Iglesias, unha estratexia de contratación pública na que se recolla especificamente o fomento da economía de proximidade e consumo de produto local galego nas contratacións das diferentes entidades do sector público: nos colexios, nas garderías, nas residencias de maiores e nos hospitais.

Señorías, é innegable que a compra pública de proximidade en sectores estratéxicos está xustificada por razóns de interese xeral. Desde o Grupo Parlamentario Popular non somos alleos a esta necesidade e estamos plenamente concienciados da conveniencia de incluír medidas para fomentar o consumo de produtos do noso mar e do noso agro. E, de feito, xa hai accións neste sentido.

Así, o Goberno galego leva tempo adaptando o marco normativo e adoptando medidas nos procedementos de contratación pública, nos que se ten unha especial sensibilidade no produto de proximidade ou no produto de circuíto curto de distribución.

No que se refire ao ámbito lexislativo —é que é a realidade, señora Iglesias, teño que enumerar toda a normativa que temos na Comunidade Autónoma de Galicia, porque son varios os casos—, temos a Lei 14/2013, de racionalización do sector público autonómico, que establece unha serie de previsións relativas á contratación pública responsable e sustentable; a Lei 5/2021, de impulso demográfico de Galicia, que no seu artigo 17 establece que o sector público autonómico deseñará a súa estratexia en materia de contratación pública tendo en conta os principios de desenvolvemento social, económico e ambiental sustentable; e, especialmente, a Lei 1/2024, de calidade alimentaria de Galicia, que no seu artigo 65 recolle



que nos contratos do sector público autonómico a compra pública socialmente responsable se procurará de alimentos saudables procedentes de sistemas de produción sostible, respectuosos co medio ambiente e que garantan a seguridade e a calidade alimentarias.

¿E saben o que fixeron no BNG ante estas leis, a pesar de que din estar tan comprometidos coa compra pública responsable? Pois ou votaron en contra ou abstivéronse, un exemplo máis da incoherencia coa que traballa esta oposición. Pero os galegos teñen que saber que, se polo BNG ou polo PSOE fose, Galicia non tería marco lexislativo para poder introducir estas cláusulas de compra responsable no proceso de contratación pública, que agora vostedes piden e que xa están vixentes. *(Aplausos.)*

E, por se isto non fora pouco, o que fai o BNG no punto 2 desta iniciativa é introducir pola porta de atrás un debate que tivo lugar no pleno pasado sobre a Proposición de lei de cláusulas sociais e de igualdade na contratación pública, proposición que rexeitamos precisamente porque ese marco normativo xa existe, como explicou de xeito brillante o meu compañeiro Roberto Rodríguez, deixando claro incluso que a normativa vixente en Galicia é moito máis ambiciosa que a que propoñen vostedes con esta iniciativa.

O propio informe de fiscalización do Consello de Contas, cos matices e recomendacións que se poden facer sempre, cando analizou se as entidades do sector público autonómico realizaron unha contratación pública responsable, emitiu unha opinión favorable, ata o punto de ser tan concluínte que di que a totalidade dos expedientes analizados incorporan algunha cláusula de responsabilidade social —a totalidade—.

Pero, ademais, señor Bará, a Xunta de Galicia leva tempo traballando non só desde o punto de vista lexislativo, senón tamén normativo, e non esperou a que a vostede se lle ocorrese presentar esta proposición, senón que temos moitos exemplos do traballo realizado.

No 2023, aplicou a Guía de contratación pública ecolóxica como ferramenta de referencia para que todos os órganos de contratación da Administración autonómica incorporen consideracións ambientais nas distintas fases da contratación; guía que conta, por certo, cun apartado específico de alimentación, na que recomenda o fomento de produtos alimenticios ecolóxicos, de proximidade, mariños e de acuicultura, comercio xusto, orixe vexetal e produtos frescos de tempada. Ou no ano 2022, cando a Xunta publicou o Catálogo de criterios de adxudicación para a contratación de obras. Ou, indo máis aló no tempo, no ano 2015, cando a Xunta publicou a Guía para unha contratación socialmente responsable —ano 2015, e estamos no 2025—.

Señor Bará, claro que se ten traballado amplamente neste ámbito. O que lamento é que ao BNG a sensibilidade sobre a responsabilidade social na contratación pública lle chegue cunha década de atraso.

Señorías, tamén sorprende un pouco que vostedes falen de compra pública responsable e de comercio de proximidade, cando nas administracións onde gobernan están facendo todo o contrario. Permítanme que lles faga unhas preguntas. ¿Saben quen lanzou aquela campaña que atacaba directamente a liña de flotación dun dos sectores máis importantes da nosa eco-



nomía, como é o gandeiro, e que dicía «Menos carne, máis vida»? ¿Saben quen a lanzou? O Ministerio de Consumo, Goberno de España, señora Iglesias. ¿Saben quen recomendou reducir o consumo de peixe nos menús escolares? O Ministerio de Consumo, Goberno de España, señora Iglesias. ¡Vergoña lles tiña que dar! Síntoo, pero a realidade é así. (*Aplausos.*)

Vostedes van a contracorrente do que fan outros países veciños como Francia, que garante un mínimo de dúas racións de peixe á semana, e como o veciño Portugal, que garante nese país, como mínimo, tres ou catro racións para os nenos menores de 10 anos. Menos mal que, fronte ao que vostedes propoñen, en Galicia goberna unha Xunta preocupada pola baixada do consumo de peixe e que pon en marcha campañas de promoción específicas para incentivar o seu consumo. Un exemplo é o Bono Peixe, anunciado polo presidente Rueda no debate do estado da Autonomía, que está a ser un éxito incluso antes da súa entrada en vigor. (*Murmurios.*) Pregariálle que non se rían da medida, porque eu mesma e algunha deputada desta Cámara visitamos as peixerías da provincia de Lugo e as peixeiras estaban moi contentas coa iniciativa. Ríanse de nós, que nos dá igual, pero non se rían delas. (*Aplausos.*)

Por certo, señor Bará, se analizamos a baixada da redución do consumo de peixe, ao mellor vostedes teñen algunha responsabilidade, como ir fomentando bulos cos que desprestixiaron o peixe galego na crise do buque *Toconao*, ou con esas políticas impositivas que vostedes defenden, nas que propoñen subir impostos, asfixiar os galegos e non rebaixar o IVE.

Se me permiten, vou facer un repaso xa que ao mellor vostedes non coñecen como foron os últimos pregos de contratación nos servizos dos comedores galegos. Os últimos e máis recentes incorporaron como criterio menús de produtos ecolóxicos, de tempada ou de proximidade —falamos de febreiro deste ano—. Ao mellor, non coñecen a incorporación da obrigatoriedade de que os produtos lácteos sexan producidos a menos de cen quilómetros dos centros situados en cada lote; a obriga de presentar un plan de provedores de zona para favorecer a adquisición de produtos frescos e de consumo diario; a campaña de consumo Come local, que está vixente desde o ano 2021 e que favoreceu 17.300 alumnos galegos e permite e promove que se consuman produtos galegos de proximidade, ecolóxicos e con indicativo de calidade nos comedores galegos; ou o proxecto Ecocomedores —que creo que si que o mencionou algún voceiro— da Axencia Galega de Servizos Sociais, xunto cos GDR, para fomentar o consumo destes produtos nos máis pequenos, os galegos de 0 a 3 anos.

Xa para rematar, sobre o único punto da súa iniciativa que non se refire estritamente á compra pública, o punto 7, poñereille algún exemplo. Tan só a finais do ano 2023 a Consellería do Medio Rural fixo unha aposta sen precedentes, investindo preto de 2,5 millóns de euros nun banco de xermoplasma para a recuperación, conservación e posta á disposición de todo o sector do patrimonio xenético.

Remato xa: acabamos de chegar a un acordo que para nós é perfectamente vinculante e que estamos desenvolvendo desde a nosa responsabilidade de goberno. O que lamento —e lamento de verdade— é que vostedes cheguen cunha década de atraso. Pero non se preocupen, porque no que atinxe á compra alimentaria, responsable e xusta, Galicia defende, promove e potencia o extraordinario tesouro que supón a nosa gastronomía, os alimentos que proceden do mar e do noso agro.



Moitas grazas, señorías. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora Sanz, eu creo que vostede ou non quixo ou non entendeu nada do que eu expuxen aquí —o que contén a nosa proposta—, porque non ten nada que ver o que falou vostede co que nós propoñemos. Son realidades completamente diferentes.

O feito de que se aprobase ese acordo na Comisión 3ª tampouco invalida as propostas que traemos aquí, que responden a unha visión moito máis transversal e moito máis integral, que toca todos os elos da cadea e fala de xerar un proceso participativo con todos os axentes para cambiar a realidade.

A realidade é que vostedes presumen de que teñen normas aprobadas desde hai dez anos, pero a realidade é a que é: non cambiaron as cousas e nin sequera os contratos, nos que vos-
tedes inclúen esas cláusulas, teñen —eu vin moitos e lin moitos nestas últimas semanas—
ningunha garantía de que o que xeran eses contratos vaia favorecer os produtores locais, as
pemes e as cooperativas, ningunha. Pódolle explicar quen son os adxudicatarios deses con-
tratos.

E mire, sobre os comedores públicos —neses contratos dos que fala vostede, nos que teñen esas cláusulas de proximidade e todo isto—, en setembro de 2023 prodúcese a adxudicación dun contrato dos comedores de 144 centros públicos en 24 lotes. Léolle o titular de *La Voz de Galicia* do 6 de setembro de 2023. Di: «A Xunta entrega a oito empresas os comedores escolares por 25 millóns. Servizos de *catering* de fóra de Galiza xestionarán a maioría do orzamento». Isto é con todos os maravillosos plans, estratexias e guías —que incumpren, por certo, porque eu teño aquí (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) a guía que publicaron no ano 2023 e todos, ou moitos dos pregos, incúmprenos e incumpren esta guía—. Estas empresas de fóra, que levan a maioría dos contratos, chámanse: Mediterránea de Catering, Eurest Colectividades e Aramark, Servizos de Catering. Resulta que son as mesmas —estas tres, porque ademais son os licitadores únicos dos contratos—, as que copan todos os contratos dos comedores dos hospitais públicos, dos que teñen xestión indirecta: do Hospital da Barbanza, do Hospital do Salnés, do Hospital de Pontevedra e dos hospitais de Santiago de Compostela. Estas tres repí-
tense sempre, sempre as mesmas, ¡sempre as mesmas! Señor Comesaña, non lle dea á cabeza, porque mirei as adxudicacións no Portal de Contratos de Galiza e son as mesmas. (*Aplausos.*) Polo tanto, ¿a quen beneficia a política de contratación alimentaria de comedores do Partido Popular? As grandes empresas de fóra do país, as que drenan estes grandes recursos, non be-
neficia o tecido económico produtivo local. Por iso a nosa proposta.

En fin, vostedes con este posicionamento non votan en contra da proposta do BNG, están votando en contra de cambiar esta realidade con cambios positivos e transformadores. Están votando en contra de medidas que son favorables e positivas para os nosos sectores produ-
tivos, para a produción agraria e pesqueira e para o noso medio rural. Votan en contra de avanzar nunha alimentación sustentábel, saudábel, equitativa e xusta, pero que non lles



quede dúbida de que o BNG vai seguir traballando, man a man, con todos estes sectores produtivos e con todos estes colectivos que queren impulsar este cambio para facelo realidade máis pronto que tarde.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa mellora dos servizos ferroviarios en Galicia.

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado Carlos López Font, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débense modificar os puntos 3 e 4 da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedarán redactados cos seguintes contidos:

«3º- Continuar coa conexión de Lugo en alta velocidade, a través de Ourense, e seguir co desenvolvemento do estudo que se está a realizar para conectar Lugo con Santiago coa variante A Coruña - León. Proseguir cos investimentos que se veñen realizando en Ferrol, para conectar a súa estación de tren co porto co obxectivo de reforzar a conexión ferroporutaria e impulsar o transporte de mercancías.

4º- Avanzar na planificación da política de venda anticipada de RENFE, valorando positivamente a decisión recente de publica a oferta completa dos vindeiros 4 meses, con máis prazas e frecuencias, instando, na medida do posible, a incrementar o número de meses de publicación da oferta completa e seguir incrementa o número de frecuencias.»

Emenda de adición.

Débese engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

«5º- Afrontar as necesarias decisións para complementar os servizos ferroviarios cunha rede de transporte público por estrada eficiente e cumpridor, que permita enlazar as poboacións coas estacións de tren e facilite o uso de transporte público ao longo de todo o territorio.»)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para defender a iniciativa, e por tempo de oito minutos, ten a palabra don Gonzalo Trenor.



O señor TRENOR LÓPEZ: Moitísimas grazas, presidenta.

Moi boas tardes a todos outra vez.

Hai un mes tiven a oportunidade de preguntar ao Goberno —ao Goberno bo, por suposto, ao Goberno noso, ao Goberno da Xunta de Galicia— pola precariedade e os problemas que asedian o transporte ferroviario en Galicia. Empecei a miña intervención facendo un relatorio dunha serie de incidencias e problemas ferroviarios dos que os medios de comunicación se fixeran eco, pero é que o que pasou neste último mes é que todo foi a peor.

Eu xa sei que, para vostedes, que dende Galicia reclamemos un servizo ferroviario de calidade e homologable co resto das rexións europeas é fango. Eu xa sei que que sinalemos que as paradas de Catoira, de Ponteceso ou de Padrón non contan con información a tempo real cos horarios e coas saídas e chegadas do tren é fango. Eu xa sei que que a presidenta de Novas Xeracións denuncie o calvario ferroviario que supoñen para os xoves todas esas incidencias, que non haxa prazas nos trens e que os xoves non poidan pensar en ir estudar ou traballar por culpa de todas esas incidencias, para vostedes, é fango; que o noso deputado en Vilagarcía denuncie a eliminación dos servizos na súa vila e que o alcalde non se entere, porque está máis preocupado por enchufar a súa esposa no Concello da Coruña, é fango; que a miña compañeira de Betanzos diga que vostedes fixeron desaparecer dos orzamentos as actuacións necesarias para mellorar a liña que vai da Coruña a Ferrol —que no 2008 estaba orzado, e ademais orzado coas súas correspondentes anualidades— é fango; e que queiramos que a alta velocidade chegue a Lugo ou a Ferrol é fango.

Señorías, fango, decadencia e precariedade son o denominador común de todos os problemas que asedian o transporte ferroviario en Galicia. E os problemas do transporte e do servizo ferroviario galego son moitos: investimentos pendentes; trens que se suprimiron durante a pandemia e que aínda non se recuperaron; falta de oferta de prazas e de frecuencias, tanto en alta velocidade como en media distancia; incumprimento dos horarios, dos tempos de viaxe e supresión de servizos sen previo aviso; avarías constantes... Cando non é unha cousa, é outra.

É recorrente tamén o problema coa reserva e a compra do billete para todo tipo de viaxes —tanto nos de alta velocidade como nos de media distancia—, ben polo colapso da web ou ben porque a venda anticipada se limita, cando noutras comunidades se pode facer a reserva con máis de seis meses de prazo. Isto, como vostedes supoñen, limita moito a capacidade de planificación das viaxes con destino ou con orixe en Galicia, co conseguinte prexuízo para todos os usuarios. Tamén limita que o tren sexa unha alternativa real para a mobilidade dos usuarios.

Ademais, é unha conduta abusiva, xa que Renfe exerce o monopolio en Galicia.

E todo isto amosa unha xestión, por un lado, ineficiente, pero tamén unha xestión dolosa. A precariedade do servizo de transporte ferroviario en Galicia é a constatación dun agravio, un agravio continuo do que é obxecto a nosa Comunidade por parte do Goberno central e da que o Bloque Nacionalista, aínda que lle moleste que o digamos, é cómplice.



Di vostede que lle soltemos o brazo. Señoría, eu non teño ningún interese en ir do brazo de vostede, pero teño seguro, teño medianamente claro, que, se vou do brazo de vostede, vai ter máis problemas vostede co seu sanedrín que eu co meu; vai ter moitísimo máis problema, moitísimo máis. (*Aplausos.*) Xa llo dixo ademais o meu compañeiro: é unha relación que está predestinada a fracasar, porque, no momento en que apareza un socialista, vai ir vostede alí detrás. Vostedes teñen debilidade por iso, dá igual onde sexa —un socialista *random*, poña o que queira—, aí vai ir vostede correndo detrás. Perden completamente a autonomía, perden completamente as súas reivindicacións e, todos mansiños, a dicirlle «amén» ao que diga o PSOE. Supoño que terán medo a perder algo dalgunha deputación, algún carguiño. Supoño que terán medo a perder algún concello ou a que os do PSOE os chamen e lles digan: «¡Eh, quietiños!, quietiños que, ao mellor, o de Santiago cambia de cor ou facémolles ter un problema...» (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Claro, agora é verdade que alí xa pouco poden facer. Pero así funcionan vostedes, así funcionan vostedes: moi valentes aquí e moi rufos nas pancartas e nas manifestacións, pero despois, á hora de reclamar ao Goberno central, onde pedían a transferencia, conténtanse cunha bonificación e veñen aquí aplaudindo e dicindo: «¡que fantástico é!».

Non, señores. Vostedes tiñan unhas reclamacións, presentáronse a unhas eleccións cunha reclamacións, fixeron presidente a Pedro Sánchez cun pacto e cunhas reclamacións e, ao final, deixaron tirada Galicia sen cumprir absolutamente nada do que vostedes pactaron. Iso é así. (*Aplausos.*) É así e sábeno, e sábeno.

Miren, este goberno, o Goberno que vostedes apoian, fixo que sexa normalidade o incumprimento dos horarios, e por iso ampliaron os tempos de demora para recibir as indemnizacións. Quixeron tamén substituír os trens no Eixo Atlántico por outros con menor capacidade e menor velocidade, pero, como se anunciou na prensa e como houbo presión, deron marcha atrás. Querían levar os trens de Galicia para Cataluña, e vostedes, mansos e calados, aplaudían. Parecíalles moi ben. Logo vostede vai vir aquí, vaise alporizar e vaise acalorar, vai dicir que nós somos peores que eles. Pero levan sete anos gobernando —¡sete anos gobernando!—, con récord de ingresos ano tras ano e, cada ano, maltratando máis Galicia e facendo menos investimento na nosa Comunidade.

Mire, son moitas as infraestruturas que o Goberno central ten que acometer na nosa Comunidade en materia ferroviaria, e non o está facendo. É de sobra coñecida a nosa postura en relación co Plan director do corredor atlántico, porque levamos anos pelexando. Supón un investimento de oito mil millóns de euros e non sabemos absolutamente nada diso. Tampouco podemos perder de vista as melloras necesarias nas conexións da Coruña-Ferrol, da Coruña-Lugo, de Ferrol-Ribadeo e de Vigo-Ourense, nin a execución de obras, tamén importantes, para optimizar o AVE Galicia-Madrid en tempos de percorrido, como pode ser o impulso da variante exterior de Ourense; a dotación da dobre vía nos treitos, que aínda non hai; ou a mellora dos túneles do Padornelo.

Pero é que tamén hai que destacar que esas incidencias, que dicíamos que podían ser normais ao principio da posta en funcionamento do AVE, podían ser comprensibles nun primeiro momento, pero xa non o son. O malo é que todos os problemas, que antes pensabamos que serían unha cuestión conxuntural, xa son estruturais. A un servizo, ademais, completamente



ineficiente, hai que engadir un incumprimento dos compromisos adquiridos polo Goberno central, tanto en frecuencias como en termos de percorrido. Dende a chegada do AVE a Ourense, en decembro de 2021, non se incrementaron as frecuencias. Dez frecuencias por sentido tiñamos daquela e dez frecuencias por servizo temos agora. É verdade que a semana pasada anunciaron que, para o verán, ía haber unha, junha!, frecuencia máis. Ese é o gran logro do Partido Socialista para o verán, porque despois do verán supoño que desaparecerá tamén. A única diferenza que hai é que algún dos servizos que se prestaban con AVE agora préstanse con trens AVRIL, o que supón un incremento das prazas nestes casos, pero que é claramente insuficiente.

Ademais do atraso da posta en marcha e da falta de cumprimento da oferta da frecuencia e dos tempos comprometidos, o funcionamento é malo e non deixa de acumular incidencias e impuntualidades. Pero, ben, son promesas incumpridas —dicíamos— en frecuencias e en capacidade, pero tamén en cuestións tan sinxelas como, por exemplo, ese compromiso de nomear un interlocutor directo, que anunciaron o 27 de xuño e polo que aínda estamos esperando; ou que poidamos coñecer o Plan director do corredor atlántico. Presentaron un powerpoint e pretenden que con iso nós poidamos quedar satisfeitos. Non coñecemos cifras, non coñecemos prazos, non sabemos cando é o horizonte temporal dos investimentos e non sabemos absolutamente nada. Son oito mil millóns dos que non coñecemos absolutamente nada, pero eles presentan un powerpoint, que difunden tamén para os medios de comunicación, e pretenden que esa información sexa a que ten que proporcionar con iso.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor TRENOR LÓPEZ: Tampouco soubemos absolutamente nada sobre o grupo de traballo técnico que, presuntamente, o Ministerio de Transportes constituíu hai uns meses na Coruña.

En definitiva, son moitos os agravios e son moitos os maltratos no ámbito do ferrocarril na nosa Comunidade. A postura do Partido Socialista xa sabemos cal é. Dálle igual apoiarnos aquí hoxe, apoiaranos aquí e despois non fará absolutamente nada. Vostedes non sei que van facer, pero son moitas as iniciativas onde vostede reparte, tanto a un lado como ao outro. Ponse no medio e refírese ao que pasou hai unha década, hai dúas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Ao final, o que estamos a ver é que o seu Goberno socio non está a facer os investimentos que tiñan que estar xa realizados.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista, señor Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta.



Boa tarde de novo.

AP-9 e agora toca ferrocarril, señor Trenor. Imos alá.

Mire, son vostedes uns apóstolos do catastrofismo e da ocultación: do catastrofismo en relación cos demais e da ocultación no relativo ao que fan vostedes. Converten incidentes illados nunha catástrofe diaria. Di: «problemas estruturais». Iso si, os incidentes que se producen no transporte por estrada non teñen esa mesma magnitude, son aspectos mellorables. Repiten vostedes aquí que xa están traballando e non son nada de nada. Mire, vese por onde van e teñen especial predilección polo ferrocarril. ¿E sabe por que teñen especial predilección polo ferrocarril? Porque este goberno socialista deulle un cambio histórico (*Aplausos.*) —un cambio histórico, si—, en infraestruturas, en investimentos e en política de bonificacións, que incrementou o número de usuarios nunha proporción que vostedes nunca soñaron.

E, como queira que non van recoñecer este grande avance, sacan a teoría do catastrofismo, o relatorio do vitimismo e «denunciemos que somos os peor tratados polo gran presidente Pedro Sánchez». ¿Non se dá conta, señor Trenor, de que a maioría dos presidentes autonómicos do PP din o mesmo que vostede? ¡Todos están maltratados!, todos están maltratados por Pedro Sánchez. Pero ¿non se dan conta de que as infraestruturas nos sete anos de Rajoy estiveron totalmente paralizadas? Pero ¿non se dan conta de que a inexecución de Rajoy lastrou o desenvolvemento do ferrocarril neste país, en España e tamén en Galicia? Pero ¿nunca compararon vostedes as actuacións —en números concretos, jeh!— de Rajoy coas de Pedro Sánchez, tamén en Galicia? Faga a comparativa, pero non faga trampas, jeh! Faga a comparativa real.

Mire, señor Trenor, o deseño do AVE para Galicia ten marca do PP. Vostedes de memoria andan fatal. Foi unha decisión do Goberno de Fraga, esquecéndose de Lugo, de Ferrol, de Vigo e de Pontevedra, e fala vostede agora do de Vigo a Ourense, cando sempre estiveron en contra e é público e notorio. E agora veñen reclamando vostedes todo o que negaron e todo o que foron prometendo e non cumprindo. Feijóo, entre eles, porque prometeu a chegada do AVE a Lugo e Rajoy anulou o que deixou feito o ministro José Blanco.

Mire, non enganan. Esta proposición vén motivada porque o ferrocarril vive o mellor momento da historia, ¡da súa historia!, en España e tamén en Galicia, ¡por suposto que si! —aínda que vostedes o neguen—, e grazas a un compromiso do Goberno socialista.

Miren, é innegable que o ministerio traballa de maneira intensa para dotar Galicia de redes de transporte modernas e competitivas. Desde hai un ano, os novos servizos do AVE conectan Galicia con Madrid desde Vigo, Pontevedra, Vilagarcía, Santiago de Compostela e A Coruña, con paso por Ourense e A Gudiña. A ocupación dos trens AVRIL S-106 é plena, cerca do 100 por cento, o que demostra a confianza dos clientes. En canto ás prazas —vostede fala tanto do corredor Galicia-Madrid—, a partir do 9 de xuño Renfe pasará a ofertar un 90 por cento máis de media con respecto a abril de 2024, beneficiando —dado que fala moito de números— tres millóns de viaxeiros. É un gran logro, señor Trenor. ¡Claro que é un gran logro, efectivamente! Coas medidas que se adoptaron, acurtáronse tanto os tempos de traxecto como se incrementaron as frecuencias.



A realidade é que hai seis anos o transporte ferroviario en Galicia era moi inferior ao de hoxe, e isto é grazas ao Goberno de Pedro Sánchez, coa implantación dos bonos gratuítos. É unha medida histórica, sen precedentes, que vostedes nunca adoptaron cando gobernaron e que consolidou o transporte público como eixe da mobilidade en Galicia. E a resposta da cidadanía foi moi positiva. Tome nota do dato: no verán pasado 420.000 viaxeiros en Galicia, máis de 100.000 novos usuarios, e todo isto no marco das actuacións, priorizando o equilibrio territorial.

Lugo —que lles gusta moito falar de Lugo—, de feito, é unha das grandes protagonistas ferroviarias en Galicia. Non recorda o investimento de 22,3 millóns para a estación de ferrocarril da cidade, que estará rematada a finais deste ano; a intermodal da Xunta, para o ano que vén, aínda. Lugo —por iso a nosa proposta de adición, para seguir traballando na liña actual— estará conectada coa alta velocidade a través de Ourense.

Señor Trenor, as obras de modernización do tren entre Ourense e Lugo son as máis importantes que Adif ten en marcha en Galicia, con 550 millóns de euros para a renovación de 117 quilómetros. Pero non só iso —falando de Lugo—, senón que se está a desenvolver un estudo para conectalo con Santiago cunha variante de ligazón coa liña A Coruña-León, e tamén en Ferrol, con importantes melloras.

Miren, todas estas melloras están nunha proposta integral, convertendo Galicia nunha referencia de mobilidade, porque partiamos case de cero co que nos deixou o Goberno de Rajoy.

Sobre o powerpoint, ¿vostedes como presentan as actuacións? Eu miro a conselleira de Vivenda e tamén presenta cun powerpoint, e vai sumando vivendas e vivendas e vivendas...; xa veremos a ver cantas fai. Señor Trenor, o powerpoint do que fala vostede ten unha previsión de investimento de 4.560 millóns, dos que 3.350 van directos ao impulso do ferrocarril. Neste momento están licitados 1.000 millóns de euros. Se a vostede isto lle parece un powerpoint, pois siga así, porque vai bastante ben vostede.

Atendendo ás demandas dos usuarios, menos mal que veu recoñecer, timidamente, que Renfe publicou a oferta completa para os catro próximos meses, e incrementando as frecuencias. Os socialistas, precisamente, propoñemos na nosa emenda de modificación —impulsamos— que ese calendario se incremente. Espero que acepten esta modificación que propoñemos.

Polo tanto, aínda que o PP non se decate, pero tamén para que a mellora da mobilidade sexa integral, tamén a Xunta de Galicia se debe poñer a traballar en mellorar o relativo ao transporte público por estrada, que é, como ben sabe vostede...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señor Font.

O señor LÓPEZ FONT: ...—conclúo—, competencia do Goberno galego. Por iso, o noso punto de adición, que tamén espero que acepte, para a combinación do transporte por carretera co transporte ferroviario.

Pero recorde: estamos no mellor momento da historia do transporte ferroviario en España e tamén en Galicia.



Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O voceiro do Grupo Mixto renuncia á súa intervención.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidenta.

Señor Trenor, falaba vostede —e eu en moitas cousas estou de acordo— de que hai moitos problemas nos servizos de transporte. Efectivamente, falta de frecuencia, horarios que non se cumpren, avarías reiteradas e un longo etcétera. Eu ao principio pensei que falaba do Plan de transporte da Xunta, do autobús, pero vese que cando nós (*Aplausos.*) traemos estes problemas, igual que acaba de facer vostede cos do Estado, para vostedes iso é fango. Cando nós falamos disto, para vostedes é fango; cando falan vostedes, é *la verdad absoluta y la justicia divina*.

Eu non creo que sexa fango, señor Trenor; eu creo que, se nós non temos un servizo de ferrocarril axeitado neste país, pois ten falta de frecuencias; ten falta de horarios; ten falta de material rodante en boas condicións; moderno; ten falta de conexións e demais, non é unha cuestión de fango, senón unha cuestión de colonialismo, de desprezo e de subdesenvolvemento que leva a cabo o actual Goberno de España e que así o fixo dende o primeiro Goberno de España, despois da ditadura.

Realmente si llo teño dito en moitísimas ocasións: o máis parecido a un Goberno de España de esquerdas é un Goberno de España de dereitas, cando falamos destes temas. E ningún goberno do Estado cumpriu en materia de infraestruturas con este país, e aínda menos en materia de infraestruturas ferroviarias.

Vostedes traen a súa iniciativa, que está completa e con varios puntos na parte resolutiva, pero eu creo que realmente pecan de pouca ambición, señor Trenor. Efectivamente, ¿hai que recuperar as frecuencias ferroviarias eliminadas durante a pandemia? Efectivamente, pero as anteriores tamén —pero as anteriores tamén—, pois vostedes, co señor Rajoy á cabeza, foron os verdadeiros campións en quitar servizos ferroviarios a Galiza. Desas non falan, pero supoño que con esas estará vostede de acordo con que se eliminasen.

Realmente, dicíallo tamén antes a respecto da iniciativa sobre a AP-9: se realmente vostedes tivesen algún tipo de interese en que as cousas fosen mellor neste aspecto, tomarían cartas no asunto, cando gobernaron, e agora tamén, como Goberno galego, tomarían cartas no asunto. Eu a vostede só o escoitei falar —¡iso si!— de que Renfe é un desastre, de que nos marxinan, de que nos desprezan, de que nin sequera puxeron unha persoa intermediaria entre Renfe e o Goberno galego...

Cóllase do meu brazo, señor Trenor, e pidamos as transferencias de todas as competencias en materia ferroviaria. ¿Cal é o problema? Se Renfe non cumpre e se o Goberno de España



non cumpre, sexamos nós —os galegos e as galegas— quen decidamos, a través dun instrumento propio —o ente ferroviario galego—, como se fan aquí as cousas; é moi sinxelo, señor Trenor. Así, vostede non tería que vir queixarse aquí nin tería que escoitar como os demais cualificamos as súas queixas totalmente fundadas como «fango». Eliminamos un paso, pero ¡claro!, vostedes iso non o queren facer; non o queren facer porque saben que neste momento toca o que toca, antes tocou o que tocou, e mañá tocará o que tocará.

Señor Trenor, vostedes realmente non queren que Galiza teña unha vertebración do século XXI en transporte público, neste caso en materia ferroviaria; por iso nos tiveron así todos estes anos, e agora como goberna o «maldito» Pedro Sánchez, pois hai que facer o que hai que facer. Efectivamente, eu non lle resto ningún dos obxectivos que vostede puxo para como están funcionando as cousas, no día de hoxe, nos servizos ferroviarios, pero, jé que con vostedes non funcionaban mellor, señor Trenor!; non funcionaban mellor.

Só hai unha diferenza, unha vez máis, unha organización política, como é o BNG, que, dende o primeiro momento, trouxo iniciativas e propostas, e vostedes tivéronnos todo o tempo na boca porque o cincuenta por cento da súa intervención foi referida ao BNG, cuestión que me sorprende —eu terei que ir para Madrid, a ver se me dan unha carteira desas chulas porque, segundo vostedes, nós gobernamos en absolutamente todo—, pero eu a quen non escoitei nunca foi a ningún deputado nin deputada do Partido Popular, no Congreso ou no Senado, falando desta cuestión, señor Trenor. É moi sinxelo, abre calquera tipo de buscador web e ve cantas veces a nosa senadora Carme da Silva e o noso deputado no Congreso, Néstor Rego, levaron este tema en repetidas ocasións: preguntas, iniciativas en comisión, reunións co Goberno etcétera, etcétera. Mil veces máis que o Partido Popular, porque, realmente, e unha vez máis, a vostedes, do Padornelo para alá, estas cosas non lles interesan —non lles interesan—; interésanlles aquí para crear confrontación, pero, máis alá, a vostedes esta cuestión non lles interesa.

O BNG, co seu acordo de investidura co Partido Socialista —co partido que, no día de hoxe, goberna no Estado español—, conseguiu certas cousas, como a cuestión da AP-9, pero non son suficientes; nin de broma son suficientes. E o Partido Socialista ten que cumprir a súa palabra, non só dada ao BNG, senón a todos os galegos e as galegas. Pero o BNG conseguiu que se estea falando da implantación do servizo de proximidade no noso país. O Partido Popular nunca apoiou esta iniciativa, do servizo de proximidade, nin aquí ni en Madrid. O BNG tamén conseguiu que se fixesen os estudos pertinentes para conectar Santiago con Lugo por ferrocarril. ¿Iso conseguíuno o Partido Popular?; ¿fíxoo o Goberno de Rajoy? ¡Non o fixo!, e tiña maioría absoluta para facelo. ¿Por que non o fixeron, señor Trenor? ¿Por que se dedicaron simplemente a quitar frecuencias do tren, a deixar que o noso ferrocarril morrese, a pechar estacións e apeadeiros das nosas vilas?; ¿por que o fixeron?; ¿por que deixaron morrer o tren? É o mesmo que polo que malvenderon as caixas de aforros reconvertidas en bancos; é o mesmo de por que non temos moitas cousas porque, para vostedes, Galiza non importa; é simplemente un peón nun xogo de xadrez, onde Madrid sempre é o centro, e Galiza sempre —sempre— queda olvidada.

Podemos seguir falando, mil e unha veces, do que pasa co transporte público, pero, o que está claro é que, se non hai unha transferencia dos servizos, empezando polo de proximidade



e seguindo co Feve, pois, tamén hai que dar unha alternativa ao Feve... Vostede non falou absolutamente nada desta liña totalmente obsoleta e totalmente fóra da realidade, no día de hoxe. Vostedes tampouco fixeron absolutamente nada por coidala cando estiveron no Goberno. Leva case trinta anos sen ter unha modernización minimamente razoable do que deba ser unha liña fundamental para as comarcas, non só de Ferrolterra, senón tamén da súa conexión con Ribadeo. Hai moitísimas cousas das cales falar.

E se o Goberno de España é tan malo e se non fai absolutamente nada —que eu comparto iso—, entón, pidamos a transferencia, señor Trenor. Veña comigo se quere, do brazo, de *ganchete*, da man ou do que queira, firmemos e pidamos ao seu goberno que solicite a transferencia de todos os servizos ferroviarios, para que realmente, dunha vez, sexamos nós quen nos gobernemos a nós mesmos e á nós mesmas e non teñamos que andar chorando ao Goberno do Estado por absolutamente nada. Ter un sistema ferroviario robusto, contundente, e non só iso, senón que realmente vertebre o noso país, que teña na cabeza, dende o seu deseño ata a súa execución, as necesidades da sociedade galega, é totalmente fundamental. Mentres poderán seguir aquí vindo facer isto que fan, sen propostas claras, sen realmente unha contundencia necesaria para levalo a cabo, sabendo que se estiveron no Goberno estarían facendo exactamente o mesmo. E se nós trouxésemos esta iniciativa aquí, como as traíamos cando gobernaba o señor Rajoy no Goberno de España, vostedes dirían que todo o que dicimos nós é fango.

Entón, deixen realmente de converter este Parlamento nunha lameira de política da mala, de política de liorta partidista, e realmente fagan algo por este país. Acepten, dunha vez, a realidade que lle propón o BNG, que é fundamental e necesario gobernar nós as nosas infraestruturas.

Unha Galiza soberana será quen de facer que a xente poida vivir e traballar neste país e que teña uns bos servizos públicos.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda de peche, o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moitas grazas.

Señor Ríos, eu entendo que vostedes, máis alá do panfleto da UPG e dalgún outro medio de comunicación do que son vostedes accionistas, non acceden a outro tipo de información. Pero onte mesmo debateuse no Senado unha moción precisamente sobre o ferrocarril en Galicia, e a súa representante non asistiu nin sequera ao debate da Comisión.

¡Claro!, é que se non sabemos o que ocorre e se non sabemos o que fan os nosos representantes, logo dicimos esas cousas. Mire, eu teño ben claro que o señor Celso Delgado e o señor Balseiro teñen defendido máis veces o ferrocarril de Galicia en Madrid (*Aplausos.*) do que o defenderon os seus deputados e senadores. (*Aplausos.*) (*O señor Ríos Santomé nega coa*



cabeza.) ¡E non diga que non! ¡¿Que vostede non o coñeza?!, paréceme ben; ¡¿que o seu coñecemento acabe no panfleto da UPG?!, paréceme perfecto, pero non lles negue os méritos aos demais.

Mire, ¿sabe o que pasa con vostedes? Eu teño a experiencia do que foi a transferencia do litoral, na cal o Bloque Nacionalista, fronte unha reclamación de traspaso de competencias, deunos as costas. (*Escóitanse palabras que non se perciben.*) ¡Claro, si, si, si, si...!, (*Murmurios.*) e aliñáronse co Goberno, e aplaudiron incluso o recurso anticonstitucional que presentou o Goberno. ¿E que está a pasar coa AP-9?; ¿que está a pasar coa AP-9? O seu goberno amigo está bloqueando incluso que se debata no Parlamento, ¡e vostedes andan felices! Están vostedes contentos coas bonificacións, ou sexa, xa renuncian a ese traspaso. ¿Que quere, que nos metamos noutra aventura con vostedes? ¡Non, non imos facelo!; é que xa con vostedes non imos a ningún sitio; a ningún, xa llo digo.

E mire, señor Font, histórico —histórico— é que hoxe se estea debatendo a reprobación do seu ministro de Transportes tamén polo ferrocarril; a segunda vez, esta Cámara xa o reprobou. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Iso si que é histórico; nunca reprobáramos así ao ministro, pois mire, está a pasar. Iso é histórico.

Histórico é que a responsable das infraestruturas ferroviarias, hoxe, estea imputada; hoxe acábana de imputar. Histórico é que vostedes contrataron en Adif as sobriñas de Ábalos; ¡iso si que é histórico!, señor Font.

Histórico é nomear Koldo como conselleiro da empresa que ten o monopolio do servizo ferroviario en Galicia. (*Aplausos.*) ¡Iso si que é histórico, señor Font; iso si que é histórico! Xa non quero... (*Aplausos.*)

E veu vostede dicir que estamos no mellor momento da historia do ferrocarril. Será para vostedes —será para vostedes—, que compren Audis e Volvos cos recursos de todos os contribuíntes.

Pero mire, nós presentamos unha iniciativa que —creo— é sinxela; creo que se entende moi ben, ata vostedes a entenden perfectamente, que é: repoñer de xeito inmediato e sen máis dilación todas as frecuencias ferroviarias que se suprimiron; elaborar un plan de continxencia que avalíe as causas e as posibles solucións ante as frecuentes incidencias que sofren os usuarios na nosa comunidade; adoptar cantas medidas sexan necesarias para planificar os investimentos e as obras precisas para adaptar as cidades de Lugo e Ferrol de alta velocidade para que, polo tanto, as súas estacións tamén reciban os trens AVE; e cesar na discriminación que para Galicia supón as diferentes políticas de venda anticipada de Renfe.

Non queremos esperar dous, tres ou catro meses; queremos ter o mesmo que o resto das comunidades. Non é normal que en Cataluña poidas comprar billetes para Nadal e nós non poidamos compralos. ¿Por que, señor Font, vostede cre que iso é correcto?; ¿por que nós os galegos temos que ter menos dereitos que os cataláns? ¡E vostedes felices!, parécelles ben que nós non poidamos planificar as nosas viaxes.



Señorías, imos seguir defendendo para Galicia un servizo de calidade, aínda que esteamos sós, aínda que o Bloque Nacionalista se aliñe co Partido Socialista para que non teñamos eses servizos de calidade, e non imos renunciar a que os galegos...

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...teñan un transporte ferroviario áxil e eficiente.

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda.

O señor TRENOR LÓPEZ: Non, non a imos apoiar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...porque é unha emenda que se fai para enredar e que non aporta nada a esta iniciativa.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate, procedemos á votación das proposicións non de lei.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Mercedes Queixas.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da proposición no de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ao abeiro do Plan de normalización da lingua galega á vista dos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística referidos ao número de galegofalantes.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor 33; votos en contra 37; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Paloma Castro.



Foi solicitada a votación por puntos por parte do BNG. ¿Acéptao? Si. ¿Que puntos quere separar, señor Bará?

O señor BARÁ TORRES: O número 2.

O señor PRESIDENTE: O número 2.

Votamos, entón, en primeiro lugar, o punto número 2.

Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D. Carlos López Font, sobre as accións que a Xunta de Galicia debe impulsar no marco do desenvolvemento dun plan de infraestruturas verdes e de conectividade e restauración ecolóxicas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 9; votos en contra, 37; abstencións, 25.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 2.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos da proposición non de lei.

Votamos.

Votación dos demais puntos da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D. Carlos López Font, sobre as accións que a Xunta de Galicia debe impulsar no marco do desenvolvemento dun plan de infraestruturas verdes e de conectividade e restauración ecolóxicas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados os demais puntos desta proposición.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Silvia Longueira.

Acéptanse as emendas do Grupo Parlamentario Popular e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que solicita a votación por puntos.

(A señora Arias Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Si!, dean voz ao escano da señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Quería solicitar, por un lado a nosa emenda e os puntos 1 e 2, e, por outro lado, o punto 3.



O señor PRESIDENTE: Ou sexa, os puntos 1 e 2, ¿por separado? ¿Perdón?

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: A nosa emenda, que iría no corpo, e mais os puntos 1 e 2. E por outro lado, o punto 3. Queríamos separar o punto 3.

O señor PRESIDENTE: Bueno, pois entón podemos separar o punto 3 e o resto votámolo xunto.

Entón, ¿acepta vostede a votación por puntos, señora Longueira? *(A señora Longueira Castro pronuncia palabras que non se perciben.)* Dean voz ao escano da señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Agora si.

A ver, non temos maior problema, pero tampouco quero desvirtuar o sentido da moción. Quero dicir, nós temos a nosa moción, aceptamos as dúas achegas, e queremos que se aprobe así.

O señor PRESIDENTE: Bueno, claro, pero se acepta por puntos, separa un punto...

A señora LONGUEIRA CASTRO: Non, se isto supón separar por puntos, nós non queremos; queremos votar a nosa moción coas dúas achegas. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Entón, non acepta a votación por puntos; é así. Non, tal como explicou, ela quere que se vote coa súa proposta, incorporadas as dúas emendas; *(Murmurios.)* é o que quere.

Non sei, se lle queren propoñer outra cousa, aquí estase en tempo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Dean voz á señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Non, cando estivemos falando, dixo que non había problema na votación por puntos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sei se agora o ten. Nós mantemos o mesmo. De todas formas..., claro... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Non sei.

Imos ver, iso aínda se poden pór vostedes de acordo.

¿Vostede antes dixo que estaba de acordo en separar por puntos? *(A señora Longueira Castro pronuncia palabras que non se perciben.)* Non a escoito. Dean voz.

A señora LONGUEIRA CASTRO: A ver, eu díxenlle que non teño problema en que ela non queira votar a do BNG, pero quero as dúas achegas xuntas na miña.

O señor PRESIDENTE: Pero é o que lle está propoñendo.



A señora LONGUEIRA CASTRO: Pois, entón, non vai poder ser. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Claro!, ela o que lle propón é... *(Murmurios.)* que separe o punto número 3, que debe ser a emenda do BNG. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E vostede é a que decide se lle acepta iso ou non.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ¡Non,! eu non pido nada, perdón; a que pide é ela. Eu pedir non pido nada. *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Non...

A señora LONGUEIRA CASTRO: ¡Non me cambie a historia! Eu dixen que eu acepto as dúas engádegas, ¿de acordo?; eu acepto as dúas.

O señor PRESIDENTE: Non, imos ver, con calma.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Se eu teño calma.

O señor PRESIDENTE: Trátase de entendernos.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Eu entendo perfectamente.

O señor PRESIDENTE: Eu estaba no debate e vostede, no debate, dixo que aceptaba as dúas emendas.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Exactamente.

O señor PRESIDENTE: ¡Perfecto! Agora, chegado o momento da votación, a portavoz do PP pediu se se pode separar por puntos, unha vez que se aceptaron as dúas emendas.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Pois eu pode que a entendese mal, son nova nestas cuestións.

Eu non quero a separación, senón que quero as dúas xuntas. Se ela non acepta a do BNG...,

O señor PRESIDENTE: ¡Ah, bueno!

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...eu non teño nada que ver. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Ah!, pero entón, non acepta. *(Murmurios.)* En definitiva, entón, non lle está aceptando a votación por puntos. *(Murmurios.)* *(A señora Longueira Castro ri.)* Deámoslle unha boa volta para chegar a un resultado... *(Balbordo.)*

En fin. *(O señor presidente ri.)* *(Murmurios.)* ¡É así, é así! Estivemos aí falando, pero se no hai acordo, no hai acordo; non pasa nada, ¿eh? Non é a primeira vez que pasa isto.



Entón, votamos tal como dixo vostede.

Votamos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? A ver se nos aclaramos e votamos. Ela rexeitou a votación por puntos e ela aceptou as dúas emendas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Un señor deputado: ¡Non!)* ¡Si, si! *(Balbordo.)* ¡Bueno!, non compliquemos. O asunto é máis fácil do que parece.

Ela no debate dixo que aceptaba as dúas emendas. Outra cousa é que, se agora o Grupo Popular non está de acordo con iso, o que ten que facer é votar non. *(Balbordo.)* ¡Claro, non, non! Está ofertando unha transacción, e a transacción, que é separar por puntos, non lla acepta ela. *(Murmurios.)*

Entón, ¿como se arranxa isto? ¡Non, non hai transacción; por iso o digo eu! Non, non, a transacción ela aceptoulla. *(Murmurios.)* Agora, ela é moi libre de dicir que, unha vez que lla aceptou, pódolla votar ou podo non lla votar. *(Alguén ri desde o escano.)*

¿Perdón? Non a escoito, señora Arias... É que non sei.

Fale vostede, a ver se nos aclaramos logo.

(Unha señora deputada: ¡Está clarísimo!.) *(A mesma señora deputada ri.)*

Dean voz ao señor Pazos.

(O señor Pazos Couñago: Pero a ver, imos votar...)

¡Silencio, por favor!, a ver se nos aclaramos.

O señor PAZOS COUÑAGO: O Partido Popular presentou unha emenda; se se acepta a emenda, que é de substitución, evidentemente votarémola a favor. Se hai máis emendas e se aceptan, xa dixemos que nós non imos apoiar outras emendas, e, polo tanto, se hai un acordo entre as tres emendas e unha votación separada, aceptaremos que se incorpore a nosa emenda; E, se non, evidentemente, non o aceptaremos porque ese foi o cerne da negociación, e, polo tanto, votárase a proposta orixinal coa emenda de achega do BNG, pero, evidentemente, non a do Partido Popular, que é o único que estamos dicindo.

O señor PRESIDENTE: Pero, ¡é o que dixer eu! *(Diferentes señoras e señores deputados: ¡Non, non!)*

O señor PAZOS COUÑAGO: ¡Non!, estase dicindo que se acepta e que, polo tanto, imos votar a nosa. Non, non votamos a nosa...,

O señor PRESIDENTE: Non, non, eu non dixer..., non, non.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...non, porque a nosa non se aceptou nos seus termos.

O señor PRESIDENTE: ¡Non! perdón. Non imos discutir porque a cousa é clara. Eu referinme ao que se dixo no debate. A señora Longueira aceptou as dúas emendas. Chegado o momento,



agora, a señora portavoz do Grupo Popular pediu que se separase por puntos e a señora Longueira díxolle que non. Saberá o que ten que facer. *(A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores: ¡Pero teñen que retirala!) ¿Eh? (A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores: Teñen que retirar a emenda.) ¡Non!, ¿por que van ter que retirala?*

(O señor presidente diríxese a un dos letrados que está na mesa.) A ver, o letrado; ¿letrado? ¿Téñena que retirar? (A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores: ¡Claro!, teñen que retirala...)

(Pausa.)

Dime o letrado, que é polo camiño polo que debemos ir, que, se o Grupo Popular, unha vez que se aceptou a emenda, se agora non a quere votar, ten que retirala. *(Murmurios.)*

¡Díganllo a el! *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É o que di o letrado; *(Aplausos.)* é o que di o letrado. Di que se ten que retirar a emenda do Grupo Parlamentario Popular. É o que di o letrado.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

(O señor Pazos Couñago: Alcanzouse un acordo de transacción...) (Uns señores deputados: ¡Non!)

Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* ¡Silencio, por favor! ¡Silencio, por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Balbordo.)*

¡Silencio, silencio!

A ver, eu acabo de lle preguntar ao letrado e explíqueille que se aceptaron as emendas, e, se agora, chegado o momento da verdade, o Partido Popular non quere que figure a emenda do BNG —que foi aceptada e a del tamén—, e, se non quere que se vote..., o letrado díxome que a retire o Grupo Parlamentario Popular.

Dean voz ao escano do señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Señor presidente, o meu grupo presentou unha emenda. Se se acepta a emenda, acéptase nos seus termos, ¿vale? Se, ademais diso, se producen engádegas, quere dicir que houbo un acordo a maiores, e que, evidentemente, desvirtuou a emenda que nós presentamos; e, polo tanto, se se produciu esa achega, nós non temos un acordo que poidamos votar. E polo tanto, non é que a retiremos; é que, simplemente, durante unha negociación, os termos en que estaba plantexada non se aceptaron. *(A señora Prado del Río: ¡Claro!)*

O que non se pode é soste unha cousa e a contraria; o que non se pode dicir é que se acepta a emenda e que se permiten os puntos e, despois, dicir que houbo unha confusión, e, polo tanto, desvirtúase o acordo alcanzado, polo que eu pido que se diga a realidade: que é que non se acepta a nosa emenda nos seus termos e que se acepta e engádegas do BNG. ¡Nada máis!



Non imos votar en contra dunha emenda que non se aceptou nos termos en que foi formulada. E isto non é unha invención deste portavoz; isto é algo que aconteceu neste Parlamento, en moitas ocasións, e sempre se fixo así, porque —volvo repetir— hai un acordo de transacción condicionado a unha votación por puntos, o cal non se respecta agora.

¡É que, de verdade! (*Aplausos.*)

(*Pausa longa.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Bueno!, os servizos xurídicos dinme, e eu é o que transmito: primeiro, isto non é unha transacción. É o que me acaba de dicir. (*Murmurios.*) Eu traslado o que me di o letrado...

Non, ¿que quere? (*O señor presidente mira o seu reloxo.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Teremos que resolver isto antes de irmos, ¿non?, digo eu. (*Murmurios.*) Estame facendo así coa hora (*O señor presidente sinala repetidamente o seu reloxo.*) ¿Que quere que faga? Terei que resolver isto.

Entón, díxome que non é unha transacción, senón que hai un texto en que se aceptaron dúas emendas. Se, unha vez que se aceptou iso, un dos grupos non quere votala, entón, ten que retirala. (*Queixas.*) É o que me dixo o letrado (*A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores: ¡Retíraa dunha vez, por Dios!*) (*Murmurios.*) —é o que me dixo o letrado—.

Entón —como comprenderán—, eu son médico, eu voules facer caso ao que din os letrados, que saben disto. (*A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Non, non!, pero entón que quere que faga, isto non está resolto. ¡Tranquilidade! (*A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores: Eu cría que era a votación.*)

Creo que nos debemos a isto. Xa sei que todo o mundo ten présa, pero, por favor, imos resolver este asunto porque ten a súa transcendencia. (*Murmurios.*) (*A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores: ¡Ah...!, ten a súa transcendencia...*)

Si, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Non imos alongar isto.

Retiramos a emenda, e calquera posibilidade de acordo, a partir de agora, que nos sexa formulado por escrito. (*Protestas.*) (*Balbordo.*)

O señor PRESIDENTE: Ben, esa é outra historia.

Bueno, entón retirado isto, votamos tal como se dixo, coa emenda do BNG.

Votamos.



Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, sobre a demanda á Xunta de Galicia de medidas preventivas en materia de dependencia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Roberto Rodríguez.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar á Mesa do Congreso dos Deputados co obxectivo de que permita o avance da tramitación da proposición de lei orgánica relativa á transferencia a Galicia da AP-9.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Bará.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de adoptar un acordo para fomentar unha alimentación sustentable, de proximidade e de calidade na compra pública alimentaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.



O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Gonzalo Trenor.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista. Si, señor Font, ¿para que quere a palabra?

Dean voz ao escano do señor Font.

O señor LÓPEZ FONT: Solicitamos a votación separada: os puntos 1 e 2, por un lado, e o 3 e o 4, por outro.

O señor PRESIDENTE: ¿Señor Trenor?

(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.) (Risos.) (Balbordo.)

A ver, a ver, ¡vamos alá!. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A ver, ¿non? Non acepta a votación por puntos.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa mellora dos servizos ferroviarios en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 61; abstencións, 8.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Suspéndese a sesión ata ás dez da mañá.

Boa tarde.


Suspéndese a sesión ás oito e corenta e cinco minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Pérez López, José Daniel	BNG
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pérez Millares, María Magdalena	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pomar Tojo, Carmen María	P
9. Candia López, María Elena	P	47. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado Cores, María Montserrat	BNG
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Prado del Río, Paula	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Deza Martínez, María	P	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereja Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

